



CONCELLO DE VIGO

Expte.1937/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 8 de AGOSTO de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a Elena Espinosa Mangana
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día oito de agosto de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Administración Municipal, Sra. Saborido Díaz.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(604).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 30 de xullo e ordinaria do 1 de agosto de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(605).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN ACCIÓN SOLIDARIA DE GALICIA (ASDEGAL) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO E SOCIALIZACIÓN PARA AS PERSOAS MAIORES EN VIGO (2025-2028). EXPTE. 280342/301.

Visto o informe xurídico de data 18/06/2025 e o informe de fiscalización do 30/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 16/06/2025, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social e conformado

S.ord. 08/08/2025

pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. A Asociación «Acción Solidaria de Galicia – ASDEGAL» é unha asociación sen ánimo de lucro e de interese social. Naceu en febreiro de 2009 pola necesidade crecente de atención que requiren diversos sectores da sociedade, tales como anciáns en situación de soidade, persoas con discapacidade físicas ou psíquicas, persoas en risco de exclusión social e, en xeral, calquera persoa ou institución que precise de acción voluntaria para o soporte de tarefas cotiás.

Ten como finalidade ser unha canle de solidariedade para contribuír a crear unha sociedade máis xusta e humana, mediante a promoción e o desenvolvemento de programas de acción social, voluntariado e cooperación, dirixidos a persoas de calquera idade e sexo que se atopen en situación de necesidade, calquera que sexan as súas causas.

«ASDEGAL» (CIF nº G-27727593) está inscrita no rexistro autonómico da Xunta de Galicia co número 2009/13047-1 e foi declarada de Utilidade Pública pola Xunta de Galicia o 30 de marzo de 2016. Figra tamén de alta co nº E-5632 no RUEPSS e no Rexistro Municipal de Asociacións desde o ano 2009 co nº 01074-2009.

I.2. De acordo cos seus Estatutos, a Asociación ten como finalidade ser unha canle de solidariedade para contribuír a crear unha sociedade máis xusta e humana, mediante a promoción e o desenvolvemento de programas de acción social, voluntariado e cooperación, dirixidos a persoas de calquera idade e sexo que se atopen en situación de necesidade, calquera que sexan as súas causas.

I.3. Dentro das referidas actividades estatutarias, «ASDEGAL» desenvolve programas e actividades de acompañamento e socialización destinados ás persoas maiores en situación de soidade non desexada, que teñen como obxectivo contribuír ó seu benestar xeral, procurando tecer unha rede social que mellore a calidade de vida e o estado anímico destas persoas, ofrecéndolles apoio a través dos/as voluntarios/as da Asociación.

I.4. Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da Asociación «ASDEGAL» para o desenvolvemento dun Programa de acompañamento e socialización para as persoas maiores en Vigo no período 2025-2028.

I.5. O Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias está a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1937/1102

obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

I.6. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residénciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

I.7. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *«non se entenderá como exercicio de novas competencias»*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.8. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2025, 2026, 2027 e 2028), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

I.9. Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2025 existe consignación de crédito na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.23 – *Convenio ASDEGAL*, por un importe de 10.000€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As subvencións previstas para os exercicios de 2026, 2027 e 2028 (10.000€/ano) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

I.10. A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa Asociación «Acción Solidaria de Galicia – ASDEGAL» para os exercicios de 2025, 2026, 2027 e 2028.

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN ACCIÓN SOLIDARIA DE GALICIA (ASDEGAL) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO E SOCIALIZACIÓN PARA AS PERSOAS MAIORES EN VIGO – ANOS 2025-2028», de acordo co Proxecto presentado por esa entidade e a documentación que consta no Exp. nº 277380/301 (2025).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por un importe total de 40.000€, a razón de 10.000€/ano, con cargo, no exercicio de 2025, á aplicación nº 2310.480.00.23 – *Convenio ASDEGAL* do orzamento vixente. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2026, 2027 e 2028) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “*convocatoria instrumental*” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».



CONCELLO DE VIGO

Expte.1937/1102

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN ACCIÓN SOLIDARIA DE GALICIA (ASDEGAL) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO E SOCIALIZACIÓN PARA AS PERSOAS MAIORES EN VIGO – ANOS 2025-2028»

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno Local, D^a. Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

D^a. Teresa Martínez Díaz, con DNI nº 34.621.492-Y, Presidenta da Asociación «Acción Solidaria de Galicia – ASDEGAL», CIF nº G-27727593, con domicilio na rúa Areal nº 140, 2º-C desta cidade, CP 36201.

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social, Turismo e Xuventude do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturação dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, coa Resolución do 28.06.2024 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude (BOPPO n.º 133, do 09.07.2024) e coa Resolución do 20.06.2023, de delegacións xenéricas en concelleiros/as de Área de goberno e concelleiros/as delegados/as (BOPPO n.º 124, do 28.06.2023; Apdo. Primeiro, j).

D^a. Teresa Martínez Díaz, actuando en representación da Asociación «Acción Solidaria de Galicia – ASDEGAL», segundo así resulta da documentación achegada ó expediente, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que «ASDEGAL» é unha asociación sen ánimo de lucro e de interese social. Naceu en febreiro de 2009 pola necesidade crecente de atención que requiren diversos sectores da sociedade, tales como anciáns en situación de soidade, persoas con discapacidades físicas ou psíquicas, persoas en risco de exclusión social e, en xeral, calquera persoa ou institución que precise de acción voluntaria para o soporte de tarefas cotiás.

Ten como finalidade ser unha canle de solidariedade para contribuír a crear unha sociedade máis xusta e humana, mediante a promoción e o desenvolvemento de programas de acción social, voluntariado e cooperación, dirixidos a persoas de calquera idade e sexo que se atopen en situación de necesidade, calquera que sexan as súas causas.

Na actualidade conta cun total de 487 voluntarios (223, de Vigo) e colabora directamente con traballadoras/es sociais de distintos concellos, centros de saúde e hospitais, así como con orientadores de centros escolares dentro do territorio galego.

A Asociación «ASDEGAL» está inscrita no rexistro autonómico da Xunta de Galicia co número 2009/13047-1 e foi declarada de Utilidade Pública pola Xunta de Galicia o 30 de marzo de 2016. Figura tamén de alta co nº E-5632 no RUEPSS, co nº 0-551 no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia e no Rexistro Municipal de Asociacións desde o ano 2009 co nº 01074-2009.

II.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun amplo colectivo de persoas maiores na cidade que teñen a necesidade de acudir a este tipo de programas para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, constitúe un complemento idóneo dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello para as persoas maiores como son o “Servizo de Axuda no Fogar” (SAF), o Programa “Xantar na Casa”, o Servizo de Teleasistencia domiciliaria, as actividades do “Programa de Avellentamento activo”, etc.

III.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»*; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residénciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da L.27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1937/1102

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

IV.- Que, ademais, a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

V.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VI.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da Asociación «ASDEGAL» para o desenvolvemento dun Programa de acompañamento e socialización para as persoas maiores en Vigo no periodo 2025-2028.

SEGUNDA.- O obxectivo xeral deste Programa é o de contribuír ó benestar das persoas maiores en Vigo que estean en situación de aillamento ou soidade e/ou teñan dificultades físicas ou psíquicas, ofrecéndolles apoio afectivo a través da acción de voluntarios/as cualificados/as.

Como obxectivos específicos establécense:

- a) Proporcionar acompañamento afectivo individualizado a domicilio e/ou telefónico a persoas maiores en situación de soidade e aillamento social.
- b) Favorecer a participación das persoas maiores en actividades grupais adaptadas ás súas necesidades e que lles permitan saír do seu aillamento e ampliar a súa rede social.

O Programa inclúe as seguintes actividades/subprogramas:

- Acompañamento a domicilio: consiste en visitas periódicas dun/unha voluntario/a a unha persoa maior que vive e/ou se sente soa. De ser o caso, o acompañamento realizaríase telefonicamente.
- Programa de socialización: os/as voluntarios/as, organizados/as en equipos de acción, promoven a súa participación en encontros de barrio onde reúnen a persoas maiores e voluntarias para compartir charlas, café, etc. Estes encontros promoven o contacto interxeneracional e axuda ás persoas maiores a sentirse integradas e parte da comunidade. Inclúe tamén saídas culturais e excursións co fin de favorecer a ampliación da rede social das persoas maiores.

TERCEIRA.- «ASDEGAL» comprométese tamén a:

- Ofrecer o Programa de acompañamento e socialización ás persoas maiores derivadas polos servizos sociais municipais, de acordo cos protocolos de derivación aplicables. O número de usuarios/as derivados/as estímase en 25 e o total de horas anuais estimadas de acompañamento (para un máximo de 50 usuarios/as) en 5.000 horas.
- Manter unha axeitada coordinación coas traballadoras sociais de Benestar social e coa responsable técnica municipal do Programa.
- Colaborar, dentro das súas posibilidades, na coordinación dos recursos sociais incluíndo os datos da actividade na plataforma informática administrada polo Servizo de Benestar social do Concello de Vigo, cando estea operativa.
- Someterse á normativa vixente en cada momento na materias propias da súa actividade e que afecten tanto ás persoas maiores beneficiarias do Programa como ó seu persoal, contratado ou voluntario, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.
- Cumprir os demais compromisos contidos no proxecto presentado pola Asociación, que consta no Exp. nº 277380/301.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1937/1102

CUARTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Asociación «ASDEGAL» unha subvención para cada un dos exercicios de 2025, 2026, 2027 e 2028 por importe de 10.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 40.000€. O gasto de 2025 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.23 – *Convenio ASDEGAL*. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2026, 2027 e 2028) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

1. No ano 2025, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2026, 2027 e 2028, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior¹. Ó concurrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
2. O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que

1 A Memoria deberá incluír necesariamente, entre outros, os datos completos relativos ó número de persoas usuarias derivadas ó Programa polos servizos sociais municipais que foron beneficiarias das actividades de acompañamento e socialización obxecto deste Convenio e o número de horas desas actividades efectivamente realizadas.

financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducirán na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

OITAVA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2025 – 2028), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

NOVENA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO PRIMEIRA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous/dúas representantes de «ASDEGAL» e dous/dúas técnicos/as municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área.

DÉCIMO SEGUNDA.- A Fundación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro exercicios (2025, 2026, 2027 e 2028) a documentación xustificativa do cumprimento



CONCELLO DE VIGO

Expte.1937/1102

da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total “é o reflectido” (Base 38.4.B] execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro).

Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1937/1102

DÉCIMO NOVENA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexeráse pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

3(606).- RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO MERCADO MUNICIPAL DE CABRAL. EXPTE. 10886/106. Visto o informe de fiscalización de data 30/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 23/07/2025, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e conformado pola secretaria de Administración Municipal, a letrada xefa do Servizo de Asesoría Xurídica, a concelleira delegada de Comercio e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con rexistro de entrada núm. R20250016950 e R20250016945, de 18 de febreiro, a Asociación de Comerciantes do Mercado de Cabral, con CIF G36786952, solicita a resolución por mutuo acordo do contrato de xestión e explotación do servizo público do mercado municipal de Cabral, outorgado en réxime de concesión administrativa, formalizado en contrato administrativo o 14.12.1998, e prorrogado en sesión da Xunta de Goberno Local de 28.07.2022.

Consta certificado do acordo adoptado por dita Asociación en sesión celebrada o 27.01.2025 cuido literal é:

“D. JORGE IGLESIAS DOMINGUEZ, con DNI 77001129G, en calidade de secretario da Asociación de Comerciantes do Mercado de Cabral, con CIF G36786952, CERTIFICO que na sesión celebrada o 27.01.2025, por unanimidade dos presentes, adoptouse o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Solicitar ao concello de Vigo a resolución por mutuo acordo do contrato de xestión e explotación do servizo público do mercado municipal de Cabral, outorgado en réxime de concesión administrativa, formalizado en contrato administrativo o 14.12.1998, e prorrogado en sesión da Xunta de Goberno Local de 28.07.2022.

Todo elo, en base ao artigo 76. 7 da Lei de Contratos del Estado, texto articulado aprobado por Decreto 923/1965, de 8 de abril (en adelante LCE) modificada pola Lei 5/1973, de Contratos do Estado, normativa aplicable na data de adxudicación do contrato (03.07.1997).

E para que así conste, asino a presente certificación co Vª e Prace da Presidencia”.

SEGUNDO.- Con data 22.05.2025 a secretaria de administración municipal emite informe xurídico cuido tenor literal é:

“Para examinar á conformidade ca lexislación á solicitude presentada hai que analizar o réxime xurídico aplicable á resolución do contrato polo que haberá que estar ao disposto no prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato e a normativa aplicable na data de adxudicación deste que, ao ter lugar o 3.07.1997, está constituída pola Lei de Contratos del Estado, texto articulado, aprobado por Decreto 923/1965, de 8 de abril (en adelante LCE) modificada pola Lei 5/1973, de Contratos do Estado, e o seu Regulamento (RCE), aprobado por Decreto 3410/1975, así como ás disposicións locais vixentes en dita data; o Regulamento de Contratación das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 9 de xaneiro de 1953, o Regulamento de Servizos das Corporacións locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955, e o Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Decreto de 27 de maio de 1952.

Requirido informe sobre o estado actual e de conservación do Mercado de Cabral (edificacións, instalacións, espazos e superficies comúns) aos arquitectos municipais, con data 12.05.2025 informouse:

“Xirada visita de inspección con data 12/05/2025 compróbase que a edificación, instalacións e espazos comúns nos que se atopaba o Mercado de Cabral están en bo estado de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1937/1102

conservación considerando que acolleu actividade comercial ata fai poucos meses e que os postos xa foron desmontados polo que a día de hoxe non se desenvolve actividade algunha nesta edificación.

Consideramos que, dende o punto de vista técnico, o edificio atópase nun estado de conservación que permite que poida ser recibido polo Concello de Vigo de tal xeito que se exima á Asociación de Comerciantes das obrigas de mantemento derivadas da relación contractual vixente”.

Respecto á extinción da concesión, a cláusula XIV dos pregos remite ao establecido legal e regulamentariamente na normativa aplicable na concesión administrativa de servizos.

A LCE aplicable daquela regulaba no artigo 76 as causas de extinción dos contratos de xestión de servizos públicos e entre elas, o punto 7, establecía o “mutuo acordo da administración e o empresario”.

Estando a administración conforme ca resolución contractual solicitada e dado que non existen danos nas instalacións e espazos comúns obxecto de concesión, só quedaría por determinar se o adxudicatario atópase ao corrente co pago do canon da concesión, que ascendía a mil pesetas/ano durante o período concesional polo que deberá requirirse á tesourería municipal informe sobre este extremo.

No caso non ter débedas co concello, podería extinguirse a concesión da xestión e explotación do mercado de Cabral, por mutuo acordo entre o concello de Vigo e o concesionario, a Asociación de Comerciantes do Mercado de Cabral, con CIF G36786952, e procedería a devolución da fianza depositada no seu día.

Respecto ao órgano competente para a adopción do acordo, se ben o prego determina como órgano de contratación o Pleno, trala entrada en vigor da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para la modernización do goberno local que modificou a LRBRL introducindo un novo título X de la LRBRL relativo ao réxime orgánico específico para os municipios de gran poboación, e a competencia en materia de contratación atribuíuse á Xunta de Goberno local (artigo 127.1.f) da LRBRL).

Non obstante, actualmente, trala derogación pola Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do Sector Público do artigo 127, apartado 1, la letra f) a competencia en materia de contratación nas entidades locais ven regulado na lexislación básica en materia de contratación que actualmente corresponde a LCSP que na DA 2a. 11 da LCSP determina que a competencia en materia de contratación nos municipios de gran poboación corresponde á Xunta de Goberno Local calquera que sexa o importe do contrato ou a duración do mesmo.

Polo tanto, queda fóra de toda dúbida a competencia da Xunta de Goberno Local na adopción do acordo”.

TERCEIRO.- Con data 29.05.2025 emítase informe pola tesourería municipal indicando que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DEL MERCADO DE CABRAL, con NIF G36786952,

non ten, ao día da data, débedas de natureza tributaria co Concello de Vigo en período executivo.

Polo exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Extinguir por mutuo acordo, e sen imposición de penalidades, a concesión da xestión e explotación do mercado de Cabral, por mutuo acordo entre o concello de Vigo e o concesionario, a Asociación de Comerciantes do Mercado de Cabral, con CIF G36786952.

SEGUNDO.- Declarar a extinción do contrato de concesión demanial pola resolución deste.

TERCEIRO.- Devolver a garantía definitiva depositada que ascende á cantidade de 100.000,00 pesetas (601,01 €).

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo á Asociación de Comerciantes do Mercado de Cabral, á intervención e á tesourería municipal.

Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso de reposición ante o órgano que o ditou, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso- Administrativo de Vigo, nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(607).- ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “REHABILITACIÓN DA ENVOLVENTE EXTERIOR DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PRTR”. EXPTE. 2005/441.

Visto o informe de fiscalización do 01/08/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada en data 31/07/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto do servizo de redacción do proxecto de execución das obras de “Rehabilitación da envolvente exterior da Casa Consistorial do Concello de Vigo no marco do PRTR” (2.005-441) (emenda documentación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014



CONCELLO DE VIGO

Expte.1937/1102

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo de redacción do proxecto de execución das obras de “Rehabilitación da envolvente exterior da Casa Consistorial do Concello de Vigo no marco do PRTR” (2.005-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 15 de novembro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do “SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO DAS OBRAS DE “REHABILITACIÓN DA ENVOLVENTE EXTERIOR DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PRTR.”.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos e polo Xefe de Área de Servizos Xerais en data 20.06.2024.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 25.10.2024.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe total de CIENTO SETENTA E TRES MIL NOVECENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (173.975,92 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 30.194,17 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 9330.632.00.27, proxecto de gasto 24933027, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	17.397,59 €
2025	156.578,33 €

Quinto.- Para posibilitar a execución do contrato proxectado, conforme ao cronograma de traballo previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido

da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 900 %.

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 30 de xuño de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 27 de xuño de 2025, dos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar o limiar mínimo de puntuación establecido no apartado 7.A) do Anexo I -FEC- do PCAP:

1. ANTEA IBEROLATAM, S.L.U.
2. G.O.C., S.A.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo de redacción do proxecto de execución das obras de: “Rehabilitación da envolvente exterior da Casa Consistorial do Concello de Vigo no marco do PRTR” (2005-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	UTE IRISARRI-PIÑERA SLP (50 %) - PABLO MENÉNDEZ, SLU (50 %)	82,15 puntos

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE IRISARRI-PIÑERA SLP (50 %) - PABLO MENÉNDEZ, SLU (50 %), para que presente, no prazo de dez días hábiles , a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.
3. Certificado positivo de débedas da ATRIGA ao non ser posible, por cuestións técnicas, a súa comprobación de oficio por esta administración.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1937/1102

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE IRISARRI-PIÑERA, S.L.P. - PABLO MENÉNDEZ, S.L.U., o día 30 de xuño de 2025, que presenta a documentación requirida o 11 e 13 de xullo, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 18 de xullo de 2025, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgarlle un prazo de 3 días naturais para que puidese emendar a documentación relativa á débedas con Concello de Vigo, á solvencia técnica, á solvencia de terceiros e aos medios persoais. Durante o prazo concedido a licitadora presenta nova documentación en prazo os días 23 e 24 de xullo de 2025.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 31 de xullo de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE IRISARRI-PIÑERA, S.L.P. - PABLO MENÉNDEZ, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE IRISARRI-PIÑERA, S.L.P. - PABLO MENÉNDEZ, S.L.U., de conformidade co informe de

valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor de data 26 de xuño de 2025 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 27 de xuño de 2025, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliábel a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación, na sesión do 27 de xuño de 2025, dos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar o limiar mínimo de puntuación establecido no apartado 7.A) do Anexo I -FEC- do PCAP:

1. ANTEA IBEROLATAM, S.L.U.
2. G.O.C., S.A.

Segundo.- Adxudicar á UTE IRISARRI-PIÑERA, S.L.P. - PABLO MENÉNDEZ, S.L.U. o procedemento aberto do servizo de redacción do proxecto de execución das obras de “Rehabilitación da envolvente exterior da Casa Consistorial do Concello de Vigo no marco do PRTR” (2.005-441) por un prezo total de 156.578,33 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 27.174,75 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(608).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS". EXPTE. 2196/441.

Visto o informe de fiscalización do 31/07/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación



CONCELLO DE VIGO

Expte.1937/1102

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Mellora da piscina municipal de Teis" (2.196-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Mellora da piscina municipal de Teis" (2.196-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 28 de febreiro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do "SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DE "MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS", cun orzamento orzamento base de licitación ascende a un total de "SESENTA E CATRO MIL SETECENTOS NOVENTA E CINCO EUROS con CINCUENTA" (64.795,50 €), segundo a distribución de anualidades proposta:

2025	16.198,87 €
2026	38.877,30 €
2027	9.719,33 €
TOTAL	64.795,50 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira Industrial e polo Xefe de Área de Servizos Xerais en data 27.12.2024.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27.01.2025.

Cuarto.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3420/6320015 (PISCINA TEIS) - proxecto de gasto 22342009- por importe de 16.198,87 € e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2026 e 2027, na aplicación

orxamentaria 3420/6320015 crédito por importe de 38.877,30 € e 9.719,33 € respectivamente.

Quinto.- Para posibilitar a execución do contrato proxectado, conforme ao cronograma de traballo previsto e ás disponibilidades orxamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 240 % e para a terceira anualidade nun 60%.

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 9 de xullo de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados pola enxeñeira industrial de Vías e Obras o 3 de xullo de 2025:

1. BUREAU VERITAS SOLUTIONS IBERIA, SLU
2. TEPRIL, SL

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Mellora da piscina municipal de Teis" (2196-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ATENEA, SAU	79,90
2	INCOPE CONSULTORES, SL	79,30
3	INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, SL	77,61
4	ELETREINTAYUNO	74,48
5	AGORA INGENIERIA, SERVICIOS Y PREVENCIÓN, SL	64,88
6	NORMANSYS, SL	62,15

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ATENEA, SAU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



CONCELLO DE VIGO

Expte.1937/1102

1. *A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE S.A.U., o día 10 de xullo de 2025, que presenta a documentación requirida o 21 de xullo, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución da licitadora, a escritura de ampliación e modificación do obxecto social, xunto cos estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (27.214,11 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (27.214,11 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Seguro de caución por un importe de 2.184,75 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o xustificante de depósito da Tesourería Municipal.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 31 de xullo de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos

licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE S.A.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábles mediante fórmula, de datas 17 de xuño e 4 de xullo de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón da resolución do 9 de xullo de 2025 da concelleira da Área de Goberno de Contratación (resolución da Alcaldía do 28.06.2024 e acordo de delegación da Xunta de Goberno local do 13.06.2025) pola que se exclúe deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados pola enxeñeira industrial de Vías e Obras o 3 de xullo de 2025:

- 1. BUREAU VERITAS SOLUTIONS IBERIA, SLU*
- 2. TEPRIL, SL*

Segundo.- Adxudicar a ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE S.A.U. (A-82.876.905) o procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de “Mellora da piscina municipal de Teis” (2.196-441) por un prezo total de 52.870,95 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.175,95 euros.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1937/1102

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(609).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS DE BEADE, BEMBRIVE, CABRAL, CANDEÁN, LAVADORES, PEREIRÓ, TEIS E ZAMÁNS. EXPTE. 13543/255.

Visto o informe de fiscalización do 31/07/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns (13.543-255)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns (13.543-255)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 31 de marzo de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a prestación do “servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns do Concello de Vigo, expte. 13543/255.”

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, asinado dixitalmente polo xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo o 7/02/2025, que ten incorporados os anexos I, II e III.

TERCEIRO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente pola técnica de administración xeral e pola xefa do Servizo de Contratación o 25/02/2025.

CUARTO.- Autorizar o gasto de 49.220,49€ (IVE 21% engadido) para o ano 2025 (período 16/11/2025 ó 31/12/2025), sendo o importe do gasto de 400.197,54€ (IVE 21% engadido) para o ano 2026, 406.758,95€ (IVE 21% engadido) para o ano 2027, 413.451,58€ (IVE 21% engadido) para o ano 2028, 367.743,32€ (IVE 21% engadido) para o ano 2029 (período 01/01/2029 ó 15/11/2029), subordinado á existencia do crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos ao abeiro do establecido no artigo 174 do Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, con cargo á partida orzamentaria 1640.227.99.00 “Mantemento Xardíns Cemiterios”. O Importe total do contrato é de 1.637.371,88€, IVE 21% engadido (1.353.199,90€ importe sen IVE e 284.171,98€ importe da cota do IVE).

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previsto na LCSP”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 9 de xullo de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns (13543-255) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	99,26
2	SAMYL FACILITY SERVICES, SL	81,20

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



CONCELLO DE VIGO

Expte.1937/1102

1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o día 10 de xullo de 2025, que presenta a documentación requirida os días 16 e 18, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura o poder de representación. Solicitouse de oficio e consta anexado ao expediente certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figuran o obxecto social, o poder de representación coa identificación do apoderado, así como os certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa AEAT e a ATRIGA, así como coa TXSS.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (286.540,08 €) presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (286.540,08 €) presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Seguro de caución por un importe de 61.232,30 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente xustificante de depósito da Tesourería Municipal.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 31 de xullo de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábles mediante fórmula, de datas 30 de xuño e 4 de xullo de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns (13.543-255) por un prezo total de 1.481.821,55 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 257.175,64 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO



CONCELLO DE VIGO

Expte.1937/1102

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(610).- TOMAR RAZÓN DA SUCESIÓN DO CONTRATISTA (TRANSMISIÓN DE EMPRESA) OUTORGADA POR SACAFERRO, S.L. POR COMPRAVENDA DA TOTALIDADE DAS PARTICIPACIÓNS SOCIAIS A FAVOR DE ESCENA EVENTOS, S.L. EXPTE. 7098/241.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 05/08/2025, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 14 de xuño de 2024, acordou adxudicar a SACAFERRO, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e responsable dos contratos relacionados coa organización dos eventos do servizo de festas (10.155-335).

O contrato formalizouse o 9 de xullo de 2024, por un prazo de 1 ano, contado a partir do día seguinte. Contémplanse 4 prórrogas dun ano de duración cada unha.

Por acordo do 11 de abril de 2025, a Xunta de Goberno local autorizou a 1ª prórroga por un período de 1 ano, comprendido entre o 10 de xullo de 2025 e o 9 de xullo de 2026 (10.399-335)

Segundo.- A Xunta de Goberno local, na sesión do, 16 de febreiro de 2023, acordou adxudicar a SACAFERRO, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19.277-101).

O contrato formalizouse o 20 de febreiro, por un prazo de 1 ano, contado a partir do día seguinte. Establécense 3 prórrogas dun ano de duración cada unha.

Con data do 16 de febreiro de 2024 a Xunta de Goberno Local acordou a primeira prórroga e o 31 de xaneiro de 2025 autorizouse a segunda polo período comprendido entre os días 21 de febreiro de 2025 e o 20 de febreiro de 2026.

Terceiro.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 20 de agosto de 2021, acordou adxudicar a SACAFERRO, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica para a realización dun máximo de eventos institucionais organizados pola Alcaldía do Concello de Vigo (18.386-101).

O contrato formalizouse o 15 de setembro de 2021, por un prazo de 1 ano, contado a partir do día seguinte. Están contempladas tres prórrogas de un ano cada unha.

O contrato foi prorrogado mediante acordos da Xunta de Goberno local do 1 de setembro de 2022 (primeira prórroga), do 1 de setembro de 2023 (segunda prórroga) e do 13 de setembro de 2024 (terceira prórroga) polo período comprendido entre o día 16 de setembro do 2024 ao 15 de setembro de 2025.

Cuarto.- Con data do 30 de abril de 2025, D^a. Ana Belén Caamaño Villar, en representación de SACAFERRO, S.L. presenta escrito (documento nº 250099560), no que comunica o cambio de accionariado e administración da empresa (7.098-241)

A este escrito achega o 7 de maio de 2025 (documento nº 250106322) a escritura de compraventa de participacións sociais e adopción de acordos sociais outorgada por SACAFERRO, S.L. a favor da empresa ESCENA EVENTOS, S.L. Xunto coa transmisión de todas as participacións sociais por parte da empresa ESCENA EVENTOS, S.L., acordouse o cesamento de administradores solidarios (D. Alberto Comesaña Rial e D. David Melero Fuentes) e o nomeamento de tres novos administradores solidarios (D^a. Ana Belén Caamaño Villar, D. David González González e D. Fernando González González) e a declaración de unipersonalidade da empresa.

Quinto.- Con data do 29 de xullo de 2025 requírese a SACAFERRO, S.L. a presentación dunha declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar así como a comunicación ao Concello de posibles cambios no delegado de contratista nomeado con carácter previo á adxudicación do contrato.

Sexto.- O 3 de agosto de 2025, mediante documento nº 250211623, D^a. Ana María Caamaño Villar, en representación de Sacafarro, S.L., achega declaración de non estar incurso en prohibición de contratar e comunicación ao Concello de que non se produciron cambios no delegado de contratista nomeado con carácter previo á adxudicación do contrato.

Sétimo.- Constan no expediente os certificados e xustificantes de SACAFERRO, S.L. de non existencia de débedas tributarias coa AEAT, ATRIGA e a facenda municipal, e coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS JURÍDICOS



CONCELLO DE VIGO

Expte.1937/1102

Primeiro.- Segundo o artigo 98 “*Supostos de sucesión do contratista*” da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público “*nos casos de escisión, aportación ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o contrato coa entidade á que se atribúe o contrato, que se subrogará nos dereitos e obrigas derivados dela, sempre que cumpra as condicións de capacidade, ausencia de prohibición para contratar e a solvencia requirida ao acordar a adxudicación ou que as distintas empresas beneficiarias das operacións mencionadas e, se subsisten, a empresa da que proceden os activos, empresas ou sucursais segregadas, son responsables solidarios da execución do contrato. Se a subrogación non se puidese producir porque a entidade á que se atribúe o contrato non reúne as condicións de solvencia necesarias, rescindirase o contrato, considerándose a todos os efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario.*

Para os efectos anteriores a empresa deberá comunicar ao órgano de contratación a circunstancia que se tivese producido.

Cando como consecuencia das operacións mercantís a que se refire o parágrafo primeiro se lle atribúe o contrato a unha entidade distinta, a garantía definitiva poderá ser, a criterio da entidade outorgante, renovada ou reemprazada por unha nova garantía que se subscriba pola nova entidade téndose en conta as especiais características do risco que constituía esta última entidade. Neste caso, a antiga garantía definitiva conservará a súa vixencia ata que estea constituída a nova garantía”.

Resulta acreditado no expediente que SACAFERRO, S.L. reúne as condicións de capacidade, ausencia de prohibición de contratar e a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación:

- Capacidade e solvencia: ao non producirse un cambio de personalidade xurídica tras a operación mercantil, o contratista posúe a capacidade e solvencia que foron acreditadas con carácter previo á adxudicación deste contrato nos expedientes. 10.155-335, 19.277-101 e 18.386-101.
- Non estar incurso a empresa en prohibición de contratar: a declaración responsable foi presentada con data do 3 de agosto de 2025.

Previo requirimento do Servizo de Contratación, o contratista comunicou que non se produciron cambios no delegado nomeado con carácter previo á adxudicación dos correspondentes contratos.

A empresa cumpriu co deber de comunicar a transmisión ao órgano de contratación. En relación coas garantías definitivas, dado que a operación mercantil non atribúe o contrato a unha entidade distinta, non procede a súa renovación ou reemprazo.

Foron incorporados polo Servizo de Contratación certificados de non existencia de débedas tributarias coa AEAT, ATRIGA e a facenda municipal, e coa Seguridade Social.

Segundo.- A competencia para a adopción deste acordo correspóndelle á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP).

En base ás anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1. Tomar razón da sucesión do contratista (transmisión de empresa) outorgada por SACAFERRO, S.L. por compraventa da totalidade das participacións sociais a favor de ESCENA EVENTOS, S.L. que afecta aos seguintes contratos:

- Servizo de asesoramento e responsable dos contratos relacionados coa organización dos eventos do servizo de festas (10.155-335), adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local do 14 de xuño de 2024.*
- Servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19.277-101), adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local do 16 de febreiro de 2023.*
- Servizo de produción técnica para a realización dun máximo de eventos institucionais organizados pola Alcaldía do Concello de Vigo (18.386-101), adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local do 20 de agosto de 2021.*

2. Notificar este acordo ao interesado e comunicar aos responsables do contratos”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(611).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLA ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS NA CIDADE DE VIGO AÑO 2025. EXPTE. 24507/333.

Visto o informe xurídico de data 26/06/2025 e o informe de fiscalización do 31/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 25/06/2025, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivos e conformado polo concelleiro delegado e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I- ANTECEDENTES:

Vista a proposta do 20.06.25 da comisión de valoración (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro Delegado de Deportes, o Xefe de servizo-director deportivo do servizo de deportes, e o Técnico deportivo do servizo de deportes, como secretario, e consonte o establecido na cláusula 14ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

Na cláusula 8ª das bases da convocatoria establécese que importe destinado a estas subvencións distribuirase en orde de prelación, ata esgotar o crédito dispoñible, entre entidades deportivas que,



CONCELLO DE VIGO

Expte.1937/1102

por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, de acordo cos criterios previstos no apartado anterior, na que se detallan os criterios a puntuar para a concesión das subvencións, sobre un máximo de 47 puntos excluíndose aquelas subvencións que non alcancen unha puntuación mínima de 25, establecéndose do seguinte xeito:

1.- Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 47 puntos.

Serán excluídos aqueles proxectos que non alcancen a puntuación mínima de 25 puntos.

1.1.- % Financiamento recursos distintos á subvención do Concello

≥80%	10 puntos
≥70%	7 puntos
≥50%	5 puntos

1.2.- Orzamento de gastos

≥ 80.000€	10 puntos
≥ 50.000€	8 puntos
≥ 30.000€	5 puntos

1.3.- Días de competición efectiva

5 o máis días	8 puntos
De 3 a 4 días	5 puntos
2 días	3 puntos
1 día	2 puntos

1.4.- Tipo de competición.

Campionato do Mundo/Europa	8 puntos
Proba de Copa do Mundo/Europa	6 puntos
Circuito Internacional Oficial	5 puntos
Resto de eventos	1 punto

1.5.- Nº de edicións celebradas (Certificado pola Federación correspondente).

16 o máis edicións	3 puntos
De 11 a 15 edicións	2 puntos
De 6 a 10 edicións	1 puntos
<5 edicións	0 puntos

1.6.- Participación

≥ 150 deportistas	8 puntos
≥ 75 deportistas	5 puntos
≥ 50 deportistas	3 puntos

< 50 deportistas	0 puntos
------------------	----------

Sobre as solicitudes presentadas:

A esta convocatoria presentáronse un total de 6 solicitudes, das que se admitiron definitivamente 4 e rexeitáronse 2 por diferentes motivos segundo se detalla no anexo II.

A comisión de valoración das solicitudes presentadas comprobou e acreditou ademais a vixencia e validez dos documentos acreditativos de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo, coa Seguridade Social, a facenda autonómica e a AEAT, solicitados e presentados polas entidades solicitantes.

No anexo I relaciónanse os importes propostos correspondentes a cada unha das entidades solicitantes de subvención admitidas no proceso.

Solicitudes admitidas: Informe de motivación

Da documentación avaliada pola comisión de valoración se desprende que as entidades admitidas, detalladas no anexo I, cumpren cos requisitos da convocatoria establecidos na base quinta:

- Son clubs deportivos, asociacións deportivas, agrupacións deportivas e Federacións deportivas Galegas, integradas en Federacións deportivas:

ENTIDADE	CIF	TIPO ENTIDADE	FEDERACIÓN
O GROVE RACKET CLUB	G10571883	CLUB DEPORTIVO	FED. DE TENIS
FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS	G15102767	FEDERACIÓN DEPORTIVA	FED. DE TENIS
REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO	G36612752	CLUB DEPORTIVO	FED. DE VELA
ASOC. AUGAS ABERTAS GALICIA	G27742386	ASOCIACIÓN DEPORTIVA	FED. DE TRIATLÓN

- Desenvolven os seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.
- Teñen personalidade xurídica propia.
- Carecen de ánimo de lucro.
- Eventos con orzamentos de gastos iguais ou superiores a 30.000,00€.

ENTIDADE	CIF	ORZAMENTO
O GROVE RACKET CLUB	G10571883	70.100,00 €
FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS	G15102767	50.350,00 €
REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO	G36612752	42.000,00 €
ASOC. AUGAS ABERTAS GALICIA	G27742386	62.000,00 €

- Obteñen unha puntuación mínima de 25 puntos nos criterios de valoración.

ENTIDADE	CIF	PUNTUACIÓN CRITERIOS
O GROVE RACKET CLUB	G10571883	39
FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS	G15102767	39
REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO	G36612752	36
ASOC. AUGAS ABERTAS GALICIA	G27742386	31

Solicitudes rexeitadas:

Tendo en conta a documentación presentada polas entidades solicitantes de subvención, a comisión de valoración encargada da avaliación das solicitudes, acordou rexeitar as solicitudes que a continuación se detallan xunto cos motivos que o razoan:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1937/1102

- Por non cumprir co requisito de ter un orzamento mínimo de 30.000,00€:

ENTIDADE	CIF	EXPEDIENTE	EVENTO
CLUB PETANCA DO LUME	G36852671	24853-333	TORNEO CIDADE DE VIGO
CLUB CICLISTA TEIS	G36754323	24582-333	GRAN PREMIO CICLISTA DE TEIS

Por todo o dito anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Outorgar as subvencións ós clubs relacionados segundo consta no Anexo I, por un importe total de 40.000,00€, con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.01 do orzamento do 2025, correspondentes á resolución da Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola organización de eventos deportivos na cidade de Vigo no ano 2025.

Segundo.- Rexeitar as solicitudes das entidades detalladas no anexo II polos motivos indicados no dito anexo.

Terceiro.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE ENTIDADES E SUBVENCÍONS ACADADAS POLAS MESMAS NA “CONVOCATORIA SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLA ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS NA CIDADE DE VIGO NO ANO 2025

ENTIDADE	CIF	EXPEDIEN-TE	EVENTO	IMPORTE SO-LICITADO	1.1. %FINAN-CIAMIENTO MUNICIPAL	PUN-TOS 1.1.	1.2. ORZA-MENTO GASTOS	PUN-TOS 1.2	1.3. DÍAS COMPETI-CIÓN	PUNTOS 1.3.	1.4. TIPO COM-PETICIÓN	PUNTOS 1.4.	1.5. N.º EDICIÓN	PUNTOS 1.5.	1.6. PARTICIPA-CIÓN	PUNTOS 1.6.	TOTAL PUNTOS	IMPORTE SUBVENCIÓN
O GROVE RACKET CLUB	G10571883	24845-333	VIGO TENNIS OPEN 2025	10.000,00 €	14,27 %	10	70.100,00 €	8	8	8	CIRCUÍTO INTERNA-CIONAL	5	5	0	600	8	39	10.000,00 €
FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS	G15109267	24806-333	TORNEO INTERNACIO-NAL TENIS FEMININO	10.000,00 €	19,10 %	10	52.350,00 €	8	8	8	CIRCUÍTO INTERNA-CIONAL	5	27	3	112	5	39	10.000,00 €
REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO	G36612752	24851-333	SEMANA DO ATLÁNTICO DE VELA	10.000,00 €	23,81 %	7	42.000,00 €	5	7	8	CIRCUÍTO INTERNA-CIONAL	5	25	3	341	8	36	10.000,00 €
ASOC. AUGAS ABERTAS GALICIA	G27742386	24823-333	TRIATLÓN DESAFÍO IS-LAS CÍES	10.000,00 €	16,13 %	10	62.000,00 €	8	1	2	RESTO DE EVENTOS	1	12	2	450	8	31	10.000,00 €

ANEXO II: SOLICITUDES REXEITADAS NA AVALIACIÓN REALIZADA POLA COMISIÓN DE VALORACIÓN ENCARGADA DO PROCESO DE AVALIACIÓN DAS MESMAS EN BASE Á “CONVOCATORIA SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLA ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS NA CIDADE DE VIGO NO ANO 2025”.

- Por non cumprir co requisito de ter un orzamento mínimo de 30.000,00€:

ENTIDADE	CIF	EXPEDIENTE	EVENTO
CLUB PETANCA DO LUME	G36852671	24853-333	TORNEO CIDADE DE VIGO
CLUB CICLISTA TEIS	G36754323	24582-333	GRAN PREMIO CICLISTA DE TEIS



Concello de Vigo

9(612).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO “AGARIMO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ACTIVIDADES, ALUGUEIRO DO LOCAL SOCIAL E MANTEMENTO. EXPTE. 12089/320.

Visto o informe xurídico de data 22/07/2025 e o informe de fiscalización do 29/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 20/06/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e conformado polo concelleiro delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 31/01/2025, Dona Ana María Gil Lodeiro (DNI: 3598****), en calidade de presidenta da “Asociación de Amas de Casa e Consumo “AGARIMO”” (CIF: G36821817), achegou escrito (doc. 250023536), que xunto coas achegas posteriores de datas 07/04/2025 (docs. 250081095 e 250091098), 08/04/2025 (doc. 250082037), 28/04/2025 (doc. 250096962) e 16/06/2025 (doc. 250140887) solicita a celebración dun convenio co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades socioculturais programadas pola entidade para o 2025, entre 1/10/2024 ata o 30/09/2025, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona Ana María Gil Lodeiro, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. “Asociación de Amas de Casa e Consumo “AGARIMO””, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e as Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 02/04/2025.
 - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 07/04/2025.
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 02/04/2025.
 - Certificado do Concello de Vigo, de data 14/02/2025.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).

4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER (01/10/2024-30/09/2025)	
Aluguer local (12 meses)	16.959,00 €
Subministro auga e enerxía eléctrica (12 meses)	1.000,00 €
Lixo	185,00 €
Alarma / Sistemas de seguridade	1.051,00 €
Gastos de teléfono / internet	1.020,00 €
Póliza de seguro e subscrición prensa	335,00 €
Limpeza de instalacións	1.500,00 €
TOTAL	22.050,00 €

ORZAMENTO DE INGRESOS (1/10/2024-30/09/2025)	
Ingresos Cotas socios	3.250,00 €
Subvención Concello de Vigo	18.800,00 €
TOTAL	22.050,00 €

8. Contrato de aluguer.
9. Copia da póliza do seguro do local social, seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.
10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
 - a) Fundamentación, obxectivos e metas
 - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
 - c) Lugar de realización
 - d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
 - e) Recursos humanos e materiais
 - f) Sistemas de avaliación, etc.



Concello de Vigo

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Asociación de Amas de Casa e Consumo “AGARIMO”, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 519/97, segundo resolución de data 16/05/1997.

V. O vixente exercicio orzamentario (2025) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 23/12/2024, inclúe expresamente a partida 9240 4890006 “*Convenio Asociación de Amas de Casa e Consumo “AGARIMO”*”, cunha dotación orzamentaria de 20.000,00 €.

VI. En data 03/02/2025 o servizo de Participación Cidadá deu inicio ao expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 14/02/2025 da Tesourería municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO “AGARIMO” (G36821817), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende outubro de 2024 ata setembro de 2025.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Asociación de Amas de Casa e Consumo “AGARIMO””.

Segundo recolle os arts. 3 e 4 dos Estatutos da Asociación de Amas de Casa e Consumo “AGARIMO”, entre os fins e actividades da entidade, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- Fomentar o asociacionismo das persoas.
- Impulsar e defender os intereses das amas de casa e dos consumidores en xeral, para a súa defensa.
- Representar aos/as asociados/as ante organismos oficiais ou privados, en defensa dos seus intereses.
- Estudar os problemas que poidan xurdir dentro do seu ámbito de actuación, abrindo os canles necesarios para as posibles solucións dos mesmos.
- Organizar, dentro das súas posibilidades, cantos servizos de asistencia, asesoramento e formación requiran os seus membros.
- Organizar conferencias, coloquios, cursos e outras actividades afíns.
- Difundir as publicacións que sobre os temas da asociación se publiquen polos distintos organismos, etc.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovelas activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

9. Prego de cláusulas administrativas, asinado pola técnica de Administración xeral de Contratación o 16/07/2025, e pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos o 17/07/2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia consta delegada por Resolución da Alcaldía do 19/06/2023 de Delegación de competencias e estrutura da Administración e Resolución da Alcaldía do 21/06/2023 aprobando a delegación de competencias xenéricas en concelleiros e concelleiras de área de Goberno e concelleiros delegados do Concello de Vigo, e acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 e posteriores modificacións do por acordo de 28 de xullo de 2023, 8 de marzo de 2024, 28 de xuño de 2024 e de 13 de xuño de 2025 aprobando a delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e concelleiros delegados, polo que a Concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polos arquitectos da Oficina Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de obras e Asistencia Municipal, e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto de tramitación ordinaria.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se emitirá polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de

contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (12235-320) por procedemento aberto de tramitación ordinaria da “SUBSTITUCIÓN DE EQUIPOS DE CLIMATIZACIÓN DO CENTRO CULTURAL E VECIÑAL DE VALADARES DO CONCELLO DE VIGO”.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas de 16 de xullo de 2025, que rexerán a contratación da “SUBSTITUCIÓN DE EQUIPOS DE CLIMATIZACIÓN DO CENTRO CULTURAL E VECIÑAL DE VALADARES DO CONCELLO DE VIGO”.

3º.- O importe máximo do contrato é de **167.582,22 € (IVE INCLUÍDO)** para a contratación da “SUBSTITUCIÓN DE EQUIPOS DE CLIMATIZACIÓN DO CENTRO CULTURAL E VECIÑAL DE VALADARES DO CONCELLO DE VIGO”, con cargo á aplicación orzamentaria **9240 6330000 CLIMATIZACIÓN CSC VALLADARES** dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo do ano 2025.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(614).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS “SUBVENCÍONS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2025”. EXPTE. 12247/320.

Visto o o informe de fiscalización do 29/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 18/07/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e conformado polo concelleiro delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data 18 de xuño de 2025, o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, co conforme da quinta tenente de alcalde e concelleira da área de goberno de Emprego, Patrimonio, Participación, Tecnoloxía e relación coas empresas resolveu que polo Servizo de Participación Cidadá se iniciase a tramitación de expediente de “Bases reguladoras das subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais de fomento da participación cidadá para o ano 2025”.

O fin destas subvencións - que se integran na liña 4.7 de Fomento de actividades sociais: actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc do Plan Estratéxico de Subvencións (PES)* aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024. - é colaborar no financiamento das entidades beneficiarias, para facilitar o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:



Concello de Vigo

* No Plan Estratéxico de Subvencións (PES), respecto das Subvencións en réxime de concorrência competitiva previstas na Área de Participación Cidadá, apreciase a mención as seguintes contías máximas:

“Contía máxima subvencionada:

- Gastos correntes: **350.000 €** (trescentos cincuenta mil euros).
- Gastos de equipamento, obras e adquisición de inmobles: **200.000 €** (dous centos mil euros). “

No detalle das aplicacións orzamentarias previstas para os anos 2024-2025-2026 imputase a totalidade das subvencións previstas para sufragar os “Gastos Correntes” (350.000,00 € anuais) na seguinte aplicación:

Número 9240 4890015	Aplicación: subvencións a entidades cidadas actos comunita- rios	Importe: 1.050.000,00.-€	Ano: 2024–2025-2026
------------------------	---	-----------------------------	------------------------

Se ben, cabe sinalar que o importe total de **1.050.000,00 €** correspóndese coa suma dos importes previstos nas seguintes aplicacións presupuestarias:

Número 9240 4890000	Aplicación: “Subvencións a entidades cidadás”	Importe: 750.000,00.-€	Ano: 2024–2025-2026
------------------------	---	---------------------------	------------------------

Número 9240 4890015	Aplicación: subvencions a entidades cidadas actos comunita- rios	Importe: 300.000,00.-€	Ano: 2024–2025-2026
------------------------	---	---------------------------	------------------------

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas a Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais, entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, de promoción e defensa de valores, étnicas e relixiosas, sen ánimo de lucro, constituídas legalmente como tales e inscritas nos epígrafes correspondentes do Rexistro Municipal de Asociacións, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, baixo os principios de publicidade, concorrência e obxectividade. Están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

1. COMPETENCIA MUNICIPAL NA MATERIA

Para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Se ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá.

3. RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS

A concesión das subvencións obxecto desta convocatoria, rexeráse polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

4. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA MÁXIMA DAS SUBVENCIÓNS

A contía total destinada a estas axudas é de **60.230,00 euros (sesenta mil douscentos trinta euros)** e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria **9240 4890015 denominada “Subvencións a entidades cidadás para actos socio comunitarios”** do vixente exercicio orzamentario. Se consideran gastos subvencionables os **realizados entre o 16 de outubro de 2024 e o 15 de outubro de 2025**, que se encadren nalgún dos seguintes programas:

· **Programa I:** subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe **de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais**, cunha contía total de **19.230,00 euros**.

O importe máximo subvencionable será de **2.700,00 €**, para cada unha das entidades beneficiarias

· **Programa II:** subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares, cunha contía total de **6.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico, cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **4.000,00 €** para os de ámbito internacional e nacional e de **3.000,00 €** para os de ámbito autonómico.

b) competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións), cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **2.500,00 €**

As entidades interesadas só poderán achegar unha única actividade/proxecto subvencionado ao Programa II, en calquera das súas liñas.



Concello de Vigo

· **Programa III:** subvencións para o deseño e impresión de publicacións promovidos por entidades cunha contía total de **30.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias, cun importe máximo subvencionable será de **5.000,00 €**.

b) Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas, cun importe máximo subvencionable de **4.000 €**.

· **Programa IV.** Subvencións para contribuír ao desenvolvemento de actos sociais de promoción de valores cunha contía total de **5.000,00 €**.

O importe máximo subvencionable será de **4.000,00 €**, para cada unha das entidades beneficiarias.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da xeneración, ampliación ou incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

5. CONDICIÓN E FINALIDADE DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS E ENTIDADES BENEFICIARIAS

Coa finalidade de dirixir e impulsar a política municipal referida ao Asociacionismo e a Participación Cidadá, en orde a canalizar e promover a defensa dos intereses da comunidade veciñal, a concellería de Participación Cidadá e Distritos convoca os seguintes programas de subvencións para colaborar no financiamento das entidades beneficiarias, para facilitar o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades, sempre que sexan abertas ao público xeral e de libre acceso e gratuíto:

· **Programa I: subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares** por mor da organización de actos sociais e encontros veciñais no termo municipal de Vigo, celebrados por entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en diante):

1. Asistencial e saúde
2. Cultura e Arte
- 3.2 Festivas e de lecer
- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

· **Programa II: subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares** promovidos no termo municipal de Vigo por entidades festivas e de lecer, peñas recreativas, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) **Competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico**, inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións nos seguintes epígrafes do RMA:

- 3.2 Festivas e de lecer
- 3.3 Xogos sociais (peñas recreativas)
- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

b) Competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións), inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións nos seguintes epígrafes do RMA:

- 3.2 Festivas e de lecer
- 3.3 Xogos sociais (peñas recreativas)
- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

· Programa III: subvencións para o deseño e impresión de publicacións promovidos por entidades, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias no termo municipal de Vigo promovidos por asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en adiante):

- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

b) Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas no termo municipal de Vigo promovidos por asociacións festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en adiante):

- 3.2 Festivas e de lecer
- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

· Programa IV. Subvencións para contribuir ao desenvolvemento de actos sociais de promoción de valores (paz, solidariedade, dereitos humanos, liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto, tolerancia, amizade) no termo municipal de Vigo celebrados por entidades inscritas no seguinte epígrafe do RMA:

6.6: Valores, étnicas e relixiosas

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para o outorgamento de ditas axudas.

6. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN: CONCORRENCIA COMPETITIVA



Concello de Vigo

Tal como dispón o artigo 22.1 da LXS, o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrència competitiva, o cal se inicia de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, conforme ao art. 20 da LSG, levándose a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de conformidade cos criterios de avaliación das solicitudes establecidos na Base 10ª da convocatoria na que se detalla a ponderación relativa atribuída a cada un deles, de conformidade co art. 60 do RLXS.

As principais novidades introducidas nas bases reguladoras respecto de anteriores convocatorias son as seguintes:

- **Base 2ª.3:** Un dos requisitos esixidos ás entidades solicitantes é *“Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesarias para acadalos”*. **A novidade desta convocatoria é que engadimos este requisito como un novo apartado do Anexo IV: “Declaración responsable de cumprimento dos requisitos”**, o cal será asinado debidamente pola persoa representante da entidade beneficiaria.
- **Base 4ª. Contía total e crédito orzamentario**
Neste suposto, o crédito total destinado a estas axudas sufriu unha minoración respecto das convocatorias anteriores polo que, redistribuíuse o novo crédito entre os 4 Programas.
- **Base 5ª. Compatibilidade da Subvención**
Reescríbese o parágrafo onde se establece que as axudas non son compatibles con outras axudas municipais:
*“Non serán obxecto de subvención, nin se terán en conta a hora de cuantificar os custes derivados da organización dos eventos ou proxectos, aqueles que de maneira directa ou indirecta, sexan **sufragados total ou parcialmente**, mediante calquera outro concepto orzamentario deste Concello de Vigo.*
- **Base 9ª. Solicitud e Documentación:**
Anexo IV: Declaración responsable de cumprimentos dos requisitos: incorpórase un novo parágrafo para dar cumprimento ao establecido nas bases 1ª.c) e 2ª.3).
- **Base 11ª. Procedemento: Instrución, Resolución, Notificación, Publicación, Recursos e Renuncia:** elimínase o seguinte parágrafo do apartado 6, por non ser preceptivo:
“Dende o día seguinte a recepción das notificacións de resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de 10 días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito no Servizo de Participación Cidadá, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.”

7. SOLICITUDES: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte a publicación do extracto da

convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados coas bases e que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas electronicamente a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

8. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS

O procedemento de concesión das subvencións axustarase ao disposto na Base 11ª da convocatoria e arts. 20 a 24 da LSG, así como ao establecido na LPAC, no referente á presentación de solicitudes, a súa emenda, a instrución do procedemento, a resolución (no prazo de 5 meses), e a notificación electrónica.

O artigo 7.4 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

A Resolución da Alcaldía do 19 de xuño de 2023 aprobando a "Delegación de competencias xenéricas en concelleiros de área de goberno e concelleiros delegados" dispón que, os Concelleiros/as Delegados/as da Área de goberno ostentarán, entre outras, a atribucións de impulso, execución, coordinación e tramitación dos expedientes relativos á contratación administrativa, axudas, subvencións e convenios relativos ao ámbito material da competencia delegada e no seu apartado K) a instrución dos procedementos de concesión de subvencións e reintegros así como a comprobación da xustificación da subvención. En data 28/06/2024 mediante Decreto de alcaldía modifícase a resolución de delegación de competencias da estrutura área de Goberno 2023-2027 de data 28/06/2023, onde se nomea como Quinta tenente de alcalde e área de goberno de emprego, patrimonio, participación cidadá, tecnoloxía e relación coas empresas.

De conformidade co art. 127.g) da Lei 57/03, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local "o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal".

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de datas 19/06/2023 e 20/06/2023, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

10. RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS



Concello de Vigo

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Polas consideracións expostas, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Concelleira da área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, nos termos das delegacións competencias efectuadas en data 28/06/2024, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- APROBAR a convocatoria, o extracto da mesma, e as bases reguladoras das ***“Subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais de fomento da participación cidadá para o ano 2025”*** de conformidade co art. 23.2 da LXS, realizada pola Concellería de Participación Cidadá e Distritos para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, sen ánimo de lucro, constituídas legalmente como tales e inscritas nos epígrafes correspondentes do Rexistro Municipal de Asociacións, que cumpran os requisitos para ser beneficiarias, co fin de contribuír no desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, e por unha contía total de **60.230,00 euros (sesenta mil douscentos trinta euros)**.

SEGUNDO.- APROBAR, como **modelos oficiais**, os 11 modelos normalizados:

1. Anexo I: Solicitud
2. Anexo II: Solicitud-Programa de actividades para o ano 2025
3. Anexo III: Solicitud-Orzamento
4. Anexo IV: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos
5. Anexo V: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas
6. Anexo VI : Autorización expresa á consulta e verificación de datos
7. Anexo VII: Publicidade Corporativa-Cartelería
8. Anexo VIII: Solicitud de aboamento

9. Anexo IX: Memoria dos proxectos subvencionados

10. Anexo X: Declaración responsable de non dedución do IVE

11. Anexo XI: Renuncia

TERCEIRO.- PUBLICAR, unha vez aprobadas, a **convocatoria e bases reguladoras** das “*Subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais de fomento da participación cidadá para o ano 2025*” en:

- a) A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www. Vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG. A publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial de Provincia (BOP).
- b) As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www. Vigo.org](http://www.vigo.org)).

CUARTO.- AUTORIZAR o gasto, por importe de **60.230,00 euros (sesenta mil douscentos trinta euros)**, que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890015, denominada “*Subvencións a entidades cidadás*” do vixente exercicio orzamentario, para colaborar ao financiamento dos gastos subvencionables nos **Programas I** (“Gastos de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares”), **Programa II** (“Gastos de organización de xogos populares”), **Programa III** (Gastos para o deseño e impresión de publicacións) e **Programa IV** (“Gastos para o desenvolvemento de actos sociais de promoción de valores”) das “*Subvencións para a organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais para o ano 2025*”.

QUINTO.- RECURSOS: contra o presente acordo poderán os/as interesados/as interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición interposto ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ

A Concellaría de Participación Cidadá, coa finalidade de dirixir e impulsar a política municipal referida ao Asociacionismo e a Participación Cidadá, en orde a canalizar e promover a defensa dos intereses da comunidade veciñal, convoca os seguintes programas de subvencións para colaborar no financiamento das entidades beneficiarias, para facilitar o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades, sempre que sexan abertas ao público xeral e de libre acceso e gratuíto:



Concello de Vigo

· **Programa I: subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais**, por mor da organización de actos sociais e encontros veciñais no termo municipal de Vigo, celebrados por entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en adiante):

- 1. Asistencial e saúde
- 2. Cultura e Arte
- 3.2 Festivas e de lecer
- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

· **Programa II: subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares** promovidos no termo municipal de Vigo por entidades festivas e de lecer, peñas recreativas, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) Competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico, inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións nos seguintes epígrafes do RMA:

- 3.2 Festivas e de lecer
- 3.3 Xogos sociais (peñas recreativas)
- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

b) Competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións), inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións nos seguintes epígrafes do RMA:

- 3.2 Festivas e de lecer
- 3.3 Xogos sociais (peñas recreativas)
- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

· **Programa III: subvencións para o deseño e impresión de publicacións** promovidos por entidades, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias no termo municipal de Vigo promovidos por asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en adiante):

- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

b) Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas no termo municipal de Vigo promovidos por asociacións festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en adiante):

- 3.2 Festivas e de lecer
- 10.1 Asociacións veciñais
- 10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

Programa IV. Subvencións para contribuír ao desenvolvemento de actos sociais de promoción de valores (paz, solidariedade, dereitos humanos, liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto, tolerancia, amizade) no termo municipal de Vigo celebrados por entidades inscritas no seguinte epígrafe do RMA:

6.6: Valores, étnicas e relixiosas

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrência e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para o outorgamento de ditas axudas.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ

PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS

a) Esta convocatoria de subvencións, que se integra na liña 4.7 de Fomento de actividades sociais: actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas económicas ás Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais, entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, de promoción e defensa de valores, étnicas e relixiosas, sen ánimo de lucro, constituídas legalmente como tales e inscritas nos epígrafes correspondentes do Rexistro Municipal de Asociacións, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral. Están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

b) A efectos da presente convocatoria, considéranse necesarios para o normal funcionamento da entidade, o cumprimento dos seus fins estatutarios e o desenvolvemento das súas actividades sociais

c) A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do asociacionismo e da participación cidadá, en particular:

- Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais, entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, de promoción e defensa de valores, étnicas e relixiosas, sen ánimo de lucro, para a representación e defensa de intereses xerais e sectoriais.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sen prexuízo da diversidade de actividades programadas.
- Fomentar a participación cidadá no seu sentido máis amplo contribuíndo a visibilizar a acción social, cultural, educativa e de ocio desenvolvida polas asociacións civís, fundacións, entidades relixiosas e entidades sen ánimo de lucro inscritas no RMA que operan na cidade.
- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento de participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado e a integración veciñal, en xeral, de contido sociocomunitario.
- Contribuír a difusión e accesibilidade da información entre asociacións sen ánimo de lucro e a facer partícipe aos seus respectivos públicos obxectivos de información relevante e de interese.



Concello de Vigo

- Potenciar a dinamización social e as relación da cidadanía a través de actividades de ocio en tempo libre e de promoción da cultura tradicional.
- Contribuír a que a información que reciben os interesados sexa unha información de calidade e colaborar e facilitar as accións encamiñadas á distribución da información nos diferentes soportes.
- Captar e promover a formación do voluntariado, dinamizando o tecido asociativo.
- Promover a cohesión social da cidade e da cidadanía, a través de espazos e foros abertos de debate, intercambio de ideas e experiencias para a comunicación social.
- Promover a formación integral das persoas en valores (paz, solidariedade, dereitos humanos, liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto, tolerancia, amizade) cara unha maior sensibilización na mellora da integración e cohesión social e en contra da exclusión.
- Reforzar os vínculos da comunidade veciñal e do tecido asociativo da cidade contribuíndo á dinamización das relacións interconfesionais en recoñecemento do pluralismo relixioso e a interculturalidade existente na cidade e a súa contribución á vida social, educativa e cultural.
- Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións.

d) Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que figuren inscritas nos epígrafes sinalados en cada un dos Programas referidos do Rexistro Municipal de Asociacións (Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais, entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, de promoción e defensa de valores, étnicas e relixiosas, respectivamente), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades sen ánimo de lucro inscritas nos epígrafes correspondentes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
3. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para acadalos. O cumprimento deste requisito quedará acreditado coa presentación do *"Anexo IV: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos"* debidamente cuberto e asinado pola persoa representante da entidade beneficiaria.
4. Que non dispoñan de medios propios, infraestruturas ou do equipamento necesario para o desenvolvemento da actividade para a que se solicita o financiamento
5. Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O/s interesado/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o Anexo VI cumprimentado e asinado electronicamente. Noutro caso, será preciso achegar a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.

6. Non incorrer as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
7. Acompañar á solicitude da documentación preceptiva detallada na base novena desta convocatoria.
8. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, coa mesma finalidade que en algún dos supostos do apartado anterior.
9. As entidades organizadoras do evento e solicitantes das axudas deberá contar, cando menos, con:
 - a) Autorización do servizo municipal de seguridade e mobilidade **para o Programa I e II**, cando implique a ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal, a través da instalación de estruturas móbiles, segundo o disposto na Lei 10/2017, de 17 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, sen prexuízo das esixencias que deriven do exame particularizado de cada evento, en función do seu lugar de emprazamento proposto, datas de celebración e outras circunstancias concorrentes, e da necesidade de contar con outras autorizacións ou licenzas preceptivas segundo a lexislación sectorial aplicable.
 - b) Seguro/s de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco **para os Programas I , II e IV**.
10. As entidades promotoras da actividade ou a publicación e solicitantes das axudas deberán dar cumprimento ao exigido no Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual e demais normativa sectorial vixente en materia de dereitos de autor.

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos subvencionables, **os realizados dende o 16 de outubro de 2024 ata o 15 de outubro de 2025**, que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins derivados especificamente do desenvolvemento das actividades programadas que se pretenden fomentar:

· **Programa I:** Gastos correntes derivados de servizos de montaxe e desmontaxe **de instalacións cubertas ou estruturas móbiles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais** destinadas á celebración de actos sociais ou encontros veciñais de carácter lúdico, benéfico, festivo e social que sexan de acceso libre, e gratuíto e se realicen en espazos abertos.

O número máximo de eventos ou instalacións para cuxo financiamento se solicitan as axudas será de 3.

· **Programa II:** Gastos correntes derivados da organización de xogos populares: gastos derivados do aluguer de locais/instalacións/mobiliario/megafonía/medios audiovisuais, trofeos, limpeza, material para as actividades, seguros, publicidade (cartelería, dípticos, vestuario e outro material publicitario...), e todos aqueles gastos que respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado. Non se consideran “trofeos” os agasallos alimentarios ou outros obsequios perecedoiros (comida, bebida, etc.) .



Concello de Vigo

· **Programa III:** gastos de deseño, maquetación e edición de publicacións en papel ou en soportes dixitais (deseño e creación de contidos para a web, mantemento de dominio da web); e gastos de impresión e distribución de publicacións.

· **Programa IV:** gastos derivados do alugueiro de local social (base imponible + IVE) e/ou doutros inmobles con carácter puntual, cando resulten necesarios para o desenvolvemento dos seus fins e obxecto social.

En ningún caso serán subvencionables:

- os intereses debedores das contas bancarias
- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

Pola súa parte, os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente, non considerándose como tales os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía total destinada a estas axudas é de **60.230,00 euros (sesenta mil douscentos trinta euros)** e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria **9240 4890015 denominada “Subvencións a entidades cidadás para actos socio comunitarios”** do vixente exercicio orzamentario. Se consideran gastos subvencionables os **realizados entre o 16 de outubro de 2024 e o 15 de outubro de 2025**, que se encadren nalgún dos seguintes programas:

· **Programa I:** subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe **de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais**, cunha contía total de **19.230,00 euros**.

O importe máximo subvencionable será de **2.700,00 €**, para cada unha das entidades beneficiarias

· **Programa II:** subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares, cunha contía total de **6.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico, cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **4.000,00 €** para os de ámbito internacional e nacional e de **3.000,00 €** para os de ámbito autonómico.

b) competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións), cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **2.500,00 €**.

As entidades interesadas só poderán achegar unha única actividade/proxecto subvencionado ao Programa II, en calquera das súas liñas.

· **Programa III:** subvencións para o deseño e impresión de publicacións promovidos por entidades cunha contía total de **30.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias, cun importe máximo subvencionable será de **5.000,00 €**.

b) Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas, cun importe máximo subvencionable de **4.000 €**.

· **Programa IV.** Subvencións para contribuír ao desenvolvemento de actos sociais de promoción de valores cunha contía total de **5.000,00 €**.

O importe máximo subvencionable será de **4.000,00 €**, para cada unha das entidades beneficiarias.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da xeneración, ampliación ou incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

QUINTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCÍONS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

Non serán obxecto de subvención, nin se terán en conta a hora de cuantificar os custes derivados da organización dos eventos ou proxectos, **aqueles que de maneira directa ou indirecta, sexan sufragados total ou parcialmente**, mediante calquera outro concepto orzamentario deste Concello de Vigo.

SEXTA.- DESESTIMACIÓN DAS SOLICITUDES

Unha vez estudados os proxectos presentados polas asociacións, desestimaránse as seguintes solicitudes:

1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:

- Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
- Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.
- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando unha puntuación mínima de 5 puntos na valoración específica da memoria de actividades, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.
- Cando o proxecto de actividades achegado, non se axuste, no seu contido, ao disposto na Base novena ("Solicitud e Documentación").

2.- Con carácter xeral:

- En xeral, as solicitudes daquelas entidades que non cumpren os requisitos establecidos nas Bases desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarios.
- Aqueles que non respondan á natureza do programa subvencionado
- Aqueles gastos de carácter suntuario, que non son imprescindibles para o bo desenvolvemento do proxecto e/ou que non están relacionados directamente co obxecto subvencionable.
- Os destinados a equipamentos que procuren algún tipo de lucro para os seus xestores, promotores, etc.

SÉTIMA.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS

As entidades beneficiarias das subvencións conforme a presente normativa, están obrigados a:

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axudas na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
2. Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados relacionados co obxecto da convocatoria, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros,...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
3. Colaborar co Concello de Vigo, na difusión, entre os participantes e asistentes ao evento, da información de interese municipal que se lle facilite con antelación á celebración das actividades.
As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxecto subvencionados.

CONVOCATORIA SUBVENCÍONS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ

PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCÍONS

a) Esta convocatoria de subvencións, que se integra na liña 4.7 de Fomento de actividades sociais: actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de

axudas económicas ás Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais, entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, de promoción e defensa de valores, étnicas e relixiosas, sen ánimo de lucro, constituídas legalmente como tales e inscritas nos epígrafes correspondentes do Rexistro Municipal de Asociacións, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, realizadas ou pendentes de levar entre o **16 de outubro de 2024 ata o 15 de outubro de 2025**.

b) A efectos da presente convocatoria, considéranse necesarios para o normal funcionamento da entidade, o cumprimento dos seus fins estatutarios e o desenvolvemento das súas actividades sociais

c) Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que figuren inscritas nos epígrafes sinalados en cada un dos Programas referidos do Rexistro Municipal de Asociacións (Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais, entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, de promoción e defensa de valores, étnicas e relixiosas, respectivamente), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
3. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para acadalos.. O cumprimento deste requisito quedará acreditado coa presentación do "*Anexo IV: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos*" debidamente cuberto e asinado pola persoa representante da entidade beneficiaria.
4. Que non dispoñan de medios propios, infraestruturas ou do equipamento necesario para o desenvolvemento da actividade para a que se solicita o financiamento
5. Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O/s interesado/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o Anexo VI cumprimentado e asinado electronicamente. Noutro caso, será preciso achegar a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
6. Non incorrer as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
7. Acompañar á solicitude da documentación preceptiva detallada na base novena desta convocatoria.
8. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, coa mesma finalidade que en algún dos supostos do apartado anterior.



Concello de Vigo

9. As entidades organizadoras do evento e solicitantes das axudas deberá contar, cando menos, con:
 - a) As entidades organizadoras do evento e solicitantes das axudas deberá contar, cando menos, con:
 - a) Autorización do servizo municipal de seguridade e mobilidade **para o Programa I e II**, cando implique a ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal, a través da instalación de estruturas móbiles, segundo o disposto na Lei 10/2017, de 17 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, sen prexuízo das esixencias que deriven do exame particularizado de cada evento, en función do seu lugar de emprazamento proposto, datas de celebración e outras circunstancias concorrentes, e da necesidade de contar con outras autorizacións ou licenzas preceptivas segundo a lexislación sectorial aplicable.
 - b) Seguro/s de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco **para os Programas I , II e IV**.
10. As entidades promotoras da actividade ou a publicación e solicitantes das axudas deberán dar cumprimento ao exixido no Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual e demais normativa sectorial vixente en materia de dereitos de autor.

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos subvencionables, **os realizados dende o 16 de outubro de 2024 ata o 15 de outubro de 2025**, que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins derivados especificamente do desenvolvemento das actividades programadas que se pretenden fomentar:

· **Programa I:** Gastos correntes derivados de servizos de montaxe e desmontaxe **de instalacións cubertas ou estruturas móbiles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais** destinadas á celebración de actos sociais ou encontros veciñais de carácter lúdico, benéfico, festivo e social que sexan de acceso libre, e gratuíto e se realicen en espazos abertos.

O número máximo de eventos ou instalacións para cuxo financiamento se solicitan as axudas será de 3.

· **Programa I:** Gastos correntes derivados de servizos de montaxe e desmontaxe **de instalacións cubertas ou estruturas móbiles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais** destinadas á celebración de actos sociais ou encontros veciñais de carácter lúdico, benéfico, festivo e social que sexan de acceso libre, e gratuíto e se realicen en espazos abertos.

O número máximo de eventos ou instalacións para cuxo financiamento se solicitan as axudas será de 3.

· **Programa II:** Gastos correntes derivados da organización de xogos populares: gastos derivados do aluguer de locais/instalacións/mobiliario/megafonía/medios audiovisuais, trofeos, limpeza, material para as actividades, seguros, publicidade (cartelería, dípticos, vestiario e outro material publicitario...), e todos aqueles gastos que respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado. Non se consideran “trofeos” os agasallos alimentarios ou outros obsequios perecedoiros (comida, bebida, etc.) .

· **Programa III:** gastos de deseño, maquetación e edición de publicacións en papel ou en soportes dixitais (deseño e creación de contidos para a web, mantemento de dominio da web); e gastos de impresión e distribución de publicacións.

· **Programa IV:** gastos derivados do alugueiro de local social (base imponible + IVE) e/ou doutros inmobles con carácter puntual, cando resulten necesarios para o desenvolvemento dos seus fins e obxecto social.

En ningún caso serán subvencionables:

- os intereses debedores das contas bancarias
- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

Pola súa parte, os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente, non considerándose como tales os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía total destinada a estas axudas é de **60.230,00 euros (sesenta mil douscentos trinta euros)** e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria **9240 4890015 denominada “Subvencións a entidades cidadás para actos socio comunitarios”** do vixente exercicio orzamentario. Se consideran gastos subvencionables os **realizados entre o 16 de outubro de 2024 e o 15 de outubro de 2025**, que se encadren nalgún dos seguintes programas:

· **Programa I:** subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe **de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais**, cunha contía total de **19.230,00 euros**.

O importe máximo subvencionable será de **2.700,00 €**, para cada unha das entidades beneficiarias

· **Programa II:** subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares, cunha contía total de **6.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico, cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **4.000,00 €** para os de ámbito internacional e nacional e de **3.000,00 €** para os de ámbito autonómico.

b) competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións), cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **2.500,00 €**

As entidades interesadas só poderán achegar unha única actividade/proxecto subvencionado ao Programa II, en calquera das súas liñas.

· **Programa III:** subvencións para o deseño e impresión de publicacións promovidos por entidades cunha contía total de **30.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias, cun importe máximo subvencionable será de **5.000,00 €**.

b) Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas, cun importe máximo subvencionable de **4.000 €**.



Concello de Vigo

· **Programa IV.** Subvencións para contribuír ao desenvolvemento de actos sociais de promoción de valores cunha contía total de **5.000,00 €**.

O importe máximo subvencionable será de **4.000,00 €**, para cada unha das entidades beneficiarias.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da xeneración, ampliación ou incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

QUINTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCÍONS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

Non serán obxecto de subvención, nin tidas en conta a hora de cuantificar os custes derivados da organización da actividades, **aqueles eventos ou proxectos que de maneira directa ou indirecta, sexan sufragados total ou parcialmente**, mediante calquera outro concepto orzamentario deste Concello de Vigo.

SEXTA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 15 de novembro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, **será de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte** á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org), e asinadas electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Todas as solicitudes deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

SÉTIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrência competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Participación Cidadá destinada para tal fin no presente exercicio. Levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

a) Traxectoria e antigüidade da entidade.- Ata 10 puntos.

Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

- Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos

Ano 87 a 93	5
Ano 94 a 2000	4
Ano 2001 a 2007	3
Ano 2008 a 2014	2
Ano 2015 a 2021	1
En adiante	0
- Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

Antigüidade: mais de 50 anos	5
26 a 50 anos	4
11 a 25 anos	3
5 a 10 anos	2
1 a 4 anos	1

b) Calidade e viabilidade técnica dos proxectos e actividades subvencionables en cada un dos programas:

Programa I: Gastos derivados de actividades de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais,

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais: Actividade/s similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos)

Nunha 1 edición anterior:	2 puntos
En 2 edicións anteriores:	4 puntos
En 3 edicións anteriores::	6 puntos
En 4 ou mais edicións anteriores:	8 puntos
- Duración das actividades desenvolvidas (máximo 8 puntos):

1 día:	2 puntos
2 días :	4 puntos
3 días :	6 puntos
4 ou mais días:	8 puntos



Concello de Vigo

- Nº de eventos ou instalacións para os que solicita as axudas (máximo 3): Ata 2 puntos
1 actividade: 2 punto
2 actividades: 1 puntos
3 actividades: 0 puntos
- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na difusión das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):
Si: 2 puntos
Non: 0 puntos

Programa II: Gastos de organización de xogos populares

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais:
 - Competicións de xogos populares de **ámbito internacional, nacional o autonómico** similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos):

Nunha 1 edición anterior:	2 puntos
En 2 edicións anteriores:	4 puntos
En 3 edicións anteriores:	6 puntos
En 4 ou mais edicións anteriores:	8 puntos
 - Competicións de xogos populares de **ámbito municipal consolidado** (máis de 40 edicións) similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 5 puntos):

Máis de 40 edicións:	1 punto
Máis de 45 edicións:	2 puntos
Máis de 50 edicións:	3 puntos
Máis de 55 edicións:	4 puntos
Máis de 60 edicións:	5 puntos
- Duración das actividades desenvolvidas (máximo 8 puntos):

1 día:	2 puntos
2 días :	4 puntos
3 días :	6 puntos
4 ou mais días:	8 puntos
- Número de entidades participantes .- Ata 10 puntos:

Máis de 5 entidades:	5 puntos
Máis de 10 entidades:	10 puntos

Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega no desenvolvemento e difusión das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

Si: 2 puntos
Non: 0 puntos

Programa III: Gastos para o deseño e impresión de publicacións

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais:
 - Deseño e impresión de **libros sobre a historia** das distintas parroquias similares publicados en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos):

Nova publicación:	8 puntos
Nunha edición anterior:	6 puntos
En 2 edicións anteriores:	4 puntos

En 3 ou mais edicións anteriores: 2 puntos

- Ámbito xeográfico da difusión de libros sobre a historia das distintas parroquias: (máximo 5 puntos):

Distrito/Parroquial:	1 punto
Municipal	2 puntos
Autonómico:	3 puntos
Nacional:	4 puntos
Internacional:	5 puntos

(Para a xustificación deste apartado a entidade terá que certificar o ámbito xeográfico de distribución da publicación na memoria do proxecto)

- Deseño e impresión de **libros e publicacións relativos a festas** similares publicados en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 10 puntos):

Nova publicación:	1 punto
Máis de 12 meses:	2 puntos
De 2 a 5 anos:	4 puntos
De 6 a 10 anos:	6 puntos
De 11 a 15 anos:	8 puntos
Mais de 15 anos:	10 puntos

Para a xustificación deste apartado a entidade terá que presentar dixitalizado o exemplar máis antigo publicado na memoria do proxecto)

- Número de exemplares editados ou impresos en ambas publicacións (II-III): ata 10 puntos.

Ata 100:	2 puntos
De 101 a 500	4 puntos
De 501 a 550:	6 puntos
De 551 a 1.000:	8 puntos
Mais de 1.000:	10 puntos

(Para a xustificación do número de exemplares impresos terá que constar de forma detallada na correspondente factura ou presentar unha certificación da imprenta na memoria do proxecto)

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na edición de ambas publicacións (II-III) que fundamentan a concesión da subvención (máximo 5 puntos):

Si: 5 puntos
Non: 0 puntos

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

Programa IV: Gastos derivados do alugueiro de local social (base imponible + IVE) e/ou doutros inmobles con carácter puntual, cando resulten necesarios para o desenvolvemento dos seus fins e obxecto social.

- Representatividade e área de influencia.- Ata 5 puntos
Valorarase tendo en consideración o número de socios numerarios da asociación.

De 501 a 1000 socios	2
De 1001 a 1500 socios	3
De 1501 a 2000 socios	4
Mais de 2000 socios	5

- Valoraranse o programa das actividades realizadas ou previstas dentro do período subvencionable , atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais. Duración media das actividades programadas (máximo 8 puntos):

Ata 3 meses:	2 puntos
Ata 6 meses:	4 puntos
Ata 9 meses:	6 puntos
Ata 12 meses:	8 puntos

O número de actividades desenvolvidas ou previstas dentro do período subvencionable (máximo 8 puntos):

1-10 actividades:	2 puntos
11-20 actividades:	4 puntos
21-30 actividades:	6 puntos
Máis de 31 actividades:	8 puntos

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

Si: 2 puntos (*cando a metade ou mais das actividades previstas se realicen en galego*)

Non: 0 puntos (*cando ningunha das actividades previstas se realicen en galego*)

Parcial: 1 puntos (*cando menos da metade das actividades previstas se realicen en galego*)

c) Viabilidade económica das propostas presentadas en función do orzamento previsto.-

Ata 5 puntos:

De 1 € a 2.000 €:	1 punto
De 2.001 a 3.000 €:	2 puntos
De 3.001 a 4.000 €:	3 puntos
De 4.001 a 5.000 €:	4 puntos
De 5.001 en diante:	5 puntos

OITAVA.- PROCEDEMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao departamento municipal de Participación Cidadá, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2- A avaliación das solicitudes de subvención, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Concellaría de Participación Cidadá e Distritos
- 2 Vogais: Un/ha técnico/a e un membro da escala administrativa do servizo de Participación Cidadá

- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

Nunha fase de preavaliación verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

3- As solicitudes avaliaranse conforme á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

4- Se algún dos datos ou documentos achegados polos solicitantes, presenta dúbidas ou erros susceptibles de emendar, requirirase á entidade solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/as interesados/as os avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

5- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta coa valoración correspondente ao instrutor; que formulará a proposta de **resolución definitiva** á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitudes que participan na convocatoria co CIF, nome da entidade, puntuación obtida, estimación ou desestimación da súa solicitude, e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **5 meses** contados a partir da publicación desta convocatoria.

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a entidade interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, **desistimento** que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

6- A resolución do procedemento poderá notificarse electronicamente ás entidades beneficiarias a través da sede electrónica. Remítanse ás entidades interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



Concello de Vigo

As notificación por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poda acceder ó seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Dende o día seguinte a recepción das notificacións de resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de 10 días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito no Servizo de Participación Cidadá, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

7- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) la Lei 39/2015 ao respecto.

8- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesma, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contáranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.

9- **A beneficiaria poderá renunciar**, expresamente, á subvención concedida, renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, do LPAC. A renuncia realizarase no **Anexo XI**, aprobado con estas bases. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Participación Cidadá e Distritos no vindeiro exercicio orzamentario.

10.- Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

11.- O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas, doutro/s dos programas a proposta da comisión de avaliación, distribuíndo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas

NOVENA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos. **O prazo máximo para a xustificación das mesmas finaliza o 31 de outubro de 2024.** Noutro caso, perderase o dereito a percibir a axuda. Os lugares de presentación da conta xustificativa serán os mesmos previstos para a presentación das solicitudes.

Os/as solicitantes deberán remitir necesariamente os correspondentes anexos e documentación asinados electronicamente polo representante legal da entidade.

Os criterios para verificar que os gastos son subvencionables serán que a data da factura ou documento equivalente que se presente, debe atoparse dentro do período subvencionable.

Considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En consecuencia, **para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou**

movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria. Non son subvencionables os pagos en efectivo.

DÉCIMA.- ABOAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a practica das publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpg.vigo@vigo.org.

DÉCIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2025, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei de Subvencións de Galicia, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvención para a organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais para o ano 2025” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web no Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxecto subvencionados.

Extracto do acordo da Xunta de Goberno do Concello de Vigo de --/--/2025, polo que se convocan as SUBVENCIONES PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRO.- BENEFICIARIOS

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que figuren inscritas nos epígrafes sinalados en cada un dos Programas referidos do Rexistro Municipal de Asociacións (**Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais, entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, de promoción e defensa de valores, étnicas e relixiosas, respectivamente**), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

SEGUNDO.- OBXECTO

Esta convocatoria de subvencións, que se integra na liña 4.7 de Fomento de actividades sociais: actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas económicas ás Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais, entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, de promoción e defensa de valores, étnicas e relixiosas, sen ánimo de lucro, constituídas legalmente como tales e inscritas nos epígrafes correspondentes do Rexistro Municipal de Asociacións, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, **realizadas ou pendentes de levar a cabo entre o 16 de outubro de 2024 ata o 15 de outubro de 2025.**

Para o normal funcionamento da entidade, o cumprimento dos seus fins estatutarios e o desenvolvemento das súas actividades sociais, con esta convocatoria se pretenden fomentar as seguintes:

- **Programa I:** Gastos correntes derivados de **servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais**, destinadas á celebración de actos sociais ou encontros veciñais de carácter lúdico, benéfico, festivo e social que sexan de acceso libre, e gratuíto e se realicen en espazos abertos.

- **Programa II:** Gastos correntes derivados da **organización de xogos populares**: gastos derivados do aluguer de locais/instalacións/mobiliario/megafonía/medios audiovisuais, trofeos, limpeza, material para as actividades, seguros, publicidade (*cartelería, dípticos, vestuario e outro material publicitario...*), e todos aqueles gastos que respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado. Non se consideran “trofeos” os agasallos alimentarios ou outros obsequios perecedoiros (comida, bebida, etc.) .

- **Programa III:** gastos de **deseño, maquetación e edición de publicacións en papel ou en soportes dixitais** (deseño e creación de contidos para a web, mantemento de dominio da web); e gastos de **impresión e distribución de publicacións**.

- **Programa IV:** gastos derivados do alugueiro de local social (base impositible + IVE) e/ou doutros inmobles con carácter puntual, cando resulten necesarios para o desenvolvemento dos seus fins e obxecto social (*paz, solidariedade, dereitos humanos, liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto, tolerancia, amizade*).

TERCEIRO.- BASES REGULADORAS

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de --/--/2025, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

CUARTO.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía total destinada a estas axudas é de **60.230,00 euros (sesenta mil douscentos trinta euros)** e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria **9240 4890015 denominada “Subvencións a entidades cidadás para actos socio comunitarios”** do vixente exercicio orzamentario. Se consideran gastos subvencionables os **realizados entre o 16 de outubro de 2024 e o 15 de outubro de 2025**, que se encadren nalgún dos seguintes programas:

- **Programa I:** subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe **de instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, sempre que non impliquen cesión a terceiros onde realicen nelas actividades mercantís ou comerciais**, cunha contía total de **19.230,00 euros**.



Concello de Vigo

O importe máximo subvencionable será de **2.700,00 €**, para cada unha das entidades beneficiarias

· **Programa II:** subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares, cunha contía total de **6.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico, cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **4.000,00 €** para os de ámbito internacional e nacional e de **3.000,00 €** para os de ámbito autonómico.

b) competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións), cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **2.500,00 €**

As entidades interesadas só poderán achegar unha única actividade/proxecto subvencionado ao Programa II, en calquera das súas liñas.

· **Programa III:** subvencións para o deseño e impresión de publicacións promovidos por entidades cunha contía total de **30.000,00 euros**, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias, cun importe máximo subvencionable será de **5.000,00 €**.

b) Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas, cun importe máximo subvencionable de **4.000 €**.

· **Programa IV.** Subvencións para contribuír ao desenvolvemento de actos sociais de promoción de valores cunha contía total de **5.000,00 €**.

O importe máximo subvencionable será de **4.000,00 €**, para cada unha das entidades beneficiarias.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia da xeneración, ampliación ou incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

QUINTA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 15 de novembro de Procedemento Administración Común das Administración Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, **será de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte** á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

12(616).- LISTAS DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS PROVISIONALMENTE, DESIGNACIÓN DE ÓRGANOS DE SELECCIÓN, DATAS E LUGARES DO PRIMEIRO EXERCICIO: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020-2021-2022 (2º FASE) EXPTE. 46469/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta do 04/08/2025, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de data 23/08/2024, aprobáronse a convocatoria e as bases específicas dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes ao anos 2020, 2021 e 2022 (2ª fase) integrada polas prazas seguintes:

- sarxenta/o SPEIS
- cabo SPEIS
- administrativos de Administración Xeral
- auxiliares de Administración Xeral
- técnicos de Administración Xeral
- oficial coidador, mantemento, vixilancia e control Vigozoo
- oficiais de oficios (nas súas distintas categorías)
- axudante de oficios
- diplomado/a traballo social
- técnico/a de xestión
- subalterno/a
- operario/a peón
- alguacil notificador/a

Dito acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 179 (BOPP) de data 13/09/2024 e posteriormente no Diario Oficial de Galicia (DOG) de data 13/11/2024.

II.- A resolución dos recursos presentados contra as citadas bases, foron resolto por acordo da Xunta de Goberno Local de 27 de decembro de 2024, con posterior publicación no BOPP de data 05/02/2025, no DOG do 05/03/2025 e no BOE de 07/04/2025, publicación esta última que serve de referencia para o comezo do prazo de presentación das solicitudes dos distintos procesos.

III.- Coa finalidade de conformar os órganos de selección con persoal voluntario, publicouse anuncio no portal do empregado do Concello de Vigo (na intranet municipal), presentándose voluntariamente as persoas que constan no expediente 44949-220.

-Solicitouse igualmente colaboración para a presentación de posibles candidatos que reúnan os requisitos establecidos nas Bases da convocatoria para formar parte dos órganos de selección as seguintes administracións ou institucións: a AGASP, Axencia galega de emerxencias, á Deputación provincial de Pontevedra e aos concellos de Pontevedra, Ourense, Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol e Lugo. Todo elo co resultado obrante no expediente 44949-220, reducíndose a contestación con persoal que poida cumprir os requisitos, a 3 persoas propostas polo Concello de Santiago de Compostela (persoal administrativo).



Concello de Vigo

Cos datos recabados e seguindo os principios de especialidade e paridade, realizouse proposta para a designación dos membros integrantes dos órganos de selección en informe de data 31/07/2025 incorporado no trámite 8 do presente expediente.

IV.- A relación provisional de persoas admitidas e excluídas e as distintas causas de exclusión, atópanse recollidas nos distintos informes de verificación realizados aos efectos en cada un dos procesos convocados nesta 2º fase.

V- Os traballos de calendarización das probas referidas ao primeiro exercicio (data e lugar), constan incorporados no expediente 47072-220, polo técnico de organización e xestión de RRHH, excepto no referido á praza de "técnico/a de administración xeral na quenda de promoción interna", onde a funcionaria presentou a súa abstención, conforme ao artigo 23.1 a) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector Público, polo que toda a xestión referida a ese proceso concreto será realizada polo técnico de administración xeral instrutor do expediente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- De conformidade co previsto na base sexta das bases xerais: *"Rematado o prazo de presentación de instancias, no prazo máximo de dous meses o órgano municipal competente adoptará acordo en que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as cos motivos da exclusión, así como o lugar e data da realización das probas e a designación dos órganos de selección."*

A resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro de Editos da Corporación, así como na páxina web do concello, e conterá a indicación de que as listas certificadas completas de admitidos e excluídos están expostas ao público no dito Taboleiro de Editos xunto coa composición do órgano de selección. Concédese un prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no Boletín Oficial da Provincia, para a corrección, por parte de quen fose excluído/a, dos defectos a que alude o art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou a súa non inclusión expresa, así como para promover a recusación dos membros dos órganos de selección. A publicación da dita resolución no Boletín Oficial da Provincia será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na invocada lei.

A lista provisional elevarase a definitiva polo transcurso do prazo de reclamacións, se non as houbese. No caso contrario, exporase de novo a lista definitiva, no mesmo lugar que a provisional, así como a resolución das solicitudes de abstención ou recusación, sen necesidade de novo anuncio nos diarios oficiais, nun prazo máximo dun mes a partir da finalización do prazo de reclamacións.

Capítulo II regula a representatividade das organización sindicais así como composición da Mesa Xeral de negociación conxunta de persoal funcionario e laboral: Presidencia, Secretaría e membros da mesa así e as materias obxecto da negociación.

Capítulo III.- Normas xerais de funcionamento establece o réxime de sesións, orde do días, actas e formas de adopción dos acordos.

Disposición Adicional Primeira regula o réxime de renovación dos membros das Mesas con motivo da reestruturación da Corporación e cada cada catro anos con motivo do proceso electoral sectorial.

Disposición Adicional Segunda determina as normas aplicables para o non previsto no regulamento e establece a súa aplicación supletoria ás mesas de negociación que carezan de normas propias de funcionamento, agás no que se refire á composición.

Disposición Final Única. Publicación e entrada en vigor para o cal se remite a Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local.

QUINTO.- Aplicación dos principios de boa regulación.

Conforme o disposto artigo 129 da LPAC, que as Administracións Públicas no exercicio da potestade regulamentaria, actuarán de acordo con os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Na memoria de impacto normativo analízase a adecuación da norma aos principios de boa regulación do artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

SEXTO.- Consulta pública previa sobre a necesidade ou conveniencia da aprobación da norma (artigo 133 da LPAC).

Con carácter previo á elaboración dunha norma o artigo 133 da LPAC articula unha consulta pública a través do portal web do Concello ao fin de recabar a opinión dos suxeitos e organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma respecto de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Non obstante, tal e como dispón o artigo 133.4 poderá prescindirse deste trámite e, entre outros, no suposto de normas organizativas. Neste senso, tal e como se fai constar na memoria de impacto normativo o trámite de consulta previa non opera na tramitación do expediente de aprobación do regulamento proposto polo seu carácter organizativo.

SÉTIMO.- Procedemento

A regulación das ordenanzas/regulamentos no réxime local se atopa na LRBRL do que resulta que trala aprobación do proxecto por parte da Xunta de Goberno Local (art. 127.1.a da LRBRL) e sen prexuízo do establecido no Regulamento Orgánico de Pleno, ha de seguirse o seguinte procedemento:

- a) Ditame da Comisión Informativa que teña atribuída a función de estudo, informe ou consulta .
- b) Aprobación inicial polo Pleno (art. 123.1.d LRBRL) mediante acordo adoptado por maioría simple.
- c) Trámite de información pública e audiencia aos interesados, por prazo mínimo de trinta días, para a presentación de reclamacións e suxestións. Este trámite ten carácter ineludible (STS 29/06/2017 rec. 1964/2016) e lévase a cabo mediante a publicación dun anuncio no BOP indicando o lugar de exposición (art 196 RD 2568/1986). Así mesmo o texto íntegro do proxecto de ordenanza debe publicarse no portal de transparencia (art. 7 c) e art. 7 e) da Lei 19/2013) e estar a disposición a través de medios electrónicos na sede electrónica (art. 83.2 p) da LPAC).



Concello de Vigo

d) Acordo do polo Pleno de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva, se procede. No caso de que non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

d) O regulamento entraría en vigor unha vez que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 LRBRL.

Así mesmo, faise constar

- No expediente consta informe de impacto de xénero (art. 19 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes).
- Consta proxecto de regulamento que recolle as observacións formuladas no informe de impacto de xénero.
- Consta memoria de impacto normativo no marco do principios de boa regulación consagrados no artigo 129 da LPAC e valores de boa administración recollidos no artigo 103.1 CE.

O proxecto de regulamento non require informe de fiscalización por parte da Intervención Municipal xa que aprobación do regulamento non conleva gasto (artigo 214.2 do TRLRFL e artigo 7 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades del Sector Público Local).

Polo exposto elévase a Xunta de Goberno Local como órgano competente para a aprobación dos proxectos de ordenanzas (art. 127.1.a LRBRL) a adopción do seguinte **ACORDO**

PRIMEIRO.- Aprobación do Proxecto de Regulamento de organización e funcionamento da Mesa Xeral de negociación conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo co texto que se transcribe no anexo I da presente proposta de acordo.

SEGUNDO.- Propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Aprobación inicialmente a Regulamento de organización e funcionamento da mesa xeral de negociación conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo co texto que se transcribe no anexo I da presente proposta de acordo.
- 2.- Abrir un período de información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de 30 días hábiles, contados desde o seguinte á publicación do anuncio correspondente ao extracto da aprobación inicial do regulamento no Boletín Oficial da Provincia, indicando o lugar de exposición pública do expediente completo para a presentación de reclamacións e suxestións-
- 3.- Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Pro-

vincia de Pontevedra, entrando en vigor cando haxa transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente expediente a Secretaría Xeral de Pleno para súa ulterior tramitación conforme ao previsto no Regulamento Orgánico de Pleno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

PROXECTO DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN CONXUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DO CONCELLO DO CONCELLO DE VIGO.-

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

CAPÍTULO I: OBXECTO É ÁMBITO

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Ámbito de aplicación e actuación

Artigo 3. Principios básicos da actuación negocial

CAPÍTULO II. COMPOSICIÓN E ORGANIZACIÓN

Artigo 4.- Representatividade e composición da mesa

Artigo 5.- Constitución da Mesa

Artigo 6.- A Presidencia

Artigo 7.- A Secretaría

Artigo 8.- Os membros

Artigo 9. Materias obxecto de negociación

Artigo 10. Asuntos excluídos da negociación colectiva

CAPÍTULO III.- NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

Artigo 11.- Sesións

Artigo 12.- Orde do día

Artigo 13.- Actas

Artigo 14.- Dos acordos

Disposición Adicional Primeira. Renovación dos membros das Mesas

Disposición Adicional Segunda. Normas de aplicación

Disposición Final Única. Publicación e entrada en vigor

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución Española de 1978 na Sección 1ª, do Capítulo 2ª do Título 1ª baixo a rúbrica “Dos Dereitos fundamentais e liberdades Públicas” recoñece no seu artigo 28 o dereito a negociación e representación colectiva xunto o dereito a folga e liberdade sindical.

A Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical desenvolve o artigo 28.1 da CE e materializa o dereito a sindicarse libremente, a elección de representantes sindicais e exercicio da actividade sindical. O dereito fundamental de liberdade sindical comprende entre outros, o dereito dos sindicatos ao exercicio das facultades de negociación colectiva en tanto que constitúe manifestación do libre exercicio da actividade sindical para a reforma e promoven os intereses económicos e sociais que son inherentes a dita actividade sindical (Sentenza do Tribunal Constitucional núm. 105/1992),

No ámbito da función pública o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), no seu capítulo IV do Título III regula a negociación colectiva dos empregados públicos e destaca os principios de legalidade, cobertura orzamentaria, obrigatoriedade da negociación, boa fe, publicidade e transparencia que deben presidir a negociación.

O artigo 36.3 do TREBEP establece a constitución dunha Mesa Xeral de Negociación na Administración Xeral do Estado, en cada unha das Comunidades Autónomas, Cidades de Ceuta e Melilla e Entidades Locais para a negociación de todas aquelas materias e condicións de traballo comúns ao persoal funcionario, estatutario e laboral. Iso sen prexuízo da constitución da Mesa Xeral de Negociación de Funcionarios atendendo a aquilo disposto no artigo 34.1 do propio Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e mesa de laborais.

Pola súa banda, o artigo 15.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), determina que os órganos colexiados das distintas Administracións Públicas en que participen organizacións representativas de intereses sociais poderanlles establecer ou completar as súas propias normas de funcionamento.

Neste contexto, a Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello conxunta en sesión de data 4 de decembro de 2024 acordou a modificación das normas de funcionamento vixentes. Preténdese con iso, establecer un marco común de funcionamento para todas as mesas e así, poder realizar un labor de negociación organizado e á vez áxil que dea resposta aos intereses do persoal empregado público, logrando así unha maior eficiencia na xestión de todas as materias suxeitas a negociación.

CAPÍTULO I: OBXECTO É ÁMBITO

Artigo 1. Obxecto

1. O presente regulamento ten por obxecto establecer as normas de organización e funcionamento da Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello constituída conforme aos artigos 35 e 36 do TREBEP.
2. Así mesmo regula o procedemento para adopción dos acordos así como as restantes condicións formais de validez ou eficacia derivados dos mesmos, nos termos establecidos no artigo 38 do TREBEP.

Artigo 2. Ámbito de aplicación e actuación

1. Estas normas serán aplicables á Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo como órgano de negociación para todas aquelas materias e condicións de traballo comúns a ambos tipos de persoal empregado público.
2. O ámbito de actuación da Mesa Xeral de Negociación Conxunta estenderase ao persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo, exercendo as súas funcións con respecto ás materias comúns previstas na lexislación aplicable na materia.

Artigo 3. Principios básicos da actuación negocial

1. A negociación, dentro do seu ámbito respectivo e en relación coas competencias sobre as materias que son propias efectuarase por ambas as partes baixo o establecido no Capítulo IV, Título III do Estatuto Básico do Empregado Público e conforme aos principios de legalidade, cobertura orzamentaria, obrigatoriedade, boa fe negocial, publicidade e transparencia, coa finalidade de mellorar as condicións de traballo dos empregados públicos, buscando unha maior eficacia e eficiencia no funcionamento da Administración e a calidade do servizo que se presta aos cidadáns.
2. A boa fe, lealdade e cooperación na negociación implicará que as partes se facilitarán cantos datos, informes e documentación sexa necesaria para o bo desenvolvemento de negociación dentro dos límites marcados pola Lei.

CAPÍTULO II. COMPOSICIÓN E ORGANIZACIÓN

Artigo 4.- Representatividade e composición da mesa

1. A Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello é un órgano de composición paritaria, priorizando que se poida cumprir co establecido na lexislación en materia de igualdade de xénero. Neste sentido están lexitimados para estar presentes na mesma, por unha banda, os/as representantes da Administración correspondente, e por outra banda as organizacións sindicais máis representativas tomando en consideración



Concello de Vigo

os resultados obtidos nas eleccións aos órganos de representación do persoal funcionario e laboral deste Concello.

2. De conformidade cos criterios de representación establecidos nos artigos 35.1 e 36.3 do Estatuto Básico do Empregado Público, e artigos 6 e 7 da Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical, a Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo estará integrada, dunha banda, pola representación do Concello, e, por outra, pola representación das organizacións sindicais lexitimadas para iso en proporción á súa representatividade.

3.- A lexitimación para formar parte da Mesa corresponderá nos termos legalmente previstos

- a) Ás organizacións sindicais máis representativas a nivel estatal.
- b) Ás organizacións sindicais máis representativas a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Aos sindicatos que obtivesen nas eleccións sindicais do Concello o 10% de representantes tanto para o persoal funcionario como para o laboral.

4.- Conforme ao artigo 35 do TREBEP, a Mesa estará formada polas persoas que designen as dúas partes negociadoras, establecéndose a composición numérica das Mesas correspondentes sen que ningunha das partes poida superar o número de quince membros:

- Vogais designados pola Corporación: a designación dos membros representativos do Concello, vogais e Secretaría da Mesa, así como as persoas suplentes realizarase mediante Resolución da Alcaldía ou do titular da concellería en que delegue a competencia en materia de recursos humanos.

-Vogais por parte das Organizacións Sindicais: a representatividade de cada unha das organizacións sindicais lexitimadas para estar presentes na Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral determinarase, conforme ao art. 36 de TREBEP, en proporción a suma do conxunto dos representantes obtidos por cada unha delas nos órganos de representación unitarios, Xunta de Persoal e Comité de Empresa. Dita representatividade expresada en porcentaxe será fixada na resolución de composición numérica que se dite tralas eleccións sindicais e determinará o peso do voto ponderado de cada organización sindical.

Non obstante, por acordo de ambas partes poderase establecer a composición da Mesa nun membro vogal por cada organización sindical lexitimada para estar presente na Mesa, correspondendo igual número de membros vogais á parte do Goberno.

5. Cada unha das partes negociadoras poderá designar os membros suplentes en número non superior ao de titulares, cos mesmos dereitos que o titular. As organizacións sindicais comunicarán, por escrito, á Secretaría da Mesa o nome das persoas titulares e as súas suplentes, que poderán actuar indistintamente, sen superar en ningún caso o número que corresponda a cada organización sindical. Dita designación poderá ser modificada en calquera momento. Cando asista á reunión a persoa titular e a súa suplente, entenderase que este último faino en calidade de asesor ou asesora, suxeitándose aos límites da devandita figura.

6. Na composición da mesa procurarase a presenza equilibrada de mulleres e homes conforme a o Plan de Igualdade do Persoal ao Servizo do Concello de Vigo (medida 4.2),

7. As partes negociadoras poderán contar coa asistencia nas deliberacións de asesores ou asesoras, que intervirán con voz, pero sen voto. As persoas asesoras serán como máximo dúas por cada organización sindical, que poderán participar nos debates cando o membro titular lle ceda a quenda de palabra.

Artigo 5.- Constitución da Mesa

1. Conforme ao artigo 35.1 do TREBEP a Mesa quedará validamente constituída cando, ademais da representación do Concello de Vigo e sen prexuízo do dereito de todas as organizacións sindicais lexitimadas a participar nelas en proporción á súa representatividade, tales organizacións sindicais representen, como mínimo, a maioría absoluta en voto ponderado.

2. Ademais, para a válida celebración das sesións, a efectos de deliberacións e toma de acordo, requírese a asistencia da persoa que ocupe a Presidencia e da persoa que ocupe a Secretaría da Mesa, ou, no seu caso de quen os substitúa.

Artigo 6.- A Presidencia

1. O/a presidente/a da Mesa Xeral será o Alcalde ou Alcaldesa ou concelleiro/a en que delegue a competencia en materia de recursos humanos. No caso de vacante, ausencia, enfermidade, ou outra causa legal, o/a Presidente/a será substituído/a seguindo o réxime de substitución previsto na lexislación de réxime local para concelleiros/as delegados/as.

Corresponderá á Presidencia da Mesa

- a) Acordar a convocatoria das sesións da mesa, a iniciativa propia ou a proposta da maioría absoluta das organizacións sindicais lexitimadas.
- b) Fixar a orde do día, tendo en conta, no seu caso, as peticións das organizacións lexitimadas formulada por maioría no período conferido ao efecto e sexan competencia da mesa de negociación.
- c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- d) Dar por concluído o punto da orde do día cando a cuestión estea suficientemente debatida.
- e) Asegurar o cumprimento das leis.
- f) Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.
- g) Impulsar a tramitación e execución dos acordos adoptados na Mesa.
- h) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de Presidente/a da Mesa.

Artigo 7.- A Secretaría

A Secretaría da Mesa de Negociación corresponderá a persoal funcionario do grupo A, subgrupo A1 pertencente a rama xurídica designado pola concelleiro/a delegado en materia de recursos humanos.



Concello de Vigo

Corresponde á Secretaría da Mesa

- a) Asistir ás reunións con voz pero sen voto.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións por orde da Presidencia, así como as notificacións aos membros da Mesa Xeral.
- c) Recibir dos membros da Mesa Xeral os actos de comunicación, notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.
- d) Preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións.
- e) Redactar as actas das sesións
- f) Computar o resultado das votacións.
- g) Expedir certificacións dos acordos aprobados.
- h) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario/a, incluíndo informar aos membros da Mesa Xeral sobre o estado dos acordos adoptados na anterior acta aprobada.

Artigo 8.- Os membros.

1. Corresponde aos membros da mesa

- a) Recibir, cunha antelación de cinco días, o anuncio previo a convocatoria das sesións ordinarias.
- b) Recibir, cunha antelación mínima de dez días para as sesións ordinarias e extraordinarias, a convocatoria contendo a orde do día das reunións, estando a información sobre os temas que figuren na orde do día a súa disposición en igual prazo.
- c) Recibir cunha antelación mínima de dous días hábiles para as sesións extraordinarias prazo que poderá reducirse en casos de situacións extraordinaria ou forza maior nos termos do artigo 11.3.
- d) Participar nos debates das sesións.
- e) Exercer o seu dereito ó voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
- f) Formular rogos e preguntas.
- g) Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.
- h) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de membros da Mesa Xeral.

2. Os membros da Mesa non poderán exercer estas funcións cando concorra calquera motivo de abstención previsto na lei. As responsabilidades e obrigas dos membros da Mesa Xeral son as que se contemplan na lexislación vixente con carácter xeral para a representación sindical e para o persoal empregado público no exercicio das súas funcións, establecéndose o deber de silexio profesional das informacións a que tivesen acceso como consecuencia da súa actuación como membros da Mesa, nos termos do establecido nos artigos 52 a 54 do TREBEP.

Artigo 9. Materias obxecto de negociación

A Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello exercerá as súas funcións con respecto ás materias previstas na lexislación aplicable e vixente

en cada caso. Concretamente as referidas no artigo 37 do TREBEP, así como tamén aquelas outras que poidan ser obxecto desta, a condición de que se trate de materias comúns que reciban un tratamento unitario, para ambas clases de persoal empregado público.

Artigo 10. Asuntos excluídos da negociación colectiva

Con todo, non estará suxeito a negociación

- a) As potestades de organización do Concello sempre que non teñan repercusión sobre as condicións de traballo do persoal empregado público.
- b) A regulación do exercicio dos dereitos da cidadanía e das persoas usuarias dos servizos públicos, así como o proceso de formación dos actos e disposicións administrativas.
- c) A determinación das condicións de traballo do persoal directivo.
- d) Os poderes de dirección e control propios da relación xerárquica.
- e) A regulación e determinación concreta, en cada caso, dos sistemas, criterios, órganos e procedementos de acceso ao emprego público e a promoción profesional.

CAPÍTULO III.- NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

Artigo 11.- Sesións

1.- A Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello reunirse nas dependencias do Concello que ao efecto se habiliten, con carácter ordinario, dúas veces o ano.

2. As convocatorias das sesións ordinarias, xunto coa correspondente orde do día, enviaranse cunha antelación mínima de dez días hábiles a data de celebración. Previamente, a Secretaría comunicará á parte sindical anuncio previo de convocatoria cunha antelación mínima de cinco días hábiles, para que poida efectuar a súa proposta de orde do día. As propostas das materias a incluír na orde do día deben formularse en termos concretos e debidamente motivadas ao obxecto de que poidan ser obxecto de estudo previo para a correcta abordaxe do proceso negocial.

2.- Así mesmo, a Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello reunirse con carácter extraordinario, previa convocatoria da Presidencia cunha antelación mínima de dez días hábiles,

- a) A instancias da Presidencia, con base na urxencia dos asuntos a tratar.
- b) Por acordo entre a representación da Administración e das organizacións sindicais presentes, que poderá producirse ao finalizar cada sesión, con fixación da data de convocatoria.
- c) Por decisión da maioría absoluta das organizacións sindicais presentes na respectiva Mesa que igualmente poderá ser expresada ao finalizar cada sesión.



Concello de Vigo

3.- Non obstante, en casos de extraordinaria urxencia debidamente motivada, poderase convocar sesións cunha antelación mínima de dous días hábiles, prazo que poderá reducirse en casos de situacións extraordinaria ou forza maior. As sesións extraordinarias e urxentes deberán incluír no seu primeiro punto da orde do día a ratificación da urxencia, que deberá ser aprobada polas maioría sindical mediante o sistema de voto ponderado e pola representación da Administración.

4.- A documentación íntegra dos asuntos da orde do día que deban servir ao debate, e no seu caso votación, deberán figurar a disposición dos integrantes da mesa, a través de medios electrónicos, dende o mesmo día da convocatoria. Con carácter previo aos informes que garanten a viabilidade técnica, xurídica e económica do expediente, poderá someterase a negociación unha proposta técnica debidamente asinada.

5.- A sesión da mesa correspondente, convocada en tempo e forma, quedará validamente constituída en tanto que os membros das organizacións sindicais presentes e membros da Administración, representen a maioría absoluta de cada unha das partes conforme ao voto ponderado determinado na constitución xunto coa persoa titular da Presidencia e Secretaría.

6.- As sesións serán convocadas en horarios que non obstaculicen a conciliación das persoas que asistan á mesma conforme a o Plan de Igualdade do Persoal ao Servizo do Concello de Vigo (medida 4.3).

Artigo 12.- Orde do día.-

1. A orde do día das reunións e convocatorias ordinarias conterá os seguintes puntos:

- a) Aprobación da acta da reunión anterior.
- b) Asuntos a tratar na reunión.
- c) Rogos e preguntas: que poderán versar sobre calquera outro asunto non incluído na orde do día e que poida dar lugar ao inicio de negociación e/ou a solicitude de información.

2. Polo que respecta ás extraordinarias, sexan ou non urxentes, a orde do día limitarase aos asuntos para os que se convocou, sen que poidan incluírse rogos e preguntas.

3. Conforme ao artigo 17.4 da Lei 40/2015, non poderán ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que asistan todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría da Mesa.

4. A petición expresa dalgún membro da mesa farase constar en acta o posicionamento ou opinión con respecto a algún punto da orde do día.

5. Cando a acumulación de asuntos sexa considerable e resulten imposible tratalos todos, a Mesa Xeral poderá acordar a orde en que deberán ser debatidos, quedando incluídos no orde do día da sesión seguinte aqueles temas non tratados.

6. A mesa poderá decidir a constitución dos grupos de traballo que considere oportunos para a preparación das propostas que deban ser estudadas e aprobadas por ela.

Artigo 13.- Actas

1.- De cada sesión ou reunión que celebre a mesa levantarase acta, que conterá, polo menos:

- Lugar e data da celebración.
- Hora de comezo e finalización da reunión.
- Nome e apelidos das persoas asistentes de cada unha das partes e a súa representatividade.
- Carácter ordinario ou extraordinario da convocatoria, con indicación da súa urxencia, no seu caso.
- Asuntos comprendidos na orde do día, así como os acordos ou pactos que se adopten, ou no seu caso, indicación de non chegarse a ningún acordo ou pacto.

Na acta figurará, a solicitude dos respectivos membros da Mesa Xeral, o voto ou pronunciamento contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto ou pronunciamento favorable. Calquera integrante da mesa ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que aporte no acto, ou no prazo que sinale a Presidencia, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose constar na acta ou uníndose copia á mesma.

O borrador da acta remitirase con suficiente antelación a todos os membros titulares para a súa aprobación na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

2.- Aos efectos da confección das actas poderase gravar a sesión do cal se informará aos integrantes da mesa. Dita gravación terá o carácter de información auxiliar e de apoio e unha vez aprobada a acta procederase a súa eliminación.

3.- As actas, unha vez aprobadas, serán asinadas pola persoa titular da Secretaría, co visto e prace do titular da Presidencia.

4.- Poderán expedirse certificacións dos acordos da Mesa antes de ser aprobadas as actas que os conteñan, sempre que se faga a advertencia ou condición neste sentido e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente.

Artigo 14.- Dos acordos

1.- Os acordos da Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello requirirán para súa validez, o acordo da maioría de cada unha das representacións: da administración e da parte sindical.



Concello de Vigo

2. Considerando o criterio da proporcionalidade para conformar a unidade de voto da parte da representación sindical, deberá seguirse o sistema de voto ponderado que cada organización sindical ostente segundo a resolución de composición numérica que se dite tralas eleccións sindicais.

3.- O acordos da Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral requirirán para a súa validez e eficacia a aprobación expresa e formal polo órgano competente.

Disposición Adicional Primeira. Renovación dos membros das Mesas

1. A representación da Administración será renovada en caso de reestruturación da Corporación que afecte á mesma.

2. A renovación de representación das Organizacións Sindicais producirase cada catro anos cando conclúa o último proceso electoral sectorial. Con todo, será de aplicación o apartado 1 da disposición adicional primeira da Lei orgánica de liberdade sindical e o artigo 35.2 do TREBEP.

Disposición Adicional Segunda. Normas de aplicación

1. No non previsto neste Acordo, estarase ao disposto no Capítulo IV do RDL 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e, supletoriamente, na lexislación que regule o réxime xurídico dos órganos colexiados das Administracións Públicas, e demais normas de aplicación.

2. O establecido neste Regulamento será de aplicación, con carácter supletorio, ás mesas de negociación que carezan de normas propias de funcionamento, agás no que se refire á composición.

Disposición Final Única. Publicación e entrada en vigor

Este regulamento será publicado no Boletín Oficial da Provincia e producirase a súa entrada en vigor unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local.

14(618).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE “XEFE/A DE SERVIZO DE CONTABILIDADE XERAL”, MEDIANTE CONCURSO ESPECÍFICO. EXPTE. 1915/1102.

Visto o o informe de fiscalización do 28/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 16/07/2025, asinado pola secretaria de goberno local como instrutora do expediente e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- En data 10.06.2025 o Tesoureiro Director Superior Contable e Orzamentario emitiu informe sobre a necesidade da provisión do posto de Xefe/a do Servizo de contabilidade

municipal mediante concurso específico aberto a outras administracións públicas entre funcionarios que den cumprimento aos requisitos esixidos.

2.- En data 11.06.2025 incoouse procedemento de provisión de posto de traballo do posto de traballo de xefe/a do servizo de Contabilidade Municipal baixo a instrución da Secretaria de Goberno Local. No mesmo acto, no marco do establecido na RPT. concedeuse trámite de audiencia aos sindicatos lexitimados para a negociación colectiva conforme o art. 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común ds Administracións Públicas, por un prazo de 10 días hábiles contados dende o seguinte ao da notificación da presente, a efectos de que se poda manifestar a conformidade ou desconformidade coa proposta recibida, na cal se solicita que a convocatoria de provisión definitiva poda ser aberta dende o inicio a persoal de outras Administracións Públicas.

3.- En data 16.06.2025, D Enrique Alonso Rodríguez, en calidade de Secretario de la Sección Sindical de CCOO presenta escrito de alegacións.

4.- En data 1.07.2025, Dna. Iolanda Alonso Regueiro a secretaria da Sección Sindical da CIG , presenta escrito de alegacións

5.- En data 14.07.2025, previa solicitude, emitíuse informe complementario do Tesoureiro Director Superior Contable e Orzamentario.

6.- En data 15.07.2025 emitíuse informe xurídico as alegacións presentadas e elaborouse a proposta de bases de reguladoras da convocatoria pública para a provisión do do posto de traballo de xefe/a servizo de Contabilidade Xeral mediante concurso específico.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballos nas entidades locais ven determinada polo TREBEP ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal á lexislación autonómica sobre función pública que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018). Concretamente o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerese polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da LRBRL remite en materia de provisión as normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas do estatuto básico del empregado público.

E por isto que o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa

- a)** Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente o estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e Texto Refundido de Réxime Local (LRBRL) (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- b)** Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-). e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o



Concello de Vigo

regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, en aquilo que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.

- c) Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RGI, de aplicación supletoria no eido local) e Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado
- d) Regulamentos e ordenanzas locais.
- e) Acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador de condicións económicas e sociais funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo aprobado polo pleno en sesión de data 28.12.1998)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Da provisión do posto de traballo.-

O artigo 101 da LRBRL determina que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polos funcionarios proveeranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos o de libre designación, de acordo con las normas que regulen estos procedementos en todas las Administraciones públicas.

Doutra banda, o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo o que estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerase polas normas que, en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración del Estado.

O artigo 78 do TREBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levará a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A LEPG distingue entre o concurso ordinario como procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na relación de postos de traballo (artigo 90.1) e o concurso específico como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo (artigo 91) sinalando que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública. A opción polo concurso específico reservase para aqueles postos que polas especificacións derivadas das funcións a realizar e as tarefas ou responsabilidades que o caracterizan, a xuízo do órgano administrativo convocante, deban ser incluídos nun concurso específico, a fin de garantir de maneira máis precisa a idoneidade do funcionario que finalmente resulte adxudicatario para o desempeño del puesto convocado (Sentencia Audiencia Nacional de 12 Jun. 2013, Rec. 49/2013).

Non obstante tal e como sinala a STXG 338/2018 cando “ a justificación del sistema de provisión viene contemplada en una norma con rango de Ley no es preciso que en la convocatoria específica se contenga una referencia o defensa particularizada del sistema de provisión elegido.”e engade “ En consecuencia, desde la entrada en vigor de dicha [Ley 2/2015](#), que tuvo lugar a los veinte días de su publicación en el Diario Oficial de Galicia (disposición final quinta, apartado 1), publicación que se produjo el 4 de mayo de 2015, la regla general es que las jefaturas de servicio han de proveerse por el sistema de concurso específico”

Neste senso, segundo a memoria xustificativa da RPT do ano 2022 serán obxecto de provisión polo sistema de concurso específico as xefaturas de servizo que segundo o sinalado na guía de funcións e que segundo a RPT vixente teñen complemento de destino 28 e postos de nivel equivalente”. Entre elas se atopa o posto de Xefatura de Servizos de Contabilidade Xeral

Así mesmo, respecto a provisión do postos, a RPT vixente que incorpora a redacción da RPT aprobada en 2022 determina “ Visto que relación de postos de traballo (BOP núm. 183, de data 19.09.2024) vixente determina que con carácter xeral a convocatoria de provisión dos postos están dirixidas aos funcionarios da propia administración. Non obstante conforme ao establecido no artigo 101.1 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e artigo 38.5 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia funcionarios doutras Administracións poderán ocupar os postos de Xefatura de área/ Xefatura de Servizo/letrado asesor, xefatura de Servizo/xfatura de departamento/xfatura de sección/ xefatura de unidade Asesor/a adxunto relacionados poidan abrir a súa provisión a persoal externo do Concello, circunstancia que se materializará, no seu caso, nas respectivas convocatorias de provisión de postos de traballo”

Consta no expediente solicitude de data 10.06.2025 e posterior informe de data 11.07.2026 do Tesoureiro Director Superior Contable e Orzamentario de provisión do postos e apertura de concurso específico aberto a outras administracións públicas entre funcionarios que den cumprimento aos requisitos esixidos. Conforme dito informe o posto de Xefe/a Servizo Contabilidade Xera está vacante, ten unha dotación do orzamento vixente de 68.400,84 euros, existindo dotación axeitada e suficiente para afrontar a provisión do posto no ano 2025.

Segundo.- Das alegacións presentadas no trámite de audiencia.

No trámite de audiencia aos sindicatos lexitimados para a negociación colectiva presnetaron alegacións:

A) Por parte de CCOO alégase o seguinte:

- Considera que a apertura do posto a persoal doutras administracións pública afecta cálculo da taxa de reposición de efectivos que debe ser considerada para o deseño e negociación da oferta de emprego público do ano 2025 polo que resultaría obrigado debater primeiro, no seo da correspondente Mesa Xeral de Negociación, a oferta de emprego de 2025 e as concretas prazas aplicaráselle as limitacións derivadas da taxa de reposición de efectivos, previa convocatoria da correspondente Mesa de Negociación.

- Vulneración da normativa vixente en relación ao réxime de mobilidade administrativa (art. 38.5, 208 e art. 104 de la LEPG.



Concello de Vigo

- A proposta remitida contravén os criterios xerais reitores para a provisión, mediante concurso específico, dos postos de traballo correspondentes aos subgrupos A1 e A2 de titulación do Concello de Vigo, oportunamente aprobados tras a negociación colectiva efectuada na Mesa Xeral de Negociación celebrada en datas 10/03/2023 e 08/05/2023, e publicados no BOP de Pontevedra do 22 de marzo de 2024, xa que en ningún momento foi negociada, cos axentes sociais, a posibilidade de abrir as convocatorias dos concursos de méritos dos subgrupos A1 e A2 ao persoal proveniente doutras administracións públicas e, nin moito menos, á marxe da debida reciprocidade institucional con outras administracións públicas.

En relación as alegacións cómpre sinalar o seguinte:

En relación a obriga da aprobar a oferta pública de emprego o art 70.2 do TREBEP determina *“A Oferta de emprego público ou instrumento similar, que se aprobará anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas, deberá ser publicada no Diario oficial correspondente.”*

No ámbito local, o artigo 91 da LRBRL dispón que Corporacións locais formularán publicamente a súa oferta de emprego, axustándose aos criterios fixados na normativa básica estatal e conforme o artigo 128.1 do TRRL *“As Corporacións locais aprobarán e publicarán anualmente, dentro do prazo dun mes desde a aprobación do seu Orzamento, a oferta de emprego público para o ano correspondente, axustándose á lexislación básica do Estado sobre función pública e aos criterios que regulamentariamente se establezan en desenvolvemento da normativa básica estatal para a súa debida coordinación coas ofertas de emprego do resto das Administracións Públicas.”*

A oferta pública de emprego de atopa condicionada ao cálculo da taxa de reposición de efectivos -TRE- de cada ano *“instrumento co que se concreta a planificación e outórgaselle dimensión en termos de efectivos con respecto do persoal actual”* (art. 20.Un LPGE 2023), magnitude calculada sobre as altas e baixas definitivas de persoal do exercicio anterior (art. 20.Tres LPGE 2023).

Efectivamente o artigo 20 da LPGE 2023 determina *“Para calcular la tasa de reposición de efectivos el porcentaje de tasa máximo autorizado se aplicará sobre la diferencia entre el número de empleados fijos que, durante el ejercicio presupuestario anterior, dejaron de prestar servicios y el número de empleados fijos que se hubieran incorporado en el referido ejercicio, por cualquier causa salvo los supuestos previstos en el apartado tres.4, o reingresado desde situaciones que no conlleven la reserva de puestos de trabajo.”*

A estos efectos se computarán los ceses por jubilación, retiro, fallecimiento, renuncia, declaración en situación de excedencia sin reserva de puesto de trabajo, pérdida de la condición de funcionario de carrera o la extinción del contrato de trabajo, o en cualquier otra situación administrativa que no suponga la reserva de puesto de trabajo o la percepción de retribuciones con cargo a la Administración en la que se cesa.

Igualmente, se tendrán en cuenta las altas y bajas producidas por los concursos de traslados a otras Administraciones Públicas, así como las producidas como consecuencia de lo dispuesto como consecuencia de lo dispuesto en el apartado seis.3 de este artículo y en el apartado Uno.3 e las disposiciones adicionales vigésima primera, vigésima segunda y vigésima tercera respecto de la movilidad del personal con una relación preexistente, fija e indefinida en el sector de que se trate.”

O cálculo aritmético da TRE realízase sobre as baixas e altas definitivas do exercicio anterior do que resulta que para o cálculo da TRE correspondente ao ano 2025 tómase como referencia o exercicio orzamentario 2024 e, conseguintemente, para o cálculo da TRE correspondente ao ano 2026 deberá tomarse como referencia o exercicio orzamentario 2025. E por isto que as baixas o altas que se produzan no ano en curso afectarán, no seu caso, a oferta pública de emprego do ano 2026. Procede, polo exposto, desestimar a alegación neste punto.

Respecto a vulneración da normativa vixente en relación ao réxime de mobilidade administrativa (art. 38.5, 208 e art. 104 de la LEPG alegada pola sección sindical, cómpre remitir ao xa informado pola funcionaria que subscribe o presente informe en data 9.03.2022 con motivos das alegacións presentadas polo Secretario da sección do Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia no trámite de audiencia previo ao acordo modificación da RPT respecto do sistema de provisión dos postos de traballo dos subgrupo A1 e A2 (expediente nº 1690-110) no que se fai constar:

"En primeiro lugar cómpre manifestar que a relación de postos de traballo aprobada pola Xunta de Goberno local en sesión de data 20.09.2010 e instrucións sobre plantilla máis anexos que foron rectificadas por sesión do mesmos órgano 11 de outubro e 2 de novembro de 2010 determina no apartado 9 << As convocatorias de concurso ou de libre designación, efectuaranse con carácter interno, agás que en cada unha delas a Corporación acorde abrilas a outro colectivo de funcionarios.>>

O artigo 101 da LRBRL, de carácter básico, determina" los puestos de trabajo vacantes que deban ser cubiertos por los funcionarios a que se refiere el artículo anterior se proveerán en convocatoria pública por los procedimientos de concurso de méritos o de libre designación, de acuerdo con las normas que regulen estos procedimientos en todas las Administraciones públicas.

En dichas convocatorias de provisión de puestos de trabajo, además de la participación de los funcionarios propios de la entidad convocante, podrán participar los funcionarios que pertenezcan a cualquiera de las Administraciones públicas, quedando en este caso supeditada la participación a lo que al respecto establezcan las relaciones de puestos de trabajo.

E o artigo 38.5 do TREPG determina "As relacións de postos de traballo sinalarán expresamente os postos abertos á provisión por persoal funcionario ou laboral procedente doutras administracións públicas, os cales non superarán o sete por cento do número total de postos de traballo que poidan ser cubertos por persoal funcionario ou laboral, respectivamente, salvo que por convenio entre as administracións públicas interesadas se estableza unha porcentaxe superior atendendo a criterios de reciprocidade". O artigo 208.1 da LEPG refírese a administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no está referido a apertura de postos da administración local a outros funcionarios.

Dentro deste marco normativo a proposta de xeito motivado recolle a posibilidade, non a obrigatoriedade, de que os postos de traballos a proveer por libre designación ou concurso específico (porcentaxe inferior ao 7% dos postos do Concello) se abran a persoal doutras administracións. Serán as bases da convocatoria de provisión de cada posto as que en atención as circunstancias concorrentes en cada momento materialicen ou non esa posibilidade de xeito que para que persoal funcionario doutras administracións poida ocupar postos do Concello de Vigo requírese que, ademais de que esos postos figuren nas



Concello de Vigo

relacións de postos de traballo como postos que se poidan ofrecer a aqueles, tamén debe expresarse nas oportunas convocatorias de concurso ou de libre designación.

Non obstante, clarificarase na memoria xustificativa e informe proposta que a posibilidade de apertura dos postos relacionados a persoal funcionario doutra administración materializará, no seu caso, nas respectivas convocatorias de provisión de postos de traballo."

Cómpre sinalar que conforme o disposto no artigo 37.1.c) do TREBEP, a RPT 2022 foi sometida a mesa de negociación en data 18.03.2022 e posterior de data 2.05.2022 e 1.07.2022. Así mesmo a RPT vixente que incorpora a mesma redacción que a RPT do ano 2022 f sometida a negociación en data 7.05.2024.

A RPT vixente incorpora a redacción da RPT aprobada en 2022 determina “ *Visto que relación de postos de traballo (BOP núm. 183, de data 19.09.2024) vixente determina que con carácter xeral a convocatoria de provisión dos postos están dirixidas aos funcionarios da propia administración. Non obstante conforme ao establecido no artigo 101.1 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e artigo 38.5 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia funcionarios doutras Administracións poderán ocupar os postos de Xefatura de área/ Xefatura de Servizo/letrado asesor, xefatura de Servizo/xfatura de departamento/xfatura de sección/ xefatura de unidade Asesor/a adxunto relacionados poidan abrir a súa provisión a persoal externo do Concello, circunstancia que se materializará, no seu caso, nas respectivas convocatorias de provisión de postos de traballo*”. E por isto polo que procede desestimar as alegacións neste punto.

B) Por parte da CIG preséntase escrito de alegación no que solicita “*Que se anule o dito proceso por considerar que a convocatoria aberta a outras administracións contravén ao acordado na Mesa Xeral de Negociación do ano 2023 en relación á convocatoria das xefaturas de servizo na que se acordou que se abrían as ditas convocatorias a persoal doutras administracións públicas só se tras a convocatoria ao persoal do Concello de Vigo, esta quedara deserta. Así mesmo non se recolle expresamente na RPT que este posto será cuberto cunha convocatoria aberta a outras administracións tal e como establece a Lei do emprego público de Galicia polo que entendemos que non se pode convocar directamente aberto a persoal doutras administracións. Que se volva a convocar o concurso específico da Xefatura de Contabilidade cun proceso restrinxido a persoal do Concello de Vigo. E de quedar este deserto, facer unha nova convocatoria aberta a persoal doutras administracións públicas*”. Posteriormente

Art. 38.3 TREBEP dispón: “*3. Los Acuerdos versarán sobre materias competencia de los órganos de gobierno de las Administraciones Públicas. Para su validez y eficacia será necesaria su aprobación expresa y formal por estos órganos Cuando tales Acuerdos hayan sido ratificados y afecten a temas que pueden ser decididos de forma definitiva por los órganos de gobierno, el contenido de los mismos será directamente aplicable al personal incluido en su ámbito de aplicación, sin perjuicio de que a efectos formales se requiera la modificación o derogación, en su caso, de la normativa reglamentaria correspondiente*”.

Conforme o artigo 38.3 TREBEP os acordos da Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral requirirán para a súa validez e eficacia a aprobación expresa e formal polo órgano competente. Neste senso a RPT vixente aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 6.09.2024 previa negociación sindical en data 7.05.2024 determina expresamente nos mesmo termos que a RPT aprobada en 2022 sometida a negociación en

data 18.03.2022, 2.05.2022 e 1.07.2022 os postos abertos á provisión por persoal funcionario ou laboral procedente doutras administracións públicas. Concretamente a RPT di *“Con carácter xeral a convocatoria de provisión dos postos están dirixidas aos funcionarios da propia administración. Non obstante conforme ao establecido no artigo 101.1 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e artigo 38.5 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia funcionarios doutras Administracións poderán ocupar os postos de Xefatura de área/ Xefatura de Servizo/letrado asesor, xefatura de Servizo/xfatura de departamento/xfatura de sección/ xefatura de unidade Asesor/a adxunto relacionados poidan abrir a súa provisión a persoal externo do Concello, circunstancia que se materializará, no seu caso, nas respectivas convocatorias de provisión de postos de traballo”*.

Cómpre indicar que dito acordo trae causa da memoria xustificativa da relación de postos de traballo do ano 2002 aprobada pola Xunta de Goberno Local en data 23.09.2022 na que se sinala “ (...) se propón que os postos de xfatura de Servizo/xfatura de departamento/xfatura de sección/ xefatura de unidade e Asesor/a adxunto poidan abrir a súa provisión a persoal externo do Concello, circunstancia que se materializará, no seu caso, nas respectivas convocatorias de provisión de postos de traballo. A proposta ven motivada porque existe na actualidade unha importante necesidade de persoal no Concello, en concreto de personal de perfil eminentemente técnico que dé resposta as novas e máis complexas obrigacións e responsabilidades que derivan das novas disposicións legais do Estado e Comunidade Autónoma e a maioría do persoal técnico de nivel A1 está ocupando xefaturas de postos ou mediante encomenda desenvolvendo ditas funcións. No obstante os postos de provisión de libre designación requiren dun perfil con determinada experiencia e coñecementos polo que posibilidade de apertura de ditos postos a outro persoal funcionarios doutras Administracións pode contribuír a achegar coñecementos e destrezas moi útiles a favor desta entidade local. Sempre é útil poder contar con maior número de posibles candidatos para ocupar postos vacantes, porque os perfís e méritos a comparar serán maiores e pode supoñer que se doten con persoal con maior experiencia aproveitando deste xeito os recursos humanos, en aras de garantir a eficacia do servizo que se preste a los ciudadanos (artigo 84.1 do TREBEP)”

E por isto que conforme a RPT a provisión do posto Xefatura de Servizo de Contabilidade poderá abrirse a persoal doutras administracións cando así o prevé a convocatoria. A ditos efectos, no expediente consta, conforme o artigo 35 da LPAC e seguindo actuacións precedentes (expte 46508/220) ,informe xustificativo da apertura do provisión do posto de Xefatura da Contabilidade municipal a persoal doutras administracións en consonancia coa memoria xustificativa da RPT 2022. E por isto polo que procede desestimar as alegacións.

Terceiro.- Do procedemento.-

Consta no expediente a resolución de incoación, e as bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión do posto de xefe/a do servizo de Contabilidade Municipal que se incorporan como anexo a proposta de acordo. As bases incorporan os criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo aprobados pola Xunta de Goberno Local en data 15 de marzo de 2024 e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024 resultantes da negociación colectiva coa representación sindical.

O órgano competente para a aprobación das bases de provisión do posto e convocatoria é a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL.

E por isto polo que se eleva a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal a adopción do seguinte , **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegación presentadas pola Secretario da sección sindical de CCOO do Concello de Vigo e pola Secretaria da sección sindical da CIG no trámite de audiencia segundo a motivación exposta no segundo apartado das consideracións xurídicas do presente informe proposta.

SEGUNDO.- Aprobar as bases reguladoras transcritas no Anexo I, para a provisión do posto de xefe/a do servizo de Contabilidade Municipal mediante o sistema de concurso específico.

TERCEIRO- Convocar o procedemento para a provisión do posto referenciado no apartado anterior.

CUARTO. - Publicar a convocatoria xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Vigo. O anuncio co extracto da convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG), no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DO DO POSTO DE TRABALLO DE XEFE/A SERVIZO CONTABILIDADE XERAL MEDIANTE CONCURSO ESPECIFICO (1915-1102).

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a provisión dun posto de traballo vacante e dotado economicamente nos orzamentos deste Concello, reservado a persoal funcionario de carreira do subgrupo A1 mediante o procedemento de concurso específico.

O posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicada no BOP de Pontevedra núm. 183, do 19.09.2024 coas seguintes características:

- Denominación do posto: Xefe/a do Servizo de Contabilidade Xeral
- Servizo no que se adscribe: Contabilidade
- Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 1430101
- Escala: Administración Xeral/Administración Especial
- Subescala: Subescala Técnica/Subescala Técnica Superior

- Grupo: A1
- Titulación requirida: 8 (Grao en ciencias económicas ou empresariais ou equivalente).
- Complemento de destino: 28
- Complemento específico anual: 35227,64€
- Sistema de provisión: concurso específico

Funcións: as establecidas nas guías de funcións para o posto de Xefatura de Servizo publicada no portal de transparencia <https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es>.

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública terá en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario.

SEGUNDO.- SOLICITUDES

1. Para presentar a solicitude o aspirante deberá ter unha antigüidade mínima de 3 anos como funcionario de carreira do Concello de Vigo ou de calquera das Administracións Públicas Territoriais (Administración do Estado; Administración das CCAA; Entidades integrantes da Administración Local).

Aquelas persoas que se atopen en situación de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar (artigo 89.2 e 3 do TREBEP) ou en situación de servizos especiais (art. 87 do TREBEP), só poderán participar no presente concurso se, a data do último día de presentación de solicitudes para participar no presente concurso, permaneceron na devandita situación durante un mínimo de dous anos.

Os funcionarios de carreira que desexen participar nesta convocatoria presentarán por medios electrónicos a instancia en modelo facilitado polo Concello e na páxina web do Concello no rexistro electrónico xeral do Concello durante o prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

2. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.
- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados polos aspirantes, salvo que consten no seu expediente persoal existente no arquivo do área de RRHH e Formación



Concello de Vigo

do Concello. En caso de non constar no citado expediente, deberán ser achegados coa instancia para que poidan ser valorados. Non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos na data de finalización do prazo de presentación de instancias.

- Memoria requirida no apartado cuarto (segunda fase).

3. Vinculación da solicitude. Unha vez transcorrido o período de presentación de instancias, non poderá renunciarse ás solicitudes formuladas e estas serán vinculantes para o peticionario e o destino adxudicado será irrenunciable, salvo que se obteña outro destino mediante convocatoria pública antes de finalizar o prazo de toma de posesión.

4. Non se admitirá en ningún caso a presentación de memorias con posterioridade a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. A falta de presentación da memoria ou, no seu caso, o incumprimento dos requisitos que debe reunir a indicada memoria, ou a non comparecencia ao acto público para a súa exposición e defensa, comportará automaticamente a exclusión do aspirante do proceso de provisión.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da segunda fase.

TERCEIRO.- RELACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.

1. Lista provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicarase unha lista de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta relación publicarase na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos.

2. Prazo reclamacións. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, para poder emendar o defecto que motivara a súa exclusión. A estimación ou desestimación desta petición entenderase implícita na elevación da lista de admitidos e excluídos con carácter definitivo.

3. Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos que será publicada na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos. Contra dita resolución os aspirantes excluídos poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, no prazo dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución nos medios anteriormente sinalados, ou poderán impugnalas directamente na orde xurisdiccional contencioso-administrativa no prazo de 2 meses, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución nos medios anteriormente sinalado.

CUARTO.- BAREMO PARA PUNTUACIÓN DOS MÉRITOS.-

Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa e do acordo de aplicación integrándose polos seguintes méritos avaliáveis:

Este concurso específico consta de dúas fases: Na primeira fase valoraranse os méritos xerais e específicos adecuados ás características do posto convocado e na segunda fase a Memoria. Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias.

PRIMEIRA FASE: Méritos xerais e específicos. A puntuación máxima da primeira fase, méritos xerais e específicos será de 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase.

A).- Méritos xerais.- A valoración máxima dos **méritos xerais** será de 20 puntos.

1.1.1– Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)

O grao persoal consolidado como persoal empregado público do Corpo/Escala desde o que se participa valorarase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado, 4 puntos.

Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado, 3 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado, 2 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado, 1 punto.

1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)

Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de persoal empregado público ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados

1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante (ata un máximo de 1 puntos).

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.

- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.

- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.

- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.8)”

1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.- (ata un máximo de 5 puntos)

1.1.5.1 Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificación de aproveitamento, puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.

- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Valoraranse unicamente aquelas accións formativas recibidas, sempre que fosen organizadas por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das Administracións Públicas, centros oficiais de formación, as organizacións sindicais, o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos ou polo resto de administracións pública. Igualmente deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o

de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorárase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio non serán obxecto de baremación os cursos básicos de carácter obrigatorio impartidos inicialmente en materia de prevención de Riscos Laborais.

1.1.5.2.- Impartición de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa área de experiencia de cada posto de traballo que se convoca, no ámbito da Administración Pública e directamente relacionados co posto de traballo que se convoca, puntuarase por 0,05 puntos por cada hora do curso.

Non se puntuarán os cursos que se refiran a materias diferentes ás funcións do posto de traballo que se convoca.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A puntuación máxima a acadar coa suma dos apartados 1.1.5.1, 1.1.5.2 será dun máximo de 5 puntos.

1.1.6. - Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos)

Valorarase a titulación académica universitaria oficial sempre que sexa distinta á utilizada para o ingreso no corpo/escala desde o que se concursa e sexa de igual ou superior nivel académico. As titulacións valoraranse de forma acumulativa.

- Máster oficial universitario: 0,30 puntos.
- Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.
- Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.
- Doutoramento: 0,70 punto
- Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.

1.1.7.-Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 puntos.
- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos.

B).- Méritos específicos. A valoración máxima dos **méritos específicos** será de 20 puntos.

A valoración máxima dos méritos específicos será de 20 puntos. Valoraranse os seguintes méritos específicos:

1.1.8. Experiencia profesional (ata un máximo de 8 puntos)

Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:

1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo.

2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo.

3- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino inferior ao 24 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,025 puntos por cada mes completo.

4- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,020 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A experiencia profesional no servizo que se convoca que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.4.

1.1.9.- Formación específica (ata máximo 12 puntos)

Cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca.

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento ou asistencia, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A acreditación dos méritos para valorar nesta base realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial ou homologado polas Administracións Públicas ou centros oficiais de formación que organicen o curso, onde se indique o número de horas, con indicación no seu caso do aproveitamento.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas.

Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

SEGUNDA FASE: MEMORIA (ata un máximo de 10 puntos)

Elaboración e defensa dunha memoria que terá como obxecto unha análise das tarefas e funcións do posto de traballo, así como dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, tendo como base a descrición que consta na ficha descritiva do posto de traballo adxunto as bases.

A memoria evidenciará o coñecemento do contido funcional do posto, sus características, condiciones, medios necesarios e propostas organizativas e desenvolverá os seguintes apartados

- 1.- Análise das tarefas do posto, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento
- 2.- Plan de organización do traballo
- 3.- Proxecto de mellora funcional
- 4.- Conclusións

A memoria terá unha extensión máxima de 50 páxinas e elaborarse dando cumprimento ás seguintes características técnicas: interliñado 1,5, letra "arial", 12 puntos, paxinación ao final de cada páxina e impresión a dúas caras.



Concello de Vigo

As persoas candidatas deberán proceder á defensa e exposición da memoria ante a comisión de valoración, durante un tempo de 30 minutos.

Os aspirantes serán convocados para a exposición e defensa pública pola Comisión de Valoración correspondente cunha antelación de, como mínimo, 3 días hábiles.

Os aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da exposición

No acto de defensa da memoria poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (máximo 1 DIN-A4 polas dúas caras).

Tras a oportuna defensa da memoria, a comisión de valoración poderá efectuar as preguntas que considere conveniente acerca do seu contido, así como de calquera dos aspectos desenvolvidos durante a exposición. A comisión, valorará a través da memoria e da súa correspondente exposición e defensa oral os seguintes aspectos:

- a) A estrutura formal e a claridade.
- b) O contido e a capacidade de análise das tarefas do posto de traballo e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.
- c) A capacidade de planificación, innovación, determinación de prioridades e toma de decisións.
- d) Liderazgo de equipos: capacidade de xestión e motivación
- e) Capacidade de impulsar a implantación e revisión de estratexias e iniciativas de melloras competencias dixitais
- f) Capacidade de resolución de conflitos

A avaliación da memoria efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión avaliadora desbotando para estes efectos a máxima e a mínima concedidas. As puntuacións outorgadas, así como a avaliación final, deberán reflectirse na acta que se redactará para o efecto.

Unha vez outorgada a puntuación da memoria, a comisión levantará a acta correspondente que será publicada no prazo máximo dos cinco días seguintes a data da exposición, e na que deberán figurar os criterios de valoración aplicados pola comisión.

Establecerase unha puntuación mínima total de 25 puntos para a adxudicación do posto de traballo.

Criterios de desempate.- En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme á puntuación obtida, no seu caso, na segunda fase, e se persistise ou en defecto de segunda fase pola obtida nos seguintes apartados na orde que se indica

- a) Pola valoración do traballo desenvolvido
- b) Polo grao persoal consolidado
- c) Cursos de formación e perfeccionamento
- d) Data de ingreso como funcionario de carreira, no Corpo, Escala ou Categoría dende a que concursa
- e) Sexo infrarrepresentado
- f) Sorteo

QUINTO.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

A comisións de valoración estarán formadas por: un presidente, tres vocais, e un secretario e quedarán integradas, ademais, polos respectivos suplentes, que serán designados xunto cos titulares con motivo da aprobación da relación definitiva de aspirantes admitidos cuxa publicación realizárase como mínimo 48 horas antes da súa constitución,

As comisións de valoración serán predominantemente técnicas e deberán axustarse aos principios de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuaranse ao criterio de paridade entre home e muller. As persoas integrantes da comisión deberán estar desempeñando un posto de nivel xerárquico igual ou superior ao do posto convocado.

Todos os membros da comisión de valoración terán voz e voto. O procedemento de actuación da comisión de valoración axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

As comisións de valoración poderán solicitar a designación de persoas expertas que, en calidade de asesoras, actuarán con voz pero sen voto.

As comisións de valoración fixará a puntuación que corresponda aos participantes na provisión de postos de traballo vacantes no Concello de Vigo, segundo os mérito establecidos na cláusula quinta.

A proposta que, de acordo con o establecido no apartado anterior, realicen as comisións de valoración, terá o carácter vinculante para o órgano encargado da resolución da convocatoria do concurso.

Unha vez as comisións de valoración fixesen valoración provisional do concurso, esta publicárase no taboleiro de anuncios do concello, podendo formular os aspirantes reclamación nos seguintes 10 días hábiles, no seu caso.

Unha vez examinadas e resoltas polas comisións as reclamacións, se as houberse, procederase a elevar proposta definitiva da resolución do concurso, entendendo a estimación ou desestimación das reclamacións implícita na proposta definitiva da resolución do concurso.

A Xunta de Goberno Local procederá a realizar o correspondente nomeamento, de conformidade coa proposta anterior.

O prazo para a resolución do concurso será de tres meses contados desde o día seguinte ao de fiscalización do prazo de presentación de solicitudes.

SEXTO.- TOMA DE POSESIÓN

O prazo de cesamento será de 3 días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no BOP.

O prazo de toma de posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia ou de sete días hábiles si comporta cambio de residencia e comezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento. Cando a persoa adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será dun mes.

O/a concelleiro/a delegado/a da área de Goberno onde preste servizos o funcionario poderá, mediante comunicación a Área de RRHH e Formación diferir o cesamento por necesidades do servizo, ata vinte días naturais. Excepcionalmente, a proposta do concelleiro/ delegado de área de goberno correspondente, poderá, por esixencias do normal funcionamento dos servizos do concello, aprazar a data do cesamento ata un máximo de tres meses, computada a prórroga prevista con anterioridade.

O cómputo dos prazos de posesión iniciarase cando terminen os permisos ou licenzas que, no seu caso, fosen concedidos aos interesados. Nos suposto de incapacidade temporal o cómputo do prazo iniciarase a partir da correspondente alta.

O prazo de posesión considerarse como de servizo activo, comezando os efectos económicos no novo destino desde a data de cesamento no de procedencia.

Os destinos adxudicados consideraranse de carácter voluntario, non xerando dereito ao abono de indemnizacións por concepto algún, sen prexuízo das excepcións previstas no réxime de indemnizacións por razón de servizo.

O persoal funcionario de carreira que non tome posesión do posto de traballo adxudicado no prazo establecido decaerá nos dereitos que lle poidan corresponder e, de ser o caso, será declarado en situación de excedencia voluntaria por interese particular, nos termos que regulamentariamente se determinen..

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello.

Así mesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

OITAVO.- RECURSOS

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

15(619).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN PARA A “RENOVACIÓN INTEGRAL DE INSTALACIÓN HIDRÁULICA EN PAVILLÓN DO BERBÉS POR AGOTAMENTO DE VIDA ÚTIL”. EXPTE. 6649/443. Sométese a aprobación o informe-proposta do 29/07/2025, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe de Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Por parte da Concellería de Deportes, remítese proxecto de execución para a "RENOVACIÓN INTEGRAL DE INSTALACIÓN HIDRÁULICA EN PAVILLÓN DO BERBÉS POR AGOTAMENTO DE VIDA ÚTIL", redactado polos Enxeñeiros Industriais D. Antonio Reboreda Fernández e D. Antonio Reboreda Martínez, de data xuño de 2025 e con data da sinatura dixital 17 de xullo de 2025.

II.- O Xefe do Servizo de Deportes – Director Deportivo e o Xefe da Área de Servizos Xerais en data 31 de xaneiro de 2025 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, en data 3 de febreiro de 2025 resolveu iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

III.- A actuación desenvólvese no Pavillón Municipal do Berbés, situado na parcela con referencia catastral 2261801NG2726S0001FH, en Vigo, Pontevedra.

Tras inspección da instalación hidráulica, obsérvase que as tubaxes hidráulicas e elementos presentan un estado deteriorado polo esgotamento da súa vida útil, que poden producir efectos negativos na calidade da auga. Adicionalmente, existen algúns puntos con azulexos danados ou deteriorados polo paso do tempo e polas sucesivas reparacións que o propio mantemento e uso do edificio implica.

Para solucionar esta problemática, se renovará as tubaxes de auga quente sanitaria (ACS), auga fría sanitaria (AFS) e retorno de auga quente sanitaria (RACS) para o servizo de aseos, vestiarios e duchas no pavillón de referencia. As obras a executar son as que se describen a continuación:

Retirada das tubaxes existentes mediante corte en toda a súa lonxitude. Traslado de aparatos con chaves e saídas empotradas en superficie e retirada de elementos fora de uso.

Renovación da rede de auga fría sanitaria con tubo monocapa en polipropileno, e na rede de auga quente sanitaria e retorno de auga quente sanitaria utilizarase tubaxes de polipropileno reforzada con fibra de vidro. As tubaxes serán de diámetro igual ao orixinal para manter a presión e caudal, e a súa instalación realizarase en paralelo á existente.

Utilización de tubaxe de aceiro inoxidable á vista fixada ao paramento nos tramos sen falsos teitos.

Renovación das duchas en superficie alimentadas inferiormente por tubaxes de aceiro. Se manteñen grifarías existentes dos aparatos (grifos, lavabos, inodoros...), con previsión de renovación dalgunha unidade en fase de obra.

Actuacións complementarias:

- Eliminación de restos de ancoraxes, tubaxes empotradas ou aparatos sanitarios, procedendo a revestir os paramentos co mesmo material (azulexo, ladrillo con revestimento de mortero....) e pintado posterior.
- Selado de perforacións e ocos en paredes.
- Resto de traballos de albanería complementarios ás actuacións.

Fundamentalmente o obxectivo da actuación é a renovación integral da rede hidráulica no Pavillón Municipal do Berbés, e levarase a cabo con criterios acordes a actuacións similares, que pivoten na sostibilidade das actuacións proxectadas, facilidade de mantemento, alta calidade de materiais e criterios de seguridade.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de TRES (3) MESES.

IV.- A Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 24.07.2025 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(...)

O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana De Vigo (PXOU93) vixente, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993 (DOG no87, do 10/05/1993; BOP no133, do 14/07/1993), coas súas modificacións puntuais, e o Instrumento de Ordenación Provisional (IOP) aprobado definitivamente polo Pleno o 24.07.2019, publicación no DOG no 160 do 26.08.2019 e a súa normativa foi publicada no BOP Pontevedra no181 do 20 de setembro de 2019. Por outro lado, encóntrase aprobado definitivamente, por acordo Plenario de data 26/05/2025, e pendente nestes momentos da súa entrada en vigor, o PXOM 2025.

A parcela onde desenvólvese a actuación localízase en solo urbano consolidado, e segundo o PXOU93 está

destinada a equipamentos. No PXOM 2025 indicase que a parcela está destinada a equipamentos con denominación SX-EQ-DE-326 (Ex). As obras non modifican o uso nin a volumetría do edificio, polo que cumpren coa normativa urbanística.

As obras previstas localízanse nun edificio con afección do perímetro de protección de Patrimonio arquitectónico do conxunto IF.00.006 e AC.00.007, pero dado que son obras interiores que non implican movementos de terras, non se considera preciso solicitar autorización sectorial.

Aínda que o pavillón atópase dentro da zona de servidume aeronáutica do Aeroporto de Vigo, tal como indica o proxectista no apartado 14 da Memoria, trátase de obras interiores polo que non se considera necesario solicitar autorización ao organismo competente.

Tal como indica o apartado 12 da Memoria, as actuacións definidas no proxecto non se engloban nos supostos contemplados na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que non precisa someterse a avaliación de impacto ambiental. Non se aprecia que a obra afecte a ningunha normativa sectorial significativa.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que



Concello de Vigo

“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de execución para a **"RENOVACIÓN INTEGRAL DE INSTALACIÓN HIDRÁULICA EN PAVILLÓN DO BERBÉS POR AGOTAMENTO DE VIDA ÚTIL"**, redactado polos Enxeñeiros Industriais D. Antonio Reboreda Fernández e D. Antonio Reboreda Martínez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SESENTA E CINCO MIL SEISCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (165.637,53 €), de data xuño de 2025 e con data da sinatura dixital 17 de xullo de 2025.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(620).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “ESPAZO ESTANCIAL CUBERTO DESTINADO Á PRÁCTICA DE DEPORTES URBANOS EN NAVIA: INDOOR PARK NAVIA.” 2345/441.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos de data 05/08/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 10/07/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- Dende o Concello de Vigo vense realizando no ámbito das súas competencias diferentes actuacións en espazos públicos. En concreto estanse desenvolvendo nos últimos anos diferentes actuacións de mellora de espazos estanciais e actuacións encamiñadas ao fomento do deporte como actuacións de construción de instalacións deportivas, que supoñen unha aposta pola mellora dos servizos do Concello e polo fomento dos hábitos de vida saudables.

2.- O Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos en data 17.03.2022 resolveu autorizar o gasto e adxudicar o contrato menor para “Redacción dun anteproxecto previo á realización dun

proxecto para construción dun espacio estancial cuberto destinado á práctica de deportes urbanos en Navia”, a favor da empresa favor da empresa Geourban Ingeniería Ambiental y Urbanismo SL.

3.- A devandita empresa presenta en outubro de 2022 o “Anteproxecto para construción dun espacio estancial cuberto destinado á práctica de deportes urbanos en Navia. Indoor park Navia. Vigo”, redactado pola Enxeñeira de Montes M^a Del Carmen Martínez Santorio.

4.- En base ao anterior, é vontade do Concello de Vigo a construción dun espazo estancial cuberto destinado á práctica de deportes urbanos na parroquia de Navia, concretamente entre os nº 32-38 da rúa Teixugueiras e a rúa das Ufas, ao carón da escola infantil municipal de Navia.

5.- En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste servizo, os días 28 e 29.05.2025 emítese informe de necesidade e idoneidade asinado pola técnica de xestión, polo xefe do Servizos de Deportes e polo xefe da Área de Servizos Xerais, ao abeiro do cal o día 29.05.2025 o Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes acordou o inicio do expediente de contratación.

6.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado pola técnica de xestión, polo xefe do Servizos de Deportes e polo xefe da Área de Servizos Xerais os días 28 e 29.05.2025, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 29.05.2025.
- c) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo xefe do Servizos de Deportes e polo xefe da Área de Servizos Xerais os días 02 e 03.06.2025.
- d) Memoria económica asinada pola técnica de Xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e polo concelleiro da Área de Fomento e Servizos de os días 07 e 08.07.2025.
- e) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentación o día 10.06.2025.
- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo servizo xestor e asinada o día 25.06.2025.
- g) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 10.07.2025.

- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 10.07.2025.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a xustificación da non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

III.- PROPOSTA:

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do SERVIZO DE REDACCIÓN DE PROXECTO PARA CONSTRUCCIÓN DUN ESPAZO ESTANCIAL CUBERTO DESTINADO Á PRÁCTICA DE DEPORTES URBANOS EN NAVIA - INDOOR PARK NAVIA, cun orzamento base de licitación que ascende a un total de “OITENTA E NOVE MIL OITOCENTOS CORENTA E NOVE EUROS con SETENTA E SEIS CÉNTIMOS” (89.849,76 €), segundo a distribución de anualidades proposta:

2025	26.954,93 €
2026	62.894,83 €
TOTAIS	89.849,76 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo xefe do Servizos de Deportes e polo xefe da Área de Servizos Xerais os días 02 e 03.06.2025.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 10.07.2025.

Cuarto.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3420 2270600 por importe de 26.954,93 € e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2026, na aplicación orzamentaria 3420 2270600 crédito por importe de 62.894,83 €.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(621).- IMPOSICIÓN DE PENALIDADES, Á COMPAÑÍA AÉREA RYANAIR DAC, POR INCUMPRIMENTO DO CONTRATO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO, DURANTE OS ANOS 2023-2025. EXPTE 8811/104.

Visto o informe xurídico de data 29/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 31/07/2025, asinado pola xefa de Turismo, e conformado pola secretaria de Administración municipal, a concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Por resolución da concelleira delegada de 22.05.2025 acordouse:

“PRIMEIRO.- Admitir a documentación para a subsanación ao requirimento de data 21/03/25, presentado na data 24/04/25.

SEGUNDO.- Incoar o procedemento para imposición de penalidade, á empresa RYANAIR DAC (N0072244G), por importe de 50.000€, polo incumprimento da publicación de tres Newsletters e once publicacións en RRSS, de acordo co



Concello de Vigo

cronograma do plan de medios, o que supón o incumprimento do obxecto do contrato consistente no incremento da chegada de turistas a cidade co fin de alcanzar a sostenibilidade turística do destino, a través da xestión da desestacionalización da demanda e da diversificación da oferta ao longo do ano.

Estes incumprimentos están tipificados como moi graves na cláusula 35. 5 K dos PCAP.

TERCEIRO.- Dar audiencia ao contratista por un prazo de quince días hábiles – contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación – para que presente as alegacións, documentos ou informes que estime oportunos”.

- En data 28/07/2025 a xefa do Servizo de Turismo emite o seguinte informe:

“PROCEDIMENTO DE IMPOSICIÓN DE PENALIDAD, Á COMPAÑÍA AÉREA RYANAIR DAC, POLO PRESUNTO INCUMPRIMENTO DO CONTRATO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO A TRAVÉS DA SÚA CONECTIVIDADE AÉREA COA CIDADE DE LONDRES, DURANTE A ANUALIDADE 2024. (EXPT 8811-104)

INFORME

I.- ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- En sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 03.03.2023 adxudícase a RYANAIR DAC (N0072244G) o contrato administrativo especial para a promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coa Cidade de Londres (anos 2023-2025) (expediente 8283/104).

SEGUNDO.- O contrato se iniciará o día da súa sinatura – 05.05.2023 - e rematará en decembro de 2025.

TERCEIRO.- En sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 31.01.2025 acordouse impor unha sanción á empresa RYANAIR DAC (N0072244G) polo incumprimento dos compromisos ofertados como adxudicataria na súa proposición e que foron valorados como criterios de adxudicación do contrato; igualmente solicitouse á concelleira da área de Política Social e Turismo e Xuventude a iniciación dun novo procedemento sancionador á empresa RYANAIR DAC (N0072244G) polo presunto incumprimento contractual detectado respecto das accións promocionais realizadas.

CUARTO.- Por resolución da concelleira da área de Política social Turismo e Xuventude de 04.02.2025 incoase o procedemento para imposición de penalidades á empresa RYANAIR DAC (N0072244G) polo presunto incumprimento contractual detectado referente ás accións de promoción realizadas, (Expte 8811-104).

QUINTO.- En data 21/03/2025 se require, á compañía RYANAIR DAC, que acredite o cumprimento das accións de promoción recollidas no contrato de promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea coa cidade de Londres, durante os anos 2023-2025 (consta recepción da notificación con data 21.03.2025).

SEXTO.- En data 04/04/2025 a compañía RYANAIR DAC presenta a través do Rexistro Xeral do Concello (Nº R20250038629), escrito de “alegacións” no que relata unha serie de feitos alleos ao expediente obxecto de informe Expte. 8811/104 e xustificación de data 3 de abril de 2025 relativa aos servizos de marketing durante os meses de xaneiro a marzo 2025.

SÉTIMO.- En data 10/04/2025 se require novamente a compañía Ryanair DAC para *“Subsanar la presentación de la documentación correspondiente a la acreditación de cumplimiento de las acciones de promoción del año 2024, en el marco del contrato de promoción turística del destino Vigo a través de su conectividad aérea con ciudad de Londres, durante los años 2023-2025, presentándola a través del Registro Electrónico General del Ayuntamiento de Vigo”* (consta recepción da notificación con data 10.04.2025).

OITAVO.- En data 24/04/25, a compañía RYANAIR DAC presenta a través do Rexistro Xeral (Nº R20250045974) ratifícase no seu escrito anterior e aporta documentación acreditativa das accións de promoción realizadas durante o ano 2024.

NOVENO.- En data 19/05/2025 a xefa de Turismo informa sobre a xustificación das accións da anualidade 2024 presentadas pola compañía Ryanair DAC, cuxo tenor literal é o seguinte:

“INFORME TRAS A ACREDITACIÓN DAS ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DA COMPAÑÍA RYANAIR D.A.C. DO ANO 2024

I.- ANTECEDENTES.

PRIMEIRO.- En data 31 de xaneiro de 2025 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

“13.- PROCEDIMIENTO PARA A IMPOSICIÓN DE PENALIDADES, Á COMPAÑÍA AÉREA RYANAIR DAC, POR INCUMPRIMENTO DO CONTRATO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO A TRAVÉS DA SÚA CONECTIVIDADE AÉREA COA CIDADE DE LONDRES, DURANTE OS ANOS 2023-2025. EXPTE. 8712/104.



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

Visto o informe xurídico do 29/01/2025 sométese a aprobación o informe-proposta do 30/01/2025, asinado pola técnica do servizo de Turismo, e conformado pola secretaria de Administración Municipal, a concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Por resolución da concelleira delegada de área de 11.10.2024 acordouse:

“PRIMEIRO.- Incoar o procedemento para imposición de penalidades á empresa RYANAIR DAC (N0072244G), por importe de 31.662,2688€ (2,1108% do prezo do contrato, IVE excluído), no contrato de servizo de promoción turística do destino Vigo, a través da súa conectividade aérea coa cidade de Londres, durante os anos 2023-2025, polo incumprimento de compromisos ofertados polo adxudicatario (non realizar 4 voos no mes de xullo de 2024 e 4 voos no mes de setembro de 2024) na súa proposición e que foron valorados como criterios de adxudicación do contrato, tipificado como incumprimento moi grave na cláusula 35. 5 K dous PCAP.

SEGUNDO.- Dar audiencia ao contratista por un prazo de quince días hábiles – contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación – para que presente as alegacións, documentos ou informes que estime oportunos”.

Dita resolución foi notificada e recibida pola empresa con data 14.10.2024.

Por rexistro de entrada núm. R20240094137 de 05.11.2024 recíbense alegacións de RYANAIR DAC ao trámite de audiencia realizado.

Con data 29.01.2025 emito informe sobre as alegacións presentadas, cuxo tenor literal é o seguinte:

“INFORME

ANTECEDENTES.

I.- En data 3 marzo de 2023, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Adxudicar a RYANAIR DAC (N0072244G) o procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coa Cidade de Londres (anos 2023-2025) (8283-104) coas seguintes condicións:

- a)** O prezo total do contrato é de 1.815.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 315.000,00 euros.
- b)** Propón o seguinte número de prazas nas frecuencias aéreas coa cidade de LONDRES que non están comercializadas na data de publicación do anuncio de licitación:
 - 19.700 prazas para o ano 2023.
 - 25.400 prazas para o ano 2024.

- 27.000 prazas para o ano 2025.
- c) Propón un incremento do número de frecuencias aéreas semanais sobre o mínimo establecido na terceira anualidade do contrato:
- 3 frecuencias na temporada de inverno.
 - 3 frecuencias na temporada verán.

O contrato ten por obxecto a promoción turística da cidade de Vigo no mercado británico, co obxecto final de atraer turistas procedentes deste mercado, vinculada á conectividade aérea directa coa cidade de Londres. Precisamente para dar cumprimento ao devandito obxectivo final, de procura dun retorno do contrato, materializado nun incremento na chegada de turistas procedente deste mercado británico, contrátanse unha serie de accións de promoción coas que se pretende conseguir o impulso do turismo, a diversificación da oferta e a desestacionalización da demanda, mediante a posta en valor dos recursos turísticos da cidade vinculados á creación de novos roteiros co destino Vigo, co fin, non só de achegar un maior número de visitantes, senón tamén de potenciar o uso do aeroporto de Vigo.

Para dar cumprimento a este obxectivo, o Prego de Prescricións Técnicas do contrato recolle na súa cláusula quinta, as condicións para a determinación dos destinos da promoción turística, dispoñendo que o adxudicatario deberá establecer un conexión aérea directa entre o aeroporto de Vigo e un dos seguintes aeroportos de Londres: Heathrow, Gatwick, Stansted ou Luton, que deberá operarse cos seguintes parámetros:

ANO	SEMANAS	PERÍODO	FRECUENCIAS
2023	31	01/04 - 31/10	3
	8	01/11 - 31/12	2
2024	13	01/01 - 31/03	2
	31	01/04 - 31/10	3
	8	01/11- 31/12	2
2025	13	01/01 - 31/03	2
	31	01/04 - 31/10	3
	8	01/11 - 31/12	2

Así mesmo, o Prego de Cláusulas Administrativas establece na súa cláusula 16, os criterios de adxudicación do contrato, e no seu apartado B) os criterios avaliábeis a través de fórmula, "Número total de prazas ofertadas anualmente con conexión directa", valorándoas con ata 45 puntos e dispoñendo as seguintes condicións:

- Non se terán en conta o número de prazas ofertadas que xa estean comercializadas no momento de inicio da licitación.
- So se computarán as prazas ofertadas con orixe fora da cidade de Vigo.
- Establécese un mínimo de frecuencias semanais:
 - 2 na temporada de inverno (meses de novembro a marzo)
 - 3 na temporada de verán (meses de abril a outubro)



Concello de Vigo

Establecendo que as ofertas que non igualem ou melloren estas frecuencias serán excluídas da licitación.

II.- *En data 11 de outubro de 2024 se incoa o procedemento de imposición de penalidades, á compañía aérea Ryanair Dac, por incumprimento do contrato de promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea coa cidade de Londres, durante os anos 2023, 2024 e 2025, establecendo no punto II.- REQUIRIMENTO DO CUMPRIMENTO DE FRECUENCIAS ESTABLECIDAS NO CONTRATO, o seguinte:*

“A técnica que subscribe, ten coñecemento informal (alleo á compañía) do incumprimento das frecuencias e solicita en data 11 de xullo, vía E-mail, á compañía Ryanair, que informen sobre a planificación da operativa aérea prevista durante o período estival, por falta de resposta solicítase de novo o día 18 de xullo. Ante a reiterada omisión de resposta, o Servizo de Turismo require manter unha reunión telemática coa compañía, o día 22 de xullo. Na devandita reunión a compañía Ryanair traslada o feito xa consumado, de redución dunha frecuencia semanal no mes de xullo por problemas na subministración de avións. Na mesma reunión, o Concello de Vigo insta á empresa para comunicar e a acreditar formalmente as presuntas causas sobrevidas, que obrigaron á empresa á redución das frecuencias e a presentar unha proposta de recuperación das frecuencias non operadas.

III.- *En data 26 de xullo, vía E-mail, recíbese no Servizo de Turismo unha carta enviada pola compañía Ryanair, nos seguintes termos:*

“Ryanair e Vigo gozaron dunha longa e exitosa asociación desde que comezamos a operar na cidade en 2016. Máis recentemente, a licitación publicada polo Concello de Vigo permitiunos lanzar un novo roteiro a Londres Stansted no verán de 2023, aumentando a capacidade de Ryanair no aeroporto nun impresionante 75% en comparación co verán anterior. Este ano, Ryanair transportará aproximadamente a 100,000 pasaxeiros en total e segue sendo a única aerolínea que conecta Vigo cun destino internacional.

Como discutimos, os atrasos de entrega moi públicos e continuos de Boeing resultaron en que Ryanair estivese 17 avións curtos para o verán de 2024. Isto significou que Ryanair tiña menos avións dos planeados neste roteiro. Por tanto, esperamos que estea de acordo en que esta redución non planificada no roteiro Londres Stansted - Vigo debe considerarse un evento de forza maior, xa que estas carencias de aeronaves están completamente fora do control de Ryanair, e Ryanair seguirá recibindo a totalidade do orzamento de márketing segundo o noso contrato (Ref. 8283/104).

Confío en que isto aclare o asunto. Espero recibir a carta adicional para emendar o noso acordo e reflectir esta redución acordada en capacidade á luz deste evento de Forza Maior, que non terá impacto no orzamento de marketing de 2024 pagadero a Ryanair.”

IV.- *En consecuencia, o Servizo de Turismo emite a seguinte resposta á compañía Ryanair, pola mesma vía (E-mail), en data 2 de agosto:*

“Á vista da carta asinada pola compañía Ryanair, recibida o 26 de xullo de 2024, froito da reunión telemática mantida o 22 de xullo de 2024, desde este Concello de Vigo queremos trasladar que a reunión non tivo lugar nos termos que recolle a citada carta, polo que esta administración quere aclarar as seguintes cuestións:

1º.- *Na reunión levada a cabo - a pedimento do Concello de Vigo- o pasado 22 de xullo de 2024, esta administración insistiu en que a compañía modificou un requisito establecido no Prego de Prescricións Técnicas que rexe o contrato, e o fixo de maneira unilateral, sen ningún tipo de comunicación nin xustificación ante este Concello.*

2º.- *Na devandita reunión, o Concello de Vigo advertiu de que deben de xustificar por escrito as circunstancias que condicionaron a redución na prestación de frecuencias, o que suporá ou ben unha*

proposta de compensación ao Concello de Vigo pola perda das frecuencias ou ben a redución do prezo do contrato. A alternativa non pode supoñer un prexuízo para os intereses municipais en relación ao contrato. Así mesmo, informámoslles que calquera acción suporá, necesariamente e conforme a lexislación en vigor, unha modificación contractual.

3º.- Finalmente deixar moi claro que o Concello de Vigo, en ningún momento, manifestou conformidade coa redución dunha frecuencia semanal durante o mes de xullo, nin con ningunha outra ulterior modificación unilateral das condicións contractuais por parte da compañía.

Polo exposto e co fin de dar cumprimento ás condicións de execución do contrato de servizo para a promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coa cidade de Londres, espérase que no prazo máis inmediato posible presenten escrito, no que xustifiquen as circunstancias que condicionaron esta redución na prestación de frecuencias semanais e unha proposta de compensación pola perda das mesmas ou ben a redución do prezo do contrato, para os efectos de realizar os trámites legalmente preceptivos para o cumprimento das condicións contractuais, como non podía ser doutra maneira, que terá que ser aprobada por esta administración, en aras da defensa dos intereses xerais.”

V.- *En data 14 de agosto, o Servizo de Turismo recibe, vía E-mail, nova carta da compañía que expón o seguinte:*

“Como comentamos, os nosos atrasos nas entregas de Boeing (que é un evento de forza maior) obrigan a Ryanair a cancelar 1 frecuencia semanal entre Londres, Stansted e Vigo para xullo e setembro. Con todo, como acto de boa vontade baseado na excelente relación de longa duración entre Ryanair e o Concello, Ryanair puxo á venda unha frecuencia semanal adicional (de 2 a 3 frecuencias semanais) de forma excepcional, en novembro e decembro de 2024. Utilizaremos as frecuencias adicionais de inverno para abordar a estacionalidade de Vigo e promocionar a cidade como un destino durante todo o ano para os nosos pasaxeiros. Confío en que este asunto xa estea resolto e pídolle que o confirme por escrito.”

VI.- *No informe do servizo de Turismo, de data 10 de outubro de 2024 se recolle no punto IV INCUMPRIMENTO CONTRACTUAL, no seguinte senso:*

“... resulta que o contratista reduciu a frecuencia de voos semanais fixada contractualmente e procede unilateralmente á modificación dos termos do contrato sen seguir a tramitación establecida na Lei de Contratos do Sector Público nin existir ningún acordo do órgano de contratación que a autorice.

O prego de cláusulas administrativas particulares que rexen este contrato na súa cláusula 35.1 establece “Considérase incumprimento contractual calquera acción ou omisión por parte do contratista que supoña a vulneración das obrigacións establecidas neste prego e nas demais normas de aplicación xeral por causas que lle resulten imputables”. Polo que se considera que houbo un incumprimento contractual.

Así mesmo, dispón a cláusula 35.3 do prego de cláusulas administrativas particulares do contrato “Imporanse penalidades ao contratista cando incorra nalgún dos incumprimentos contractuais defectuosos previstos a continuación:

“... ”

b) Incumprimento de criterios de adxudicación. Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25% da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumplido, resultase que a súa oferta non sería a mellor valorada”

De acordo, coa xa citada cláusula 16.B) do prego de cláusulas administrativas particulares pola que se establecen os criterios avaliábeis mediante fórmula, as ofertas que non igualem ou melloren estas frecuencias serán excluídas da licitación, establecendo o seguinte mínimo de frecuencia semanais:

- 2 en tempada de inverno (meses de novembro a marzo)*
- 3 en tempada de verán (abril a outubro)*



Concello de Vigo

Nese caso a oferta xa non sería a mellor valorada, porque quedaría excluída do procedemento.

Cabe destacar que establece a cláusula 35.5 do prego de cláusulas administrativas particulares, "Terán a consideración de supostos de incumprimento ou cumprimento defectuoso moi grave:

"...

K) O incumprimento de compromisos ofertados polo adxudicatario na súa proposición e que foron valorados como criterios de adxudicación do contrato" sendo este o incumprimento de contrato que se expón"

E o punto V de IMPOSICIÓN DE PENALIDADES, establece no mesmo informe:

"De acordo coa cláusula 37 do prego de cláusulas administrativas particulares pola que establecen "Penalidades", dispón no seu apartado segundo: "No resto dos supostos de incumprimento contractual ou incumprimento defectuoso, a contía de penalidades será:

"...

c) Ata un 10% do prezo do contrato sen IVE se o incumprimento ou o cumprimento defectuoso fose moi grave".

O incumprimento do contrato recae sobre os meses de xullo e setembro do ano 2024 pola redución dunha frecuencia semanal, o que supón que non se realizaron 8 voos (un voo por cada semana, 4 voos no mes de xullo e 4 voos no mes de setembro).

Como relataba, o incumprimento está tipificado como moi grave e pode supoñer a imposición dunha penalidade dun máximo do 10 % do prezo do contrato, IVE excluído (150.000,00 € importe máximo da sanción).

En aras a obxectivizar o importe da penalidade que se pretende propor, terase en conta que o contrato ten unha vixencia de 143 semanas que, multiplicadas polas frecuencias establecidas no PPT, suman un total de 379 frecuencias (en todo o contrato).

O prezo do contrato sen IVE ascende a 1.500.000,00 €, que dividido entre o número total de frecuencias (379) suporía que cada frecuencia tería un valor de 3.957,7836 € (1.500.000,00 € sen IVE / 379 frecuencias). Neste cómputo non temos en conta as perdas económicas que para a cidade de Vigo supuxo a perda destes voos.

Os voos non realizados foron 8 (4 no mes de xullo e 4 no mes de setembro), e segundo o cómputo anterior cada voo/frecuencia estaría valorada en 3.957,7836 €; polo que tendo en conta o incumprimento de 8 voos, a sanción inicial proposta é de 31.662,2688 €, que suporía o 2,1108% do prezo total do contrato, o que é inferior o importe máximo do 10 % de penalidade previsto nos pregos."

VII.- *Por resolución da concelleira delegada de área de 11.10.2024 acordouse:*

PRIMEIRO.- *Incoar o procedemento para imposición de penalidades á empresa RYANAIR DAC (N0072244G), por importe de 31.662,2688€ (2,1108% do prezo do contrato, IVE excluído), no contrato de servizo de promoción turística do destino Vigo, a través da súa conectividade aérea coa cidade de Londres, durante os anos 2023-2025, polo incumprimento de compromisos ofertados polo adxudicatario (non realizar 4 voos no mes de xullo de 2024 e 4 voos no mes de setembro de 2024) na súa proposición e que foron valorados como criterios de adxudicación do contrato, tipificado como incumprimento moi grave na cláusula 35. 5 K dous PCAP.*

SEGUNDO.- *Dar audiencia ao contratista por un prazo de quince días hábiles – contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación – para que presente as alegacións, documentos ou informes que estime oportunos.*

Na mesma data notifícase a través do Rexistro Xeral do Concello á compañía Ryanair Dac a Resolución adoptada. Dita resolución foi recibida pola empresa con data 14.10.2024.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP)

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP)

Ley 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

ALEGACIÓNS DA COMPAÑÍA RYANAIR D.A.C.

En data 5 de novembro de 2024 a compañía RYANAIR D.A.C. presenta a través do Rexistro Xeral do Concello, (Nº entrada 240340081, adxunto ao Expediente 8712-104), a seguinte documentación:

- “Escrito de alegacións á incoación de procedimienta para imposición de penalidades”*
- Poder notarial da compañía Ryanair Limited que, segundo consta no escrito de alegacións, “se transformó en RYANAIR, D.A.C., con efectos a fecha 15 de setembro de 2016, de conformidada con el Derecho irlandés”.*
- Xustificante de presentación.*

As alegacións baséanse en tres puntos:

“1. RYANAIR SE VIO OBLIGADA A REDUCIR LA FRECUENCIA DE VUELOS SEMANALES POR UN SUCESO INEVITABLE: RETRASO EN LA ENTREGA DE NUEVAS AERONAVES POR EL FABRICANTE BOEING.

2. FALTA DE RESPUESTA DEL AYUNTAMIENTO SOBRE LA POSIBLE MODIFICACIÓN DEL CONTRATO. MEDIDAS ADOPTADAS POR RYANAIR PARA COMPENSAR LA REDUCCIÓN DE FRECUENCIAS.

3. DESPROPORCIÓN DE LA PENALIDAD PREVISTA.”

Sobre o primeiro punto, remítome ao informe xurídico, polo que infórmase sobre os puntos 2 e 3 das alegacións presentadas.

I.- ALTERACIÓN DOS CRITERIOS CONTRACTUAIS DE FORMA UNILATERAL

A compañía Ryanair alega, no punto 2, a falta de resposta do Concello sobre a posible modificación do contrato e medidas adoptadas por Ryanair para compensar a redución de frecuencias, e dispón:

“Recordamos, además, que, hasta la incoación del procedimiento de penalidad, RYANAIR y el Ayuntamiento se hallaban valorando la propuesta -del propio Ayuntamiento- para modificar el Contrato, de forma que la reducción de vuelos de julio y setembro fuese recuperada entre los meses de novembro y diciembre, coincidiendo con la temporada de Navidad. RYANAIR había llegado incluso a confirmar al Ayuntamiento, por escrito, su disposición a recuperar las frecuencias de vuelos en los meses de novembro y diciembre. Sin embargo, RYANAIR no ha recibido nueva respuesta del Ayuntamiento sobre la modificación del contrato, sino que directamente ha pasado a pretender la imposición de penalidad.”

Como se reflexa no E-mail enviado en data 2 de agosto, esta administración insistiu en que a



Concello de Vigo

compañía modificou un requisito establecido no Prego de Prescricións Técnicas que rexe o contrato, e o fíxo de maneira unilateral, sen ningún tipo de comunicación nin xustificación ante este Concello.

Así mesmo o Concello de Vigo advertiu de que deben xustificar por escrito as circunstancias que condicionaron a redución na prestación de frecuencias, o que suporá ou ben unha proposta de compensación ao Concello de Vigo pola perda das frecuencias ou ben a redución do prezo do contrato. Indicando que a alternativa non pode supoñer un prexuízo para os intereses municipais en relación ao contrato. Así mesmo, se lles informa que calquera acción suporá, necesariamente e conforme a lexislación en vigor, unha modificación contractual.

Finalmente se lles indica que se esperaba que no prazo máis inmediato posible presentasen escrito, no que se xustificasen as circunstancias que condicionaron esta redución na prestación de frecuencias semanais e unha proposta de compensación pola perda das mesmas ou ben se procedería á redución do prezo do contrato, para os efectos de realizar os trámites legalmente preceptivos para o cumprimento das condicións contractuais.

En data 14 de agosto, a compañía RYANAIR D.A.C. informa a través de Email, dunhas alteracións das condicións contractuais adoptadas de forma unilateral, parte delas xa consumadas o que supón un incumprimento contractual, e de ningún modo a compañía solicita unha modificación do contrato.

Á vista do exposto, considero que non procede estimar a alegación, xa que non consta ningunha petición presentada polo rexistro municipal de modificación contractual pola empresa Ryanair DAC.

II.- PENALIDADE DESPROPORCIONADA

O escrito de alegacións da compañía Ryanair relata unha desproporcionalidade da penalidade prevista do seguinte modo:

“la fijación del importe de 31.662,2688 € es excesiva porque presupone que la totalidad del precio del Contrato (1.500.000 €) se viene abonando a RYANAIR para operar un total de 379 frecuencias de vuelo.

Es excesivo fijar el importe de la penalidad prorrateando el precio total del contrato entre 379 frecuencias, porque se olvida que, buena parte del precio del Contrato se destina a la realización del plan de medios / campaña de marketing comprometida por RYANAIR, que ha cumplido fielmente: en atención a las Cláusulas 3 y 4 PPT de la licitación, RYANAIR ofreció un plan de medios, que ha venido ejecutando, consistente en acciones promocionales periódicas del destino turístico Vigo (enlaces web, banners, mensajes en redes sociales, etc.).

Recordamos que, en la Memoria Económica de la licitación, se incluían “estimaciones de precios de mercado” para cada año del Contrato, en los que la totalidad del precio se asignaba totalmente a las acciones promocionales de enlaces web, newsletters, banners y RRSS (60.000’- €, 390.000’- €, 60.000’- € y 5.000’- € por año, respectivamente).

Y, en cuanto a los Criterios de valoración de las ofertas, según el PCAP de la licitación, los criterios evaluables mediante juicio de valor, directamente relacionados con la valoración del plan de organización de las acciones de promoción, tenía asignado 20 puntos.

A su vez, los criterios objetivos evaluables de forma automática, directamente relacionados con la oferta de plazas, tenían asignados 55 de los 80 puntos (el resto, 25, se asignaron a la oferta con reducción del precio de la licitación).

Esto es, sólo 55 de los 100 puntos estaba asignado directamente a la oferta de plazas, mientras que 45 de los 100 puntos no se relacionaba directamente con la oferta de plazas.

Conforme a lo anterior, si procediera hipotéticamente imponer alguna penalidad a RYANAIR, que no procede, el importe previsto de la penalidad (31.662,2688’- €) debería reducirse: bien en un 80% (6.332,45’- €); o, como mínimo, en un 45% (17.414,41’- €).”

Conforme ao exposto no escrito de alegacións, se toma en consideración o argumento presentado pola compañía RYANAIR DAC, mediante o que, seguindo o criterio de obxectividade e proporcionalidade no cómputo da penalidade proposta, considérase procedente estimar unha redución do 45%, proposta pola compañía, quedando reducida a 17.414,2478 €.

O escrito de alegacións tamén expón que “a pesar de los retrasos en la entrega de aeronaves que sigue sufriendo, RYANAIR tomó la medida de compensar la reducción de frecuencias habida en julio y septiembre, con una frecuencia adicional para los meses de noviembre y diciembre. Incluso, RYANAIR puso los billetes de avión de esos vuelos adicionales a la venta, de buena fe, sin esperar la respuesta formal del Ayuntamiento, para la modificación del contrato”.

Se ben é certo que Ryanair DAC, de forma unilateral, puxo á venda unha frecuencia semanal adicional á contratada polo concello de Vigo (de 2 a 3 frecuencias semanais) de forma excepcional, en novembro e decembro de 2024, tamén constatouse que posteriormente modifica esta operativa.

En data 29.01.25 a entidade AENA envía certificación de las operacións aéreas realizadas pola compañía Ryanair na ruta Vigo-Stansted, nos meses de novembro e decembro de 2024, na que constata:

- O mes de novembro a operativa acredita vos, os venres e domingos, ademais do 4 e do 11 de novembro 2024.

- O mes de decembro a operativa acredita vos nas datas 2, 5, 8, 13, 15, 20, 22, 23, 27, 29, 30 e 31 de decembro 2024.

Polo tanto, a ampliación inicial da operativa aludida, que supoñía o incremento dunha frecuencia semanal, foi posteriormente cancelada. De acordo co exposto, non se pode considerar que houbo unha reparación do dano, senón todo o contrario, xa que o feito de incrementar unha frecuencia e cancelala posteriormente de forma unilateral supuxo un prexuízo para os viaxeiros que xa tiñan comprado o billete.

Por todo o exposto e xa que prevalece a operativa inicial de dous vos semanais no período comprendido nos meses de novembro e decembro 2024, considérase que non houbo reparación do dano causado, polo que non sería de aplicación do criterio de gradación previsto nos pregos de “d) Proceder voluntariamente, antes da imposición dunha penalidade polo órgano de contratación, ao cumprimento da obriga ou deber infrinxido e a reparación do dano causado”.

A maiores, e en base ao alegado, con rexistro de saída número 178471-2024-1 e 178472-2024-1, de 19 de novembro, requírese a Ryanair D.A.C. “Que acredite as accións de promoción realizadas durante o ano 2024”.

Con rexistro de entrada núm. R20240106899, de 10 de decembro, fóra do prazo concedido, presenta documentación xustificativa das accións de promoción realizadas dende xaneiro de 2024 ata a data de presentación de dita documentación.

As accións de promoción presentadas, presuntamente implican un novo incumprimento de contrato xa que as accións de promoción xustificadas non cumpren co establecido nas cláusulas 3 e 4 do Prego de Prescricións Técnicas (PPT).

Por este motivo, considerase procedente incoar un novo expediente sancionador para imposición de penalidades á empresa RYANAIR DAC, previa audiencia ao contratista, que será obxecto doutro expediente”.

Con data 29.01.2025 a secretaria de administración municipal emite informe sobre as alegacións presentadas, cuxo tenor literal é o seguinte:

"INFORME XURÍDICO

PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ, secretaria de administración municipal do concello, informa:

ANTECEDENTES

Por resolución da concelleira delegada de área de 11.10.2024 acordouse:

"PRIMEIRO.- Incoar o procedemento para imposición de penalidades á empresa RYANAIR DAC (N0072244G), por importe de 31.662,2688€ (2,1108% do prezo do contrato, IVE excluído), no contrato de servizo de promoción turística do destino Vigo, a través da súa conectividade aérea coa cidade de Londres, durante os anos 2023-2025, polo incumprimento de compromisos ofertados polo adxudicatario (non realizar 4 voos no mes de xullo de 2024 e 4 voos no mes de setembro de 2024) na súa proposición e que foron valorados como criterios de adxudicación do contrato, tipificado como incumprimento moi grave na cláusula 35. 5 K dous PCAP.

SEGUNDO.- Dar audiencia ao contratista por un prazo de quince días hábiles – contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación – para que presente as alegacións, documentos ou informes que estime oportunos".

Dita resolución foi notificada e recibida pola empresa con data 14.10.2024.

Por rexistro de entrada núm. R20240094137 de 05.11.2024 recíbense alegacións de RYANAIR DAC ao trámite de audiencia realizado.

As alegacións baséanse en tres puntos:

"1. RYANAIR SE VIO OBLIGADA A REDUCIR LA FRECUENCIA DE VUELOS SEMANALES POR UN SUCESO INEVITABLE: RETRASO EN LA ENTREGA DE NUEVAS AERONAVES POR EL FABRICANTE BOEING.

2. FALTA DE RESPUESTA DEL AYUNTAMIENTO SOBRE LA POSIBLE MODIFICACIÓN DEL CONTRATO. MEDIDAS ADOPTADAS POR RYANAIR PARA COMPENSAR LA REDUCCIÓN DE FRECUENCIAS.

3. DESPROPORCIÓN DE LA PENALIDAD PREVISTA."

Dado que a compañía nas súas alegacións fai referencia ás accións de promoción realizadas, con rexistro de saída número 178471-2024-1 e 178472-2024-1, de 19 de novembro, requírese a Ryanair D. A. C. "Que acredite as accións de promoción realizadas durante o ano 2024".

Con rexistro de entrada núm. R20240106899, de 10 de decembro, fóra do prazo concedido, presenta documentación xustificativa das accións de promoción realizadas.

CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

1. Sobre a redución da frecuencia por un suceso inevitable: retraso na entrada de novas aeronaves polo fabricante Boeing

Segundo a empresa, "la reducción de frecuencias se ha debido a un suceso inevitable, que se halla fuera del control de RYANAIR, cual es el retraso continuo del fabricante Boeing en entregar a RYANAIR los pedidos de nuevas aeronaves, lo que ha dejado a RYANAIR en una situación de carencia de aeronaves, para operar las rutas con las frecuencias proyectadas".

(...)

“Entendemos, por tanto, que la causa de la reducción de las frecuencias es un supuesto claro de caso fortuito o fuerza mayor que, conforme al Artículo 1.105 CC (aplicable al Contrato, ex. Artículo 25.2 LCSP), exonera a RYANAIR de responsabilidad”.

Obsérvase que os motivos de forza maior alegados baséanse en condicións externas – retrasos nas entregas de novas aeronaves –.

Examinado o expediente da licitación de contrato administrativo especial para a promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coa Cidade de Londres (anos 2023-2025) (expediente 8283/104) obsérvase que o anuncio da licitación publícase o 30.11.2022 na Plataforma de Contratación do Sector Público e a empresa Ryanair DAC presentou súa oferta o 15.12.2022, asinando e iniciando o contrato o 28.04.2023.

Na data na que a empresa presentou a oferta era coñecedora dos retrasos do fabricante Boeing, e así constátase no informe anual das contas do exercicio 2022 presentado pola empresa - nas páxinas 81 ou 117 faise referencia aos retrasos na entrega de avións -.

Nestas datas, tamén eran públicamente coñecidos os retrasos nas entregas de Boeing por problemas de suministros; sirva de exemplo unha noticia:

<https://a21.com.mx/aeronautica/2022/11/01/retrasa-boeing-sus-entregas-por-problemas-externos-de-suministro>

Aínda coñecendo estas vicisitudes, a empresa preséntase á licitación e oferta as frecuencias semanais contratadas.

A día de hoxe, seguen existindo problemas nas entregas de novas aeronaves polo fabricante Boeing.

Aínda así, no mercado existen empresas adicadas ao arrendamento de avións como Air Lease Corporation ou AerCap Holdings – das que constátase nas súas páxinas webs que son clientes moitas compañías aéreas – e ás que podía acudir a adxudicataria para o correcto cumprimento contractual e solventar temporalmente a suposta carencia de avións.

O artigo 197 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP), establece que a execución dos contratos realízase a risco e ventura do contratista; se ben un dos supostos que pode permitir a excepción da aplicación do principio de risco e ventura é un suposto de forza maior.

O artigo 239. 2 do mesmo corpo legal – para a execución dos contratos de obras – enumera os supostos de forza maior:

“2. Tendrán la consideración de casos de fuerza mayor los siguientes:

a) Los incendios causados por la electricidad atmosférica.

b) Los fenómenos naturales de efectos catastróficos, como maremotos, terremotos, erupciones volcánicas, movimientos del terreno, temporales marítimos, inundaciones u otros semejantes.

c) Los destrozos ocasionados violentamente en tiempo de guerra, robos tumultuosos o alteraciones graves del orden público”.

A enumeración tasada na LCSP dos supostos de forza maior aconsella unha interpretación restritiva destes.



Concello de Vigo

A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado, no informe do expediente 38/20 – relativo á posible aplicación da forza maior nun incremento de custes de obras pola COVID-19 - examinou a cuestión da forza maior dispoñendo que:

“El principio “casum sentit dominus” sólo puede ceder, en caso de fuerza mayor, cuando la obligación no pueda ser cumplida. Así lo declara el Tribunal Supremo (Sala de lo Civil), en su Sentencia núm. 637/1999 de 13 julio, al precisar respecto de la fuerza mayor “su carácter absoluto productor de un incumplimiento “legal” de las obligaciones.” En efecto, la Jurisprudencia viene exigiendo como requisitos de la fuerza mayor que “el hecho sea, además de imprevisible o que previsto sea inevitable, insuperable e irresistible y que, por aplicación de los arts. 1182 y 1184 del C. Civ. Haga imposible el cumplimiento de una obligación previamente contraída o impida el nacimiento de la que, conforme a los arts. 1902 y 1903 y siguientes del mismo Código sustantivo, pueda sobrevenir, debiendo existir entre el daño producido y el evento que lo produjo un nexo de causalidad eficiente.” (Sentencia del Tribunal Supremo, Sala de lo Civil, de 18 de noviembre de 1980). En el mismo sentido se pronuncia el Tribunal Supremo (Sala de lo Civil, Sección 1ª) en su Sentencia núm. 1321/2006 de 18 diciembre, donde señala que “la fuerza mayor ha de entenderse constituida por un acontecimiento surgido «a posteriori» de la convención que hace inútil todo esfuerzo diligente puesto en la consecución de lo contratado (S. 24 de diciembre de 1999)”.

Como pode observarse, a propia Xunta Consultiva non admitiu con carácter xeral a situación dunha pandemia mundial como causa de forza maior polo que entendo que menos poderían admitirse as causas alegadas por Ryanair que, primeiro, non eran imprevisibles, como quedou acreditado en liñas precedentes, e, segundo, non eran inevitables, insuperables nin irresistibles, pois podería acudir ao arrendamento de aeronaves.

O incumprimento do contratista non pode encadrarse dentro da forza maior, e sí nunha falta de dilixencia deste, o que conleva un incumprimento contractual moi grave tipificado na cláusula 35. 5 k) pregos de Prescricións Técnicas e de Cláusulas Administrativas Particulares – aprobados en sesión de 24.11.2022 da Xunta de Goberno Local –, “O incumprimento de compromisos ofertados polo adxudicatario na súa proposición e que tiñan sido valorados como criterios de adxudicación do contrato”.

Polo tanto, considero que non proceder estimar a alegación ao entender que non estamos ante un suposto de forza maior como explico nas liñas precedentes.

2. Sobre a falta de resposta do concello sobre a posible modificación do contrato. Medidas adoptadas por Ryanair para compensar a redución de frecuencias

Remítome ao informe da responsable do contrato e técnica do servizo de Turismo, de 10.10.2024 e de 29.01.2025, no que relata ás comunicacións ca compañía.

Nese informe queda constatado que esta administración ten constancia informal dos incumprimentos das frecuencias a posteriori, polo que, na hipótese de que fose posible a modificación contractual – que non é obxecto deste informe - esta debía ser tramitada antes do incumprimento, e á instancia do adxudicatario, nunca do concello de Vigo. Foi Ryanair quen comprometeuse con esta administración a realizar un número de frecuencias semanais e para iso suscribiu, a cambio dun prezo, un contrato con esta administración.

Polo tanto, considero que non procede estimar a alegación, xa que non consta ningunha petición presentada polo rexistro municipal de modificación contractual pola empresa Ryanair DAC e así está acreditado no informes da responsable do contrato e técnica do servizo de Turismo.

Ademáis, non é certo que Ryanair adoptase medidas para compensar a redución de frecuencias, tal e como consta no informe de AENA de 28.01.2025 e da responsable do contrato de 29.01.2025 do que nos ocuparemos no seguinte apartado.

3. Sobre a desproporción da penalidade prevista

Debe lembrarse a Ryanair que, como establecen os pregos reguladores da contratación, o contrato ten natureza administrativa, non civil, polo que haberá que estar ao previsto na lexislación administrativa e contractual para resolver as controversias xurdidas durante a execución deste, nunca á lexislación civil á que alega o interesado.

Como informa a responsable do contrato e alega o contratista, só o 55% da puntuación total da licitación asignouse ás prazas ofertadas, e o 45 % restante ás accións de promoción ofertadas pola compañía.

Por este motivo, e en base ao alegado, con rexistro de saída número 178471-2024-1 e 178472-2024-1, de 19 de novembro, requírese a Ryanair D. A. C. "Que acredite as accións de promoción realizadas durante o ano 2024".

Con rexistro de entrada núm. R20240106899, de 10 de decembro, fóra do prazo concedido, presenta documentación xustificativa das accións de promoción realizadas dende xaneiro de 2024 ata a data de presentación de dita documentación.

Segundo informa a técnica do servizo de Turismo en informe de 29.01.2025 as accións de promoción presentadas, presuntamente poderían implicar un novo incumprimento de contrato xa que as accións de promoción xustificadas non cumpren co establecido nas cláusulas 3 e 4 do Prego de Prescricións Técnicas (PPT).

Non obstante, presuntamente, estamos un novo incumprimento contractual, cun obxecto diferente ao expediente en tramitación polo que, co fin de dotar de maior seguridade xurídica a tódalas partes e garantir o dereito de audiencia ao suposto infractor, debe ser obxecto de tramitación por separado.

Sen perxuízo disto, e seguindo o criterio de obxectividade e proporcionalidade no cómputo da penalidade proposta, en base ás frecuencias contratadas, considérase oportuno reducir a penalidade na porcentaxe que os pregos asignan ás accións de promoción ofertadas pola compañía, quedando reducida a posible sanción máxima a impor a 17.414,2478 €.

A pesar disto, e ao quedar constatado un presunto novo incumprimento contractual, considero procedente incoar un novo expediente para impor unha nova penalidade por este novo incumprimento, tal e como tamén recolle a responsable do contrato no seu informe.

A cláusula 36 dos pregos establece criterios e gradación dos incumprimentos:

- "a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.*
- b) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ao seu valor económico.*
- c) A reincidencia, por ter incorrido no termo dun ano en máis dun incumprimento contractual polo que se lle impuxese unha penalidade polo órgano de contratación.*
- d) Proceder voluntariamente, antes da imposición dunha penalidade polo órgano de contratación, ao cumprimento da obriga ou deber infrinxido e a reparación do dano causado".*

Se ben Ryanair, de forma unilateral, puxo á venda unha frecuencia semanal adicional á contratada polo concello de Vigo (de 2 a 3 frecuencias semanais) de forma excepcional, en novembro e decembro de 2024, segundo informou AENA o 28.01.2025 a operativa inicialmente prevista foi posteriormente cancelada, polo que non procedería unha redución da sanción proposta ao non existir ningunha reparación do dano causado. Remítome ao relatado pola responsable do contrato no informe de 29.01.2025.

Polo tanto, considero que procede estimar parcialmente a alegación, pero só respecto á redución da sanción na porcentaxe que os pregos asignan á puntuación por accións de promoción (45%) – debendo iniciarse un expediente sancionador por este novo incumprimento, dando audiencia ao contratista – pero non no referente á reparación do dano.



Concello de Vigo

Respecto ao procedemento para a imposición de penalidades, está regulado na cláusula 38 dos pregos:

“I. Órgano competente

As penalidades por incumprimento contractual ou cumprimento defectuoso, calquera que sexa a súa gravidade, imporanse pola Xunta de Goberno local.

II. Procedemento

As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato, previa audiencia do contratista, por un prazo de quince días.

Este acordo será inmediatamente executivo.

Se o incumprimento puidera conlevar á resolución do contrato, a tramitación do correspondente expediente axustarase ao disposto no artigo 213 da LCSP.

III. Pagamento das penalidades

Realizarase mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban abonarse ao contratista. Se non fose posible, sobre o importe da garantía definitiva. No seu defecto, o contratista deberá aboalas ingresando o seu importe na Caixa do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación.

Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o seu importe, esixirase o pagamento pola vía de constrinximento administrativo”.

En sentido similar pronúnciase o artigo 192 e seguintes da LCSP 2017:

“Los pliegos o el documento descriptivo podrán prever penalidades para el caso de cumplimiento defectuoso de la prestación objeto del mismo o para el supuesto de incumplimiento de los compromisos o de las condiciones especiales de ejecución del contrato que se hubiesen establecido conforme al apartado 2 del artículo 76 y al apartado 1 del artículo 202. Estas penalidades deberán ser proporcionales a la gravedad del incumplimiento y las cuantías de cada una de ellas no podrán ser superiores al 10 por ciento del precio del contrato, IVA excluido, ni el total de las mismas superar el 50 por cien del precio del contrato.

Cuando el contratista, por causas imputables al mismo, hubiere incumplido parcialmente la ejecución de las prestaciones definidas en el contrato, la Administración podrá optar, atendidas las circunstancias del caso, por su resolución o por la imposición de las penalidades que, para tales supuestos, se determinen en el pliego de cláusulas administrativas particulares o en el documento descriptivo”.

Respecto as contías das penalidades, en caso de incumprimentos moi graves, a cláusula 37. 2 c) as cuantifica nun máximo do 10% do prezo do contrato sen IVE, aplicando as graduacións antes referidas e recollidas na cláusula 36 PCAP.

Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban abonarse ao contratista, ou sobre a garantía definitiva, conforme ao artigo 194.2 da LCSP.

Dado que o contrato atópase vixente, considérase que antes de incautar a garantía definitiva procedería a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban abonarse ao contratista.

Dado pola concellería delegada incouse o procedemento e deuse audiencia ao contratista e posto que o contrato foi adxudicado pola Xunta de Goberno Local considérase que é o órgano competente, a proposta do responsable do contrato, para a imposición de penalidades por cumprimento defectuoso do contrato (artigo 38. II dos pregos de cláusulas administrativas)”.

Á vista dos informes referidos e como técnica do servizo de Turismo, e responsable do contrato segundo a cláusula 15 da memoria xustificativa do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 24.11.2022, propónse que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar íntegramente as alegacións primeira e segunda presentadas con rexistro de entrada núm. R20240094137 de 05.11.2024 de RYANAIR DAC.

SEGUNDO.- Estimar parcialmente a alegación terceira presentada con rexistro de entrada núm. R20240094137 de 05.11.2024 de RYANAIR DAC, respecto á redución da sanción na porcentaxe que os pregos asignan á puntuación por accións de promoción (45%), pero non no referente á reparación do dano.

TERCEIRO.- Impor unha penalidade á empresa RYANAIR DAC (N0072244G) do 1.161% do prezo do contrato, que ascende a 17.414,2478 €, polo incumprimento dos compromisos ofertados como adxudicataria na súa proposición e que tiñan sido valorados como criterios de adxudicación do contrato:

Non realizar 4 voos no mes de xullo de 2024 e 4 voos no mes de setembro de 2024

Estes incumprimentos están tipificados como incumprimentos moi graves na cláusula 35. 5 K dos PCAP.

CUARTO.- Proceder á reclamación da cantidade acordada mediante a dedución das cantidades que deban aboarse ao contratista, en concepto de pagamento total ou parcial, conforme ao artigo 194.2 da LCSP.

QUINTO.- Notificar este acordo a Ryanair DAC e aos servizos de intervención e tesourería ao efecto da dedución da cantidade pola penalidade imposta.

SEXTO.- Solicitar a concelleira da Área de Política Social e Turismo que incoe un novo procedemento para imposición de penalidades á empresa RYANAIR DAC (N0072244G) polo presunto incumprimento contractual detectado referente ás accións de promoción realizadas.

O acordo esgota a vía administrativa, de conformidade co establecido no artigo 114.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra ela cabe a presentación de recurso ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a contar desde a notificación, segundo dispoñen os artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa, sen prexuízo de poder interpoñer previamente recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, de conformidade co disposto nos artigos 123 e seguintes, cos efectos desestimatorios por silencio administrativo previstos no artigo 24 da citada Lei 39/2015

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.
(...)"



Concello de Vigo

SEGUNDO.- En data 04/02/2025 resolve, pola Concelleira da Área de Política Social, Turismo e Xuventude, se incoe expediente dun novo procedemento para imposición de penalidades (Expte. 8811-104) á compañía RYANAIR DAC (N0072244G) polo presunto incumprimento contractual detectado referente ás accións de promoción realizadas durante a anualidade 2024.

TERCEIRO.- En data 21/03/2025 se require, á compañía RYANAIR DAC, que acredite o cumprimento das accións de promoción recollidas no contrato de promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea coa cidade de Londres, durante os anos 2023-2025 (consta recepción da notificación con data 21.03.2025).

CUARTO.- En data 04/04/2025 a compañía RYANAIR DAC presenta a través do Rexistro Xeral do Concello (Nº R20250038629), escrito de “alegacións” no que relata unha serie de feitos alleos ao expediente obxecto de informe Expte. 8811/104 e xustificación de data 3 de abril de 2025 relativa aos servizos de marketing durante os meses de xaneiro a marzo 2025.

QUINTO.- En data 10/04/2025 se require novamente a compañía Ryanair DAC para “Subsanar la presentación de la documentación correspondiente a la acreditación de cumplimiento de las acciones de promoción del año 2024, en el marco del contrato de promoción turística del destino Vigo a través de su conectividad aérea con ciudad de Londres, durante los años 2023-2025, presentándola a través del Registro Electrónico General del Ayuntamiento de Vigo” (consta recepción da notificación con data 10.04.2025).

SEXTO.- En data 24/04/25, a compañía RYANAIR DAC presenta a través do Rexistro Xeral (Nº R20250045974) ratifícase no seu escrito anterior e aporta documentación acreditativa das accións de promoción realizadas durante o ano 2024.

II.- LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba ou Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP).*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).*
- *Real Decreto-Legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. (TRRL).*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen ou procedemento aberto para a contratación de servizos de promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coas principais cidades europeas anos 2023-2025 (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas para a contratación de servizos de promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coas principais cidade europeas anos 2023-2025(PPT).*

III.- ESCRITOS ENVIADOS POLA COMPAÑÍA RYANAIR D.A.C. DE DATAS 04/04/25 E 24/04/2025.

-En data 04/04/25 , Don Jaime Fernández Cortés, letrado del Ilustre Colegio de Abogados de Barcelona con el núm. 25.614, actuando en nombre y representación de la compañía irlandesa RYANAIR, D.A.C. dí que:

I. Que, el pasado 21 de marzo de 2025, RYANAIR remitió al Excmo. Concell o de Vigo un escrito en el que señalábamos que se encontraba en mora respecto a la factura número 1800289992 de RYANAIR, por importe de 500.000 euros, de acuerdo con los plazos legales de pago fijados en la normativa del Sector Público.

II. Que, tras recibir la Administración dicha intimación al pago, en misma fecha notificó a mi representada un requerimiento para que acredite el cumplimiento de las acciones de promoción recogidas en el contrato de promoción turística del destino Vigo a través de su conexión aérea con la ciudad de Londres, durante los años 2023- 2025.

III. Que dicho requerimiento se emite por la incoación de un llamado “procedimiento para la 2a imposición de penalidad”, en el que el Excmo. Concello de Vigo le estaría imputando un supuesto incumplimiento contractual.

IV. Que, en atención a dicho requerimiento, y en vista de la incoación de un “procedimiento para la 2ª imposición de penalidad”, RYANAIR formula las siguientes

ALEGACIONES

1.SOBRE LA INCONCRECIÓN TEMPORAL DEL REQUERIMIENTO. ACREDITACIÓN DE ACCIONES PROMOCIONALES EN 2025.

...

2. EN SU CASO, REMISIÓN A LAS MEMORIAS JUSTIFICATIVAS DE LAS ACCIONES DE PROMOCIÓN REALIZADAS POR RYANAIR DURANTE LOS AÑOS 2023 Y 2024



Concello de Vigo

...

3. SOBRE EL CUMPLIMIENTO POR RYANAIR DE SUS OBLIGACIONES CONTRACTUALES EN MATERIA DE ACCIONES DE PROMOCIÓN DURANTE LOS AÑOS 2023, 2024 Y 2025

...

4. SOBRE LAS RECIENTES ACTUACIONES IMPROCEDENTES DEL CONCELLO DE VIGO: INCUMPLIMIENTO DE SUS OBLIGACIONES DE PAGO DE RYANAIR, INTENTO DE MODIFICACIÓN CONTRACTUAL CONTRARIA A DERECHO Y CONTRADICCIÓN CON SUS ACTOS PROPIOS

..."

-En data 24/04/25 Don Jaime Fernández Cortés, letrado del Ilustre Colegio de Abogados de Barcelona con el núm. 25.614, actuando en nombre y representación de la compañía irlandesa RYANAIR, D.A.C.dí que:

"I. Que, el pasado 10 de abril de 2025, RYANAIR ha recibido un "requerimiento de subsanación de documentación al requerimiento de fecha 21/03/2025", emitido por el Excmo. Concello de Vigo en la misma fecha, por el cual insta a RYANAIR a presentar documentación acreditativa del cumplimiento de las acciones de promoción del año 2024.

II. Que, en atención a dicho requerimiento, RYANAIR formula las siguientes

ALEGACIONES

1. CONSIDERACIÓN GENERAL. RATIFICACIÓN EN LAS ANTERIORES ALEGACIONES

(...)

2. APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE LAS ACCIONES DE PROMOCIÓN REALIZADAS EN EL AÑO 2024

(...)

De conformidad con lo expuesto, **AL EXCMO. CONCELLO DE VIGO SOLICITO:**

Que tenga por presentado este escrito, en nombre y representación de RYANAIR, D.A.C., se sirva admitirlo y, en sus méritos:

1. Tenga por atendido el "requerimiento de subsanación de documentación al requerimiento de fecha 21/03/2025", emitido por el Excmo. Concello de Vigo el 10 de abril de 2025.

2. A los efectos oportunos, tenga por acreditado el cumplimiento por RYANAIR de las obligaciones contractuales en materia de acciones de promoción, durante el año 2024".

Á vista das alegacións da compañía RYANAIR DAC, compre concretar o seguinte:

O informe centrarase exclusivamente no presunto incumprimento da compañía Ryanair DAC das accións de promoción correspondentes á anualidade 2024, non entrando a informar cuestións alleas ao expediente incoado.

Polo que se estima a subsanación do requerimento de presentación da xustificación das accións de promoción correspondentes á anualidade 2024.

IV.- OBXECTO DO CONTRATO

O contrato ten por obxecto a promoción turística da cidade de Vigo no mercado británico, co obxecto final de atraer turistas procedentes deste mercado, vinculada á conectividade aérea directa coa cidade de Londres.

Precisamente para dar cumprimento ao devandito obxectivo final, de procura dun retorno do contrato, materializado nun incremento na chegada de turistas procedente deste mercado británico, contrátanse unha serie de accións de promoción coas que se pretende conseguir o impulso do turismo, a diversificación da oferta e a desestacionalización da demanda, mediante a posta en valor dos recursos turísticos da cidade vinculados á creación de novos roteiros co destino Vigo, co fin, non só de achegar un maior número de visitantes, senón tamén de potenciar o uso do aeroporto de Vigo.

Para dar cumprimento a este obxectivo, obran no expediente o Prego de Prescricións Técnicas (PPT), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), e a Proposta de Marketing (sobre B). A antedita Proposta de Marketing presenta unha campaña de promoción que ten como finalidade cumprir co obxectivo do contrato.

As accións de promoción coas que se pretende conseguir o impulso do turismo, a desestacionalización da demanda e a diversificación da oferta, mediante a posta en valor dos recursos turísticos da cidade de Vigo unicamente teñen sentido se se manteñen ao longo do ano, xa que así se consegue:

- 1. Ser un destino mais sostible: Se a promoción concéntrase unicamente no verán ou datas puntuais, córrese o risco de sobrecargar os destinos neses momentos, o que xera problemas de capacidade, deterioración da contorna, aumento de residuos e perda de calidade na experiencia turística, polo que si se distribúen os fluxos turísticos ao longo do ano, se contribúe a alcanzar a sostenibilidade turística do destino.*
- 2. Distribuir os beneficios económicos: Unha promoción sostida ao longo do ano permite atraer visitantes durante a tempada baixa, xerando ingresos continuos para o comercio local, o sector hostaleiro e a hostalería. Isto reduce a dependencia duns poucos meses e mellora a estabilidade económica do sector.*
- 3. Fomentar o emprego estable: Ao alongar a actividade turística durante máis meses, increméntanse as oportunidades de manter empregos a tempo completo e con maior calidade, en lugar de contratacións temporais ou estacionais.*
- 4. Diversificar a oferta turística: A promoción anual obriga a desenvolver e comunicar atractivos turísticos máis aló do binomio sol e praia, como o turismo rural, gastronómico, cultural de natureza ou incluso o turismo de congresos, que atraen a distintos perfís de turistas xerando así diversificación de mercados.*
- 5. Mellorar a planificación e xestión do destino: Unha campaña permanente permite axustar mellor a loxística, os recursos públicos e privados, e a capacidade do destino a unha demanda máis regular e previsible, o que mellora a calidade de vida de residentes e visitantes.*

En resumo, só unha promoción turística sostida no tempo contribúe verdadeiramente á xestión dun turismo sostible, equilibrado e duradeiro,

respondendo así a esencia da promoción deste contrato.

V.- XUSTIFICACIÓN DAS ACCIÓNS DE PROMOCIÓN

A compañía RYANAIR DAC presenta, no marco da licitación do contrato, un documento (sobre B) denominado “Proposta de Marketing” que contén o seguinte Plan de Medios:

Ryanair y Vigo Plan de Medios															
Mercado	Medios de comunicación:		Importe total	ENE	FEB	MAR	ABR	MAY	JUN	JUL	AGO	SEP	OCT	NOV	DIC
	Herramienta	El tipo													
Londres	Banner de destino destacado	semana	4	1			1					1			1
	Instagram	publicación	6			1		1		1	1		1	1	
	Facebook	publicación	6		1		1		1	1			1		1
	Enlaces aeropuerto y turismo	semana	5		1			1			1	1		1	
	Correo electrónico	correo electrónico	4	1		1			1						1

O Plan de medios concreta os medios de comunicación que vai a empregar, o número de publicacións que se levarán a cabo e un cronograma de actuación anual, válido para toda a vixencia do contrato.

Os medios de comunicación que forman parte da proposta de marketing son os seguintes:

- Banner de destino destacado.**
Cuxa publicación se prevé os meses de xaneiro, abril, setembro e decembro.
- Enlaces (Ligazóns) aeroporto e turismo.**
Cuxa publicación se prevén durante os meses de febreiro, maio, agosto, setembro e novembro.
- Correo electrónico.**
Publicacións previstas durante os meses de xaneiro, marzo, xuño e decembro.
- Facebook.**
Os post en Facebook que se prevén serán publicados os meses de febreiro, abril, xuño, xullo, outubro e decembro.
- Instagram.**
Os post en Instagram que se prevén serán publicados os meses de marzo, maio, xullo, agosto, outubro e novembro.

En data 24/04/25 a compañía RYANAIR DAC presenta a memoria xustificativa das accións promocionais correspondentes á anualidade 2024, na que acredita o cumprimento das seguintes actuacións:

1.- BANNER DE DESTINO DESTACADO (apartado a) párrafo anterior)

A compañía acredita a publicación dun banner de destino Vigo destacado, un total de 4 semanas:

- Xaneiro: do 8 ao 15 de Xaneiro de 2024*
- Abril: do 15 ao 22 de Abril de 2024*
- Setembro: do 2 ao 9 de Setembro de 2024*
- Decembro: do 2 ao 9 de Decembro de 2024*

As datas de publicación corresponden co disposto no Plan de Medios, polo que a compañía cumpre coas publicacións establecidas no Plan de medios relativas ao banner.

2.- LIGAZÓNS SOBRE AEROPORTOS E TURISMO (apartado b) párrafo anterior)

A compañía acredita a publicación de “Ligazóns sobre aeroportos e turismo” durante un período de 5 semanas:

- Febreiro: do 5 ao 12 de Febreiro de 2024*
- Mayo: do 6 ao 13 de Mayo de 2024*
- Agosto: do 5 ao 12 de Agosto de 2024*
- Setembro: do 16 ao 23 de Setembro de 2024*
- Novembro: do 11 ao 18 de Novembro de 2024*

As datas de publicación corresponden co disposto no Plan de Medios, polo que a compañía cumpre coas publicacións das ligazóns.

3.- INCLUSIÓN DE CORREO ELECTRÓNICO (NEWSLETTER) (apartado c) párrafo anterior)

A compañía acredita a publicación de dúas inclusións por correo electrónico en novembro e outras dúas inclusións en decembro.

O Plan de medios dispón as publicacións do correo electrónico nos meses de xaneiro, marzo, xuño e decembro, polo que unicamente cumpren coa publicación realizada en decembro, incumprindo os meses de xaneiro, marzo e xuño.

4.- PUBLICACIÓNS EN FACEBOOK (apartado d) párrafo anterior)

A compañía acredita a publicación de 6 post en Facebook nas datas 3, 4, 8, 9, 10 e 19 de decembro.

O Plan de medios dispón que as publicacións en Facebook serán nos meses de febreiro, abril, xuño, xullo, outubro e decembro, polo que unicamente cumpren coa publicación de decembro, incumprindo os meses de febreiro, abril, xuño, xullo e outubro.

5.- PUBLICACIÓNS EN INSTAGRAM (apartado e) párrafo anterior)

A compañía acredita a publicación de 6 post en Instagram nas datas 10, 11, 14, 17, 19, 21 de decembro

O Plan de medios dispón que as publicacións en Instagram serán nos meses de marzo, maio, xullo, agosto, outubro e novembro, polo que incumpren coas seis publicacións.

VI.- VALORACIÓN ECONÓMICA DO INCUMPRIMIENTO DAS ACCIÓNS DE PROMOCIÓN



Concello de Vigo

A “Memoria Económica” que obra, no contrato administrativo especial para a promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coa Cidade de Londres (anos 2023-2025) (expediente 8283/104), establece a seguinte valoración económica das accións de promoción, a realizar durante a anualidade 2024:

ESTIMACIÓN DE PREZOS DE MERCADO 2024			
<u>Acción promocional</u>	<u>Nº</u>	<u>Prezo</u>	<u>Prezo Total</u>
Enlace web	12	5.000,00	60.000,00
Newsletter (4X 650.000suscrip)	2.600.000	0,15	390.000,00
Banner	12	5.000,00	60.000,00
RRSS	10	500,00	5.000,00
TOTAL			515.000,00
IVE 21%			108.150,00 €
TOTAL CON IVE			623.150,00 €

A mesma “Memoria Económica” recolle na súa cláusula 3 o prezo do contrato e establece no apartado 3.2. do seguinte modo:

ANUALIDADES	IMPORTE (SEN IVE)	IMPORTE (CON IVE)
ANO 2023	515.000,00€	623.150,00€
ANO 2024	515.000,00€	623.150,00€
ANO 2025	515.000,00€	623.150,00€
Total Orz. Licit.	1.545.000,00€	1.869.450,00€

No proceso de licitación, no marco do contrato administrativo especial para a promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coa Cidade de Londres (anos 2023-2025) (expediente 8283/104), a compañía presenta unha oferta económica de 500.000€ anuais e o contrato se adxudica con dita baixa económica, polo que de acordo co informe de data 21/01/25 se procedeu á valoración económica porcentual das accións de promoción, segundo a seguinte táboa:

ESTIMACIÓN DE PREZOS DE MERCADO OFERTA RYANAIR			
<u>Acción promocional</u>	<u>Nº</u>	<u>Prezo</u>	<u>Prezo Total</u>
Enlace web	12	4.854,37€	58.252,50 €
Newsletter (4X 650.000suscrip)	2.600.000	0,145€	378.640,50 €

Banner	12	4.854,37€	58.252,50€
RRSS	10	485,5€	4.855€
TOTAL			500.000,00
			IVE 21%
			105.000,00 €
			TOTAL CON IVE
			605.000,00 €

Á vista de que as accións se cuantifican economicamente na memoria económica, e co fin de obxectivizar o incumprimento das accións correspondentes á anualidade 2024, se procede a valoración das actuacións incumpridas de acordo co Plan de medios:

- INCLUSIÓNS DE CORREO ELECTRÓNICO (NEWSLETTER)

O valor das NEWSLETTER é de 378.640,50€ polo que dividido entre as catro publicacións, lle corresponde unha valoración económica de 94.660,125€ a cada newsletter.

Xa que incumpren as publicacións de xaneiro, marzo e xuño a valoración económica é de $(94.660,125 \times 3)$ 283.980,375€

- PUBLICACIÓNS EN FACEBOOK E INSTAGRAM

O valor económico das publicacións en RRSS é de 4.855€ e de acordo coa oferta do plan de medios de 6 publicacións en Facebook e 6 en Instagram o valor por publicación é de $(4.855/12)$ 404,58€

Respecto ás publicacións de Facebook incumpren os meses de febreiro, abril, xuño, xullo, outubro a valoración económica é de $(404,58 \times 5)$ 2.022,9€

Respecto ás publicacións de Instagram incumpren os meses de marzo, maio, xullo, agosto, outubro e novembro, polo tanto as seis publicacións sendo o incumprimento de $(404,58 \times 6)$ 2.427,48€

O incumprimento das publicacións en RRSS por un valor económico de $(2.022,9€ + 2.427,48€)$ 4.450,38€

Resultando un incumprimento das accións de promoción da anualidade 2024 de 288.430,755€

ACCIONES INCUMPRIDAS ANUALIDAD 2024	VALORACIÓN ECONÓMICA
3 NEWSLETTERS	283.980,375€
11 PUBLICACIÓNS EN RRSS	4.450,38€



Concello de Vigo

TOTAL	288.430,755€
--------------	---------------------

VI.- TIPIFICACIÓN DO INCUMPRIMENTO

As accións de promoción obxecto de incumprimento se recollen nas cláusulas terceira e cuarta do Prego de Prescricións Técnicas que dispoñen o seguinte:

“3. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS E DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS (...)

Neste senso as accións de promoción limitaranse a accións online, sendo estas as seguintes:

- Creación de banners promocionado o destino Vigo na Web da compañía.*
- Establecemento de ligazóns na Web da compañía a turismodevigo ou sites de campañas específicas.*
- Publicación de posts en redes sociais como Facebook, Instagram e Twitter.*
- Envío de newsletters sobre o destino Vigo ás bases de datos segmentadas de clientes da compañía.*

4. CONTIDO E DESCRICIÓN DOS SERVIZOS

As accións de promoción turística de Vigo 2023-2025 que deberán desenvolver os licitadores consistirán como mínimo en:

O licitador deberá ofertar para o desenvolvemento das accións de promoción turística unha proposta de actuacións de comunicación para promover o destino Vigo, nos destinos vinculados ao obxecto do contrato que deberá atender como mínimo os seguintes ámbitos de promoción, durante as anualidades do contrato:

A) Envío de, alo menos, 4 newsletters online por cada anualidade sobre o destino Vigo, a unha base de datos dun mínimo de 650.000 subscritores, promocionando o destino Vigo.

B) Accións promocionais na Web da compañía aérea mediante, alo menos 1 banner destacado ou Microsite ou anuncios específicos nas “Homepage” da compañía durante toda a duración do contrato.

C) Accións promocionais na Web da compañía aérea mediante, ao menos unha ligazón, coa páxina de turismodevigo.org ou sites de campañas específicas durante toda a vixencia do contrato

D) Redes sociais. Publicación de ao menos 10 post en cada anualidade do contrato relacionados co destino Vigo entre, ao menos dúas das seguintes redes sociais da compañía aérea:

- Facebook*
- Instagram ou Twiter.*

Os contidos deberán conter diferentes perspectivas do destino Vigo tales como curiosidades, lugares de interese, promocións de voos ou contido gráfico de interese que inclúa unha mención á páxina de turismo de Vigo ou a campañas específicas do destino.

(...)"

Pola súa parte o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) na cláusula 16 A) establece os criterios avaliábles mediante xuízo de valor, segundo o cal se valora:

"1.- O Plan de organización das accións de promoción."

Segundo o cal a puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

"a) Calidade, orixinalidade e impacto das accións de promoción propostas.

b) Planificación e organización das accións a realizar, cronograma de execución das mesmas e incremento das accións sobre os mínimos esixidos na cláusula 4 do PPT.

c) Sistema de seguimento e coordinación promoción."

Polo exposto, acredítase que o denominado "Plan de medios" pola compañía Rynair DAC responde ao "Plan de organización das accións de promoción", recollido na cláusula 16 PCAP e en consecuencia a criterios para a adxudicación do contrato.

Recordemos que a campaña de promoción, so ten sentido, cando se leva a cabo mediante o desenvolvemento dunha promoción turística sostida no tempo, que contribúa a desestacionalizar o turismo e favorecer a diversificación da oferta, co fin de incrementar a chegada de turistas ao longo do ano.

A publicación das accións de promoción relativa ás Newsletters publícanse dous no mes de novembro e dous no mes de decembro. Respecto ás publicacións en redes sociais: en Instagram se publicaron nas datas 10, 11, 14, 17, 19, 21 de decembro e en Facebook se publican nas datas 3, 4, 8, 9, 10 e 19 de decembro.

Ditas publicacións non responden ao desenvolvemento dunha campaña de promoción turística sostida no tempo, co fin de dar cumprimento ao obxecto do contrato que consiste no incremento de turistas chegados á cidade, senón que aparentemente se publican, sen ningún outro criterio, mais co de cumprir co número de publicacións establecidas no plan de medios que non responden ao desenvolvemento dunha campaña de promoción anual.

Estamos ante unha actuación negligente da compañía Rynair DAC, xa que realizar as publicacións nos dous últimos meses do ano, podería presumirse que está motivadas pola incoación do expediente de imposición de penalidade de data 11.10.24, notificada na mesma data, e recibida pola compañía o 14.10.25.

Con independencia de calquera hipótese, non se desenvolveu unha promoción turística cunha estratexia sostida no tempo que responda ao cumprimento do obxecto final do contrato.

Pola súa parte, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen este contrato, na súa cláusula 35.1 establece:

"Considérase incumplimento contractual calquera acción ou omisión por parte do contratista que supoña a vulneración das obrigacións establecidas neste prego e nas demais normas de aplicación xeral por causas que lle resulten imputables".



Concello de Vigo

Cabe destacar que establece a cláusula 35.5 do prego de cláusulas administrativas particulares, “Terán a consideración de supostos de incumprimento ou cumprimento defectuoso moi grave:

“(...

b) A prestación manifestamente irregular do servizo.

(...

k) O incumprimento de compromisos ofertados polo adxudicatario na súa proposición e que tiñan sido valorados como criterios de adxudicación do contrato”

(...)”

Sendo estes os incumprimentos de contrato que se expoñen.

Pola súa parte, de conformidade coa cláusula 37 “Penalidades” establece o apartado 2.- “ No resto dos supostos de incumprimento contractual ou cumprimento defectuoso, a contía das penalidades será:

(...

c) Ata un 10% do prezo do contrato sen IVE se o incumprimento ou o cumprimento defectuoso fose moi grave”.

De acordo co exposto, e xa que as accións de promoción valoradas son as relativas a anualidade 2024, tómase como referencia do prezo do contrato o correspondente a anualidade 2024, sen IVE, sendo este importe de 500.000€

Así mesmo, tendo en conta que a valoración do incumprimento económico obxectivo calculado alcanza o importe de 288.430,755€, o que supón un 57,68% do valor anual do contrato sen IVE, e conforme coa cláusula 37.2c) do PCAP que cuantifica a taxación dun incumprimento moi grave con ata un 10% do prezo do contrato sen IVE e tendo en conta que a valoración obxectiva do incumprimento supera dita taxación, propónse unha penalidade dun 10% do valor anual do contrato sen IVE, (500.000€), o que supón o importe económico de 50.000€.

En base á proposta de imposición de penalidade por valor de 50.000€ , e previo ao informe proposta de resolución da imposición de penalidade, se remite para emisión de informe xurídico.

En Vigo, na data de sinatura dixital

A xefa do Servizo de Turismo. -Fátima Dueñas Corchero

Conforme

A Concelleira delegada de Turismo. - M^a Carmen Lago Barreiro (Resolución de data 28 de xuño de 2023, BOPPO N^o 129 de data 05/07/23 e posterior de data 28 de xuño de 2024, BOPPO N^o 134 de data 10/07/24)

A Concelleira da Área de Política social, Turismo e Xuventude. -Yolanda Aguiar Castro (Resolución de Alcaldía de data 28/06/24, BOPPO N^o 134 de data 10/07/24)”

DÉCIMO.- Con data 21/05/2025 a Secretaria de Administración Municipal emite informe xurídico sobre a xustificación das accións da anualidade 2024 presentadas pola compañía Ryanair DAC, cuxo tenor literal é o seguinte:

“INFORME XURÍDICO

PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ, secretaria de administración municipal do concello, visto o informe de 19.05.2025 de D^a Fátima Dueñas Corchero, xefa do servizo de turismo, e responsable do contrato administrativo especial para a promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coa Cidade de Londres (anos 2023-2025) (expediente 8283/104), adxudicado en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 03.03.2023 a RYANAIR DAC (N0072244G) emite o seguinte INFORME:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- En sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 03.03.2023 adxudícase a RYANAIR DAC (N0072244G) o contrato administrativo especial para a promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coa Cidade de Londres (anos 2023-2025) (expediente 8283/104).

SEGUNDO.- O contrato se iniciará o día da súa sinatura – 05.05.2023 - e rematará en decembro de 2025.

TERCEIRO.- En sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 31.01.2025 acordouse impor unha sanción á empresa RYANAIR DAC (N0072244G) polo incumprimento dos compromisos ofertados como adxudicataria na súa proposición e que foron valorados como criterios de adxudicación do contrato; igualmente solicitouse á concelleira da área de Política Social e Turismo a iniciación dun novo procedemento sancionador á empresa RYANAIR DAC (N0072244G) polo presunto incumprimento contractual detectado respecto das accións promocionais realizadas.

CUARTO.- Por resolución da concelleira da área de Política social Turismo e Xuventude de 04.02.2025 incoouse procedemento para imposición de penalidades á empresa RYANAIR DAC (N0072244G) polo presunto incumprimento contractual detectado referente ás accións de promoción realizadas.

QUINTO.- O 21.03.2025 se require a compañía Ryanair DAC que acredite o cumprimento das accións de promoción recollidas no contrato de promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea coa cidade de Londres, durante os anos 2023-2025 (consta recepción da notificación con data 21.03.2025).

SEXTO.- Con rexistro de entrada núm. R20250038629, de 4 de abril de 2025, Ryanair DAC presenta un escrito de “alegacións” no que relata unha serie de feitos alleos ao expediente obxecto de informe “Expte. 8811-104 polo presunto incumprimento contractual detectado respecto das accións promocionais realizadas”.

Sen entrar a valorar se a empresa aportou, ou non, a información que agora solicita a administración municipal, debe lembrarse que segundo a cláusula 26 dos pregos de cláusulas administrativas (PCAP) reguladores da contratación “o órgano de con-



Concello de Vigo

tratación ostenta as facultades de inspección das actividades desenvolvidas polos contratistas durante a execución do contrato”.

A maiores, a cláusula 12 do PPT recolle:

“O adxudicatario deberá elaborar informes trimestrais sobre todos os aspectos relativos á execución do contrato, que presentará coa correspondente factura trimestral. O Concello de Vigo poderá requirir á empresa adxudicataria, en calquera momento que complete ou amplíe estes informes ou ben a realización doutros informes complementarios se fose necesario para o mellor seguimento do contrato, así como da documentación que precise para dispoñer dun pleno coñecemento das circunstancias en que se desenvolve o traballo, e para resolver os eventuais problemas que poidan suscitarse na execución”.

Polo tanto, é unha obriga para Ryanair DAC facilitar canto información lle sexa solicitada polo concello de Vigo e igualmente é unha obriga para o concello de Vigo velar polo correcto uso dos recursos públicos na execución dos contratos. Para iso, implementa mecanismos de control e seguimento que aseguran que o contratista cumpre con todas as condicións establecidas no contrato.

Estes controis inclúen a comprobación documental e física dos traballos realizados. En caso de detectar incumprimentos, aplícanse as penalizacións previstas na normativa e no propio contrato, pero sempre solicitando previamente a máxima documentación e outorgando audiencia ao contratista para garantirle tódolos dereitos e a máxima seguridade xurídica.

Desta maneira, a administración garante que o diñeiro público utilízase de forma eficiente, transparente e orientada a satisfacer o interese xeral, que é o fin último de toda administración.

SÉTIMO. - O 10.04.2025 a xefa do servizo de turismo require novamente a compañía Ryanair DAC para “Subsanar la presentación de la documentación correspondiente a la acreditación de cumplimiento de las acciones de promoción del año 2024, en el marco del contrato de promoción turística del destino Vigo a través da su conectividad aérea con ciudad de Londres, durante los años 2023-2025, presentándola a través del Registro Electrónico General del Ayuntamiento de Vigo” (consta recepción da notificación con data 10.04.2025).

OITAVO. - Ryanair DAC, con rexistro de entrada núm. R20250045974, de 24 de abril de 2025, ratifícase no seu escrito anterior e aporta documentación acreditativa das accións de promoción realizadas durante o ano 2024.

Indícase que algún documento presentado por Ryanair DAC está en lingua inglesa.

Na administración local de Galicia, tanto o galego como o castelán son linguas oficiais. O galego, como lingua propia de Galicia, debe empregarse na redacción de convocatorias, ordes do día, mocións, propostas de acordo, ditames e actas das en-

tidades locais. Con todo, estas entidades poden utilizar tamén o castelán se así o deciden.

A Lei 5/1988 regula especificamente o uso do galego como lingua oficial na administración local, impulsando a súa normalización e garantindo o dereito da cidadanía para utilizar calquera das dúas linguas oficiais nas súas relacións coa administración.

Polo que non debería admitirse ningún escrito que esta empresa presentase nunha lingua non oficial en Galicia.

***NOVENO.-** Con data 19.05.2025, D^a Fátima Dueñas Corchero, xefa do servizo de turismo, e responsable do contrato administrativo especial para a promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coa Cidade de Londres (anos 2023-2025) (expediente 8283/104), da resposta aos escritos presentados por Ryanair DAC con rexistro de entrada núm. R20250038629, de 4 de abril de 2025 e rexistro de entrada núm. R20250045974, de 24 de abril de 2025.*

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP)
Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP)*

Ley 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación de servizos de promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coas principais cidades europeas anos 2023-2025 (PCAP)

Prego de prescricións técnicas para a contratación de servizos de promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coas principais cidades europeas anos 2023-2025 (PPT)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O informe centrarase exclusivamente no presunto incumprimento de Ryanair DAC respecto das accións promocionais realizadas no exercicio 2024, non entrando a informar cuestións alleas ao expediente incoado, nin as accións promocionais realizadas no ano 2023 e 2025.

Do exame da cláusula 4 do PPT despréndese:

“As accións de promoción turística de Vigo 2023-2025 que deberán desenvolver os licitadores consistirán como mínimo en:

O licitador deberá ofertar para o desenvolvemento das accións de promoción turística unha proposta de actuacións de comunicación para promover o destino Vigo, nos



Concello de Vigo

destinos vinculados ao obxecto do contrato que deberá atender como mínimo os seguintes ámbitos de promoción, durante as anualidades do contrato:

A) Envío de, alo menos, 4 newsletters online por cada anualidade sobre o destino Vigo, a unha base de datos dun mínimo de 650.000 subscritores, promocionando o destino Vigo.

B) Accións promocionais na Web da compañía aerea mediante, alo menos 1 banner destacado ou Microsite ou anuncios específicos nas “Homepage” da compañía durante toda a duración do contrato.

C) Accións promocionais na Web da compañía aérea mediante, ao menos unha ligazón, coa páxina de turismodevigo.org ou sites de campañas específicas durante toda a vixencia do contrato

D) Redes sociais. Publicación de ao menos 10 post en cada anualidade do contrato relacionados co destino Vigo entre, ao menos dúas das seguintes redes sociais da compañía aérea:

-Facebook

- Instagram ou Twiter.

Os contidos deberán conter diferentes perspectivas do destino Vigo tales como curiosidades, lugares de interese, promocións de voos ou contido gráfico de interese que inclúa unha mención á páxina de turismo de Vigo ou a campañas específicas do destino.

Os materiais serán facilitados polo Concello de Vigo, si ben a edición, montaxe, impresión e outros custes derivados da actividade correrán a cargo do adxudicatario, que realizará baixo a previa aprobación do Concello de Vigo.

En todo caso o adxudicatario deberá respectar o manual de identidade corporativa do Concello de Vigo en todas as aplicacións e accións de promoción que realice.

Os licitadores deberán adxuntar ás propostas, un cronograma de execución das actuacións de promoción, no que se indicará expresamente o período necesario para a súa execución tras a aprobación das mesmas polo Concello de Vigo.

O adxudicatario correrá con todos os custes que se deriven das accións”.

Realizada a licitación, valorouse e puntuouse pola Mesa de Contratación as accións de promocións ofertadas pola compañía pois a propia empresa no seu escrito as detallou:

Ryanair y Vigo Plan de Medios															
Mercado	Medios de comunicación:														
	Herramienta	El tipo	Importe total	ENE	FEB	MAR	ABR	MAY	JUN	JUL	AGO	SEP	OCT	NOV	DIC
Londres	Banner de destino destacado	semana	4	1			1					1			1
	Instagram	publicación	6			1		1		1	1		1	1	
	Facebook	publicación	6		1		1		1	1			1		1
	Enlaces aeropuerto y turismo	semana	5		1			1			1	1		1	
	Correo electrónico	correo electrónico	4	1		1			1						1

Dito isto, do desglose das accións realizadas por Ryanair DAC, presentadas con rexistro de entrada núm. R20250045974, de 24 de abril de 2025, compróbase o xa informado pola xefa do servizo de Turismo e o incumprimento contractual da empresa ao non cumprir o cronograma para as accións de promoción – neste senso remíto-me o informe técnico, punto V – no que, de modo resumido conclúese a existencia dos seguintes incumprimentos contractuais:

- Newsletter nos meses de xaneiro, marzo e xuño de 2024*
- Facebook nos meses de febreiro, abril, xuño, xullo e outubro de 2024*
- Instagram nos meses de marzo, maio, xullo, agosto, outubro e novembro de 2024*

Da documentación aportada pola compañía compróbase que as accións de promoción consistentes en newsletter, facebook e instagram realizáronse maioritariamente nos meses de novembro e decembro de 2024, incumpríndose o cronograma ofertado pola compañía e aprobado polo concello de Vigo ao valorar a oferta presentada.

Promocionar un destino turístico require unha estratexia que considere as variacións de interese ao longo de todo o ano, incentivando aos turistas para planificar con tempo ou para compartir atractivos en tempo real, como pode ser na tempada estival.

Ademáis, a promoción ao inicio do ano permitiría analizar as tendencias de viaxe e o comportamento dos visitantes para adaptar as estratexias de promoción en cada momento.

Á vista dos documentos obrantes no expediente, Ryanair DAC, no ano 2024 incumpriu, este cronograma de accións promocionais realizando unha prestación parcialmente negligente do obxecto contractual, a promoción turística da cidade de Vigo.

Como relata o informe da técnica, a promoción que se pretende con esta contratación é a desestacionalización da demanda e a diversificación da oferta o que non pode conseguirse realizando a promoción turística realizada nos últimos meses do ano.

A cláusula 35 dos PCAP – aprobados en sesión de 24.11.2022 da Xunta de Goberno Local – regula os incumprimentos contractuais indicando que imponse penalidades ao contratista cando incorra nalgún dos incumprimentos contractuais ou cumprimentos defectuosos das prestacións obxecto do contrato.

O apartado 3 c) da antedita cláusula establece a imposición de penalidades ao contratista cando este incorra en “mora no cumprimento do prazo total ou dos prazos parciais”.

O apartado 5 b) da antedita cláusula tipifica como moi grave “a prestación manifestamente irregular do servizo” e o apartado 5 k) tipifica como moi grave “O incumprimento de compromisos ofertados polo adxudicatario na súa proposición e que tiñan sido valorados como criterios de adxudicación do contrato”.



Concello de Vigo

Estas penalidades deberán ser proporcionadas á gravidade do incumprimento e as cuantías non poderán ser superiores ao 10% do prezo do contrato, IVE excluído, nin o total destas poderá superar o 50% do prezo do contrato (artigo 192. 1 LCSP 2017).

O informe técnico valora economicamente o incumprimento contractual por importe total de 288.430,75 €.

Respecto as contías das penalidades, en caso de incumprimentos moi graves, a cláusula 37. 2 c) dos PCAP as cuantifica nun máximo do 10% do prezo do contrato sen IVE.

Ademáis, poden ser graduadas en base aos criterios previstos na cláusula 36 PCAP:

“Para determinar a gravidade dos incumprimentos contractuais atenderase aos seguintes criterios de gradación:

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.*
- b) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ao seu valor económico.*
- c) A reincidencia, por ter incorrido no termo dun ano en máis dun incumprimento contractual polo que se lle impuxese unha penalidade polo órgano de contratación.*
- d) Proceder voluntariamente, antes da imposición dunha penalidade polo órgano de contratación, ao cumprimento da obriga ou deber infrinxido e a reparación do dano causado”.*

A cláusula 38 dos PCAP regula o procedemento para a imposición de penalidades:

“I. Órgano competente

As penalidades por incumprimento contractual ou cumprimento defectuoso, calquera que sexa a súa gravidade, imponse pola Xunta de Goberno local.

II. Procedemento

As penalidades imponse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato, previa audiencia do contratista, por un prazo de quince días.

Este acordo será inmediatamente executivo.

Se o incumprimento puidera conlevar á resolución do contrato, a tramitación do correspondente expediente axustarase ao disposto no artigo 213 da LCSP.

III. Pagamento das penalidades

Realizarase mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban abonarse ao contratista. Se non fose posible, sobre o importe da garantía definitiva. No seu defecto, o contratista deberá aboalas ingresando o seu importe na Caixa do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación.

Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o seu importe, esixirase o pagamento pola vía de constrinximento administrativo”.

En sentido similar pronúnciase o artigo 192 e seguintes da LCSP 2017:

“Los pliegos o el documento descriptivo podrán prever penalidades para el caso de cumplimiento defectuoso de la prestación objeto del mismo o para el supuesto de incumplimiento de los compromisos o de las condiciones especiales de ejecución del contrato que se hubiesen establecido conforme al apartado 2 del artículo 76 y al apartado 1 del artículo 202. Estas penalidades deberán ser proporcionales a la gravedad del incumplimiento y las cuantías de cada una de ellas no podrán ser superiores al 10 por ciento del precio del contrato, IVA excluido, ni el total de las mismas superar el 50 por cien del precio del contrato.

Cuando el contratista, por causas imputables al mismo, hubiere incumplido parcialmente la ejecución de las prestaciones definidas en el contrato, la Administración podrá optar, atendidas las circunstancias del caso, por su resolución o por la imposición de las penalidades que, para tales supuestos, se determinen en el pliego de cláusulas administrativas particulares o en el documento descriptivo”.

Con estas premisas descritas, e segundo os cálculos da técnica, proponse unha penalidade por importe de 50.000,00 €.

Dado que o contrato foi adxudicado pola Xunta de Goberno Local considérase que é o órgano competente, a proposta do responsable do contrato, para a imposición de penalidades por cumprimento defectuoso do contrato (artigo 38. II dos pregos de cláusulas administrativas).

Previo acordo de imposición de penalidades, a concelleira delegada dará audiencia ao contratista en base ao previsto no acordo de delegación de competencias da XGL de 28.06.2024 “(...) Efectuar a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos das súas áreas ditando ao efecto as ordes e instrucións que se estimen oportunas e propoñendo, no seu caso, ao órgano de contratación a apertura do procedemento sancionador ante posibles incumprimentos (...)”.

Dito acordo, comunicárase ao contratista, outorgándolle un prazo de audiencia de quince días a fin de que poda alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

*A secretaria de administración municipal
Pilar del Carmen Saborido Díaz”*

DÉCIMO PRIMEIRO.- En base aos informes que preceden, en data 22/05/25, a concelleira da área de Política social Turismo e Xuventude, resolve:

PRIMEIRO.- Admitir a documentación para a subsanación ao requirimento de data 21/03/25, presentado na data 24/04/25.



Concello de Vigo

SEGUNDO.- Incoar o procedemento para imposición de penalidade, á empresa RYANAIR DAC (N0072244G), por importe de 50.000€, polo incumprimento da publicación de tres Newsletters e once publicacións en RRSS, de acordo co cronograma do plan de medios, o que supón o incumprimento do obxecto do contrato consistente no incremento da chegada de turistas á cidade co fin de alcanzar a sustentabilidade turística do destino, a través da xestión da desestacionalización da demanda e da diversificación da oferta ao longo do ano. Estes incumprimentos están tipificados como moi graves na cláusula 35. 5 K dos PCAP.

TERCEIRO.- Dar audiencia ao contratista por un prazo de quince días hábiles – contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación – para que presente as alegacións, documentos ou informes que estime oportunos.

DÉCIMO SEGUNDO.- En data 23/05/25 se notifica ao contratista que recibe a notificación o 23/05/25.

2.- ALEGACIÓNS DA COMPAÑÍA RYANAIR DAC

En data 13/06/25, a compañía RYANAIR DAC presenta, a través do Rexistro Xeral (Nº 20250065642), escrito de alegacións á incoación do procedemento para imposición de penalidade, alegando D. Jaime Fernández Cortés, letrado del Ilustre Colegio de Abogados de Barcelona con el núm. 25.614, actuando en nombre y representación de la compañía irlandesa RYANAIR, D.A.C.:

“ALEGACIONES

1. SOBRE LAS ACCIONES PROMOCIONALES EFECTIVAMENTE REALIZADAS POR RYANAIR.

La incoación del procedimiento de penalidades se basa en la comisión de un supuesto incumplimiento contractual “muy grave”, por incumplimiento de los compromisos asumidos por RYANAIR en el contrato, acerca de las acciones promocionales a realizar en el año 2024 de Vigo como destino turístico.

Ante todo, conviene destacar que RYANAIR realizó TODAS las acciones de promoción comprometidas en la oferta objeto del contrato y en el Plan de Medios para el año 2024:

- Banners de destino destacados un total de 4 semanas.*
- Enlaces sobre aeropuertos y turismo un total de 5 semanas.*
- 4 inclusiones de correo electrónico.*
- 6 publicaciones en Facebook.*
- 6 publicaciones en Instagram.*

Por tanto, RYANAIR cumplió con su obligación esencial, en materia de acciones de

marketing a ejecutar durante el 2024.

Asimismo, las acciones consistentes en Banners de destino destacados y Enlaces sobre aeropuertos y turismo se realizaron total y puntualmente en el calendario previsto en el Plan de Medios: a saber, durante los meses de enero, febrero, abril, mayo, agosto, septiembre, noviembre y diciembre de 2024.

Por tanto, los objetivos que tenía el Ayuntamiento de Vigo al licitar y suscribir el contrato, de asegurar una promoción turística a lo largo de todo el año natural (para ser un destino más sostenible, distribución de beneficios económicos, fomento del empleo estable, diversificación de la oferta turística y mejorar la planificación y gestión del destino) quedaron asegurados y cumplidos con la efectiva realización de las acciones promocionales antedichas, durante los meses de enero, febrero, abril, mayo, agosto, septiembre, noviembre y diciembre de 2024.

La incoación del procedimiento de penalidades se centra en que, respecto de las inclusiones de correo electrónico, publicaciones en Facebook y publicaciones en Instagram, se habrían concentrado en los meses de noviembre y diciembre, en lugar de

publicarlas según el calendario del Plan de Medios.

RYANAIR concentró estas acciones promocionales en los meses finales de 2024 de buena fe, creyendo que así reforzaría el destino turístico de Vigo desde la conexión con Londres en unas fechas del año que no son estrictamente temporada “alta”, sino más bien “baja”; eso sí, acorde y coherente con el deseo municipal de atraer e impulsar turismo internacional en época navideña.

Ilustramos lo anterior con enlaces a publicaciones del mismo Servicio de Turismo y otras entidades (“Navidad en Vigo”, “Faro de Vigo”), los cuales se hacen eco de los anuncios del Ayuntamiento de incrementar la cantidad de luces y promover eventos adicionales en 2024, “para atraer a más gente”:

<https://www.turismodevigo.org/es/alumbrado-y-atracciones-navidenas>

https://lanavidaddevigo.com/como-la-navidad-de-vigo-2024-impulsa-el-turismo/#%C2%BFComo_ha_cambiado_el_flujo_turistico_en_Vigo_en_temporadas_navidenas_anteriores_y_que_se_espera_para_la_Navidad_de_2024

MUNDO DE LA EMPRESA BLOG: La Navidad de Vigo en números: su impacto económico y social - ECONOMÍA

<https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2024/12/08/turismo-navideno-ilumina-economia-viguesa-112412941.html>

En este contexto, y por las razones expuestas, entendemos que no hubo en puridad incumplimiento contractual, y mucho menos muy grave. RYANAIR ejecutó de buena fe el contrato, conforme al Artículo 1.258 CC, con relación al Artículo 17 LCSP, realizando la totalidad de las acciones promocionales comprometidas para el año 2024.

En cualquier caso, no consta a RYANAIR que el Ayuntamiento realizara ningún tipo de advertencia o requerimiento durante todo el año 2024, para que se ajustase en su ejecución literalmente al calendario del Plan de Medios, según le faculta el



Concello de Vigo

Artículo 311.3 LCSP; por lo que podría colegirse que no era esencial ajustarse a la literalidad de dicho Plan de Medios, sino ejecutar el total de acciones comprometidas en 2024, teniendo en cuenta la importancia que Vigo da a su promoción como destino turístico en la época navideña.

Así, la concentración de dichas acciones promocionales en los meses de noviembre y diciembre favoreció los objetivos antedichos del contrato.

De este modo, debe descartarse la imposición de penalidad alguna.

2. DESPROPORCIÓN DE LA PENALIDAD PREVISTA.

Aun en el caso de que procediera imponer a RYANAIR una penalidad por incumplimiento del Contrato -que no procede-, es evidente que el importe previsto de 50.000'- € es desproporcionado.

Así pues, si procediera hipotéticamente imponer alguna penalidad, ésta debería fijarse en una suma bastante inferior, sin que ello pueda interpretarse como conformidad de RYANAIR a la imposición de ninguna penalidad.

En este sentido:

a) Se prevé imponer la penalidad máxima posible según la cláusula 37.2 c) PCAP para incumplimientos contractuales tipificados como grave ("Ata un 10% do prezo do contrato sen IVE"), lo que entendemos solo sería procedente en un supuesto de incumplimiento total de la obligación.

b) Sin embargo, RYANAIR sí realizó TODAS las acciones de promoción comprometidas en la oferta de RYANAIR objeto del contrato y en el Plan de Medios para el año 2024. Incluso, aquellas acciones consistentes en Banners de destino destacados y Enlaces sobre aeropuertos y turismo se realizaron total y puntualmente en el calendario previsto en el Plan de Medios.

Por lo que respecta a las inclusiones de correo electrónico, publicaciones en Facebook y publicaciones en Instagram, consta acreditada las publicaciones llevadas a cabo en número de cuatro (4), seis (6) y seis (6) respectivamente; si bien tales publicaciones se concentraron en los meses de noviembre y diciembre en una muestra de buena fe y colaboración con los objetivos del Concello por parte de esta compañía, en lugar de espaciarlas según el calendario del Plan de Medios.

c) Por la razón antedicha resulta excesivo valorar económicamente el supuesto incumplimiento en 288.430,755'- €, como figura en la incoación del procedimiento: ello

supone no dar ningún valor a las dieciséis (16) acciones promocionales efectivamente ejecutadas por RYANAIR en esos otros meses distintos, lo que carece de sentido y equidad.

d) En tales condiciones, la imposición de la penalidad máxima prevista en la cláusula 37.2

c) PCAP no resulta de recibo, porque en la práctica se estaría penalizando como si RYANAIR no hubiera ejecutado las acciones de publicidad comprometidas, o en un menor número.

La interpretación de la cláusula 37.2 c) PCAP, de manera literal (“Ata un 10%”... se o incumprimento o cumprimento defectuoso fose grave) así como conjunta y sistemática con la cláusula 37.2 b) PCAP (“Ata un 5% ... se o incumprimento o cumprimento

defectuoso fose grave”) permite deducir que los supuestos de incumplimientos muy graves están sujetos a penalidades de una horquilla entre un 6% y un 10%; siendo de

esperar que la parte inferior de la horquilla corresponda a “cumplimiento defectuoso” y la parte superior a “incumplimiento” o “incumplimiento total”.

e) Asimismo, cuando menos resultaría aplicable la moderación equitativa de la penalidad, conforme al Artículo 1.154 CC, debido a que RYANAIR ha cumplido con sus compromisos contractuales esenciales acerca de las obligaciones de realizar acciones promocionales en 2024.

Conforme a lo anterior, el importe previsto de la penalidad (50.000’- €) no resulta en ningún modo proporcional, por lo que incluso en el caso de apreciarse el incumplimiento (quod non) debería reducirse cualquier eventual sanción hasta el equivalente al 6% del precio del contrato para 2024 (30.000’- €); y, en ningún caso, superar el 7% (35.000’- €).

De conformidad con lo expuesto, AL EXCMO. CONCELLO DE VIGO SOLICITO: Que tenga por presentado este escrito, en nombre y representación de RYANAIR, D.A.C., se sirva admitirlo y, teniendo por formuladas las alegaciones anteriores con relación a la incoación del procedimiento de imposición de penalidades, las estime y, consiguientemente:

1. Con carácter principal: Acuerde no imponer ninguna penalidad a RYANAIR, D.A.C.

2. Con carácter subsidiario: Acuerde reducir la penalidad inicialmente prevista, en la medida en que la orden de inicio contiene una propuesta que no cumple con la debida interpretación del Contrato y el principio de proporcionalidad.”

➤ Respecto ao escrito de alegacións da compañía Ryanair DAC, recibido en data 13/06/25

A compañía RYANAIR DAC altera (como se detalla no informe da xefa do Servizo de data 19/05/2025) as datas de publicación da campaña de promoción de forma unilateral, sen coñecemento e sen a aprobación previa do Concello.

Así mesmo, a compañía Ryanair concentra o maior número de publicacións da campaña de promoción do ano 2024 nos meses de novembro e decembro, sen ter un coñecemento global da campaña de promoción estratéxica da cidade de Vigo e sobre todo un descoñecemento profundo do destino turístico Vigo.

Este descoñecemento ponse de manifesto cando a compañía alega:

(...)



Concello de Vigo

“RYANAIR concentró estas acciones promocionales en los meses finales de 2024 de buena fe, creyendo que así reforzaría el destino turístico de Vigo desde la conexión con Londres en unas fechas del año que no son estrictamente temporada “alta”, sino más bien “baja”; eso sí, acorde y coherente con el deseo municipal de atraer e impulsar turismo internacional en época navideña.”

(...)

A compañía Ryanair recoñece que altera as publicacións das accións promocionais de forma unilateral, sen a conformidade do Concello e con un profundo descoñecemento do destino Vigo, así o recoñece cando dí: *“RYANAIR concentró estas acciones promocionales en los meses finales de 2024 de buena fe, creyendo que así reforzaría el destino turístico de Vigo...”* e para defender esta afirmación anexa varios links con alusións ao produto navideño.

Os meses novembro e decembro son tempada alta para a cidade de Vigo, xa que o produto turístico “Vigo Nadal” fai que Vigo, *alcance unhas das cifras ocupacionais anuais, mais altas da cidade* . En canto aos Links aportados, unicamente evidencian, que en Vigo se desenvolve un produto que xera un atractivo turístico.

O presente contrato ten por obxecto a promoción turística da cidade de Vigo no mercado británico, co obxecto final de atraer turistas procedentes deste mercado, vinculada á conectividade aérea directa coa cidade de Londres. Precisamente para dar cumprimento a este obxectivo, obran no expediente o Prego de Prescricións Técnicas (PPT), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), e a Proposta de Marketing (sobre B). A antedita Proposta de Marketing presenta unha campaña de promoción que ten como finalidade cumprir co obxectivo do contrato. Dita campaña conleva o desenvolvemento de, a lo menos dous accións de promoción, durante todos os meses do ano, que se visualiza do seguinte modo:

Ryanair y Vigo Plan de Medios															
Mercado	Medios de comunicación:														
	Herramienta	El tipo	Importe total	ENE	FEB	MAR	ABR	MAY	JUN	JUL	AGO	SEP	OCT	NOV	DIC
Londres	Banner de destino destacado	semana	4	1			1					1			1
	Instagram	publicación	6			1		1		1	1		1	1	
	Facebook	publicación	6		1		1		1	1	1		1		1
	Enlaces aeropuerto y turismo	semana	5		1			1			1	1		1	
	Correo electrónico	correo electrónico	4	1		1			1						1

As accións de promoción coas que se pretende conseguir o impulso do turismo, a desestacionalización da demanda e a diversificación da oferta, mediante a posta en valor dos recursos turísticos da cidade de Vigo, unicamente teñen sentido se se manteñen ao longo do ano.

Si ben a compañía Ryanair deixa 4 meses sen ningún tipo de promoción, sendo estes os mese de marzo, xuño, xullo e outubro e 5 meses unicamente cunha soa publicación, durante os meses de xaneiro, febreiro, abril, maio e agosto e concentra 3 publicacións en novembro e 15 publicacións en decembro.

A visualización da campaña realizada pola compañía Ryanair DAC durante a anualidade 2024 é a seguinte:

ACCIONES												
PROMOCIÓN 2024	ENE	FEB	MAR	ABR	MAY	JUN	JUL	AGO	SEP	OCT	NOV	DIC
BANNER	1			1					1			1
ENLACE		1			1			1	1		1	
E-MAIL											2	2
RRSS												12

Polo exposto, a campaña desenvolta pola compañía Ryanair durante na anualidade 2024 que conleva a falta de publicacións durante catro meses, a redución de publicacións en cinco meses e a concentración de accións desenvoltas nos meses de novembro e decembro, non responden aos criterios establecidos no marco do contrato, e non responde aos intereses do Concello de Vigo.

➤ Respecto a desproporción da penalidade prevista

A penalidade proposta queda amplamente xustificada no informe da xefa do Servizo de Turismo de data 19/05/2025, no que se cuantifican as accións de promoción incumpridas de acordo coa valoración económica, contida na memoria económica, cuxo importe final é de 288.430,755€.

Tendo en conta que a valoración do incumprimento económico obxectivo calculado alcanza o importe de 288.430,755€, e conforme coa cláusula 37.2c) do PCAP, se cuantifica a taxación dun incumprimento moi grave con ata un 10% do prezo do contrato sen IVE e tendo en conta que a valoración obxectiva do incumprimento supera dita taxación, propónse unha penalidade dun 10% do valor anual do contrato sen IVE, (500.000€), o que supón o importe económico de 50.000€.”

- En data 29/07/2025 a secretaria de administración municipal emite o seguinte informe:

“

INFORME XURÍDICO

PILAR DEL CARMEN SABORIDO DÍAZ, secretaria de administración municipal do concello, informa:

ANTECEDENTES

Por resolución da concelleira delegada de área de 22.05.2025 acordouse:

“PRIMEIRO.- Admitir a documentación para a subsanación ao requirimento de data 21/03/25, presentado na data 24/04/25.



Concello de Vigo

SEGUNDO.- Incoar o procedemento para imposición de penalidade, á empresa RYANAIR DAC (N0072244G), por importe de 50.000€, polo incumprimento da publicación de tres Newsletters e once publicacións en RRSS, de acordo co cronograma do plan de medios, o que supón o incumprimento do obxecto do contrato consistente no incremento da chegada de turistas a cidade co fin de alcanzar a sustentabilidade turística do destino, a través da xestión da desestacionalización da demanda e da diversificación da oferta ao longo do ano.

Estes incumprimentos están tipificados como moi graves na cláusula 35. 5 K dos PCAP.

TERCEIRO.- Dar audiencia ao contratista por un prazo de quince días hábiles – contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación – para que presente as alegacións, documentos ou informes que estime oportunos”.

Dita resolución foi notificada e recibida pola empresa con data 23.05.2025.

Por rexistro de entrada núm. R20250065642 de 13.06.2025 recíbense alegacións de RYANAIR DAC ao trámite de audiencia realizado.

Con data 28.07.2025 a xefa do servizo de turismo emite informe ás alegacións presentadas.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. Sobre a realización efectiva de accións promocionais

Ryanair alega que sí realizou tódalas accións promocionais se ben certas accións se realizaron unicamente nos meses novembro e decembro polo que entenden que non houbo incumprimento contractual.

Ademáis, de modificar unilateralmente o contrato, como informa a técnica de turismo, *“a concentración de accións desenvoltas nos meses de novembro e decembro non responden aos criterios establecidos no marco do contrato (...) a desestacionalización da demanda e a diversificación da oferta”.*

(...)

“A compañía Ryanair recoñece que altera as publicacións das accións promocionais de forma unilateral, sen a conformidade do Concello e con un profundo descoñecemento do destino Vigo, así o recoñece cando dí: “RYANAIR concentró estas acciones promocionales en los meses finales de 2024 de buena fe, creyendo que así reforzaría el destino turístico de Vigo ...” e para defender esta afirmación anexa varios links con alusións ao produto navideño.

Os meses novembro e decembro son tempada alta para a cidade de Vigo, xa que o produto turístico “Vigo Nadal” fai que Vigo, alcance unha das cifras ocupacionais

anuais, mais altas da cidade. En canto aos Links aportados, unicamente evidencian, que en Vigo se desenvolve un produto que xera un atractivo turístico”.

Ryanair tamén alega que *“no consta a RYANAIR que el Ayuntamiento realizara ningún tipo de advertencia o requerimiento durante todo el año 2024, para que se ajustase en su ejecución literalmente al calendario del Plan de Medios”.*

Non é o concello de Vigo quen deben requirir á empresa adxudicataria, como afirma Ryanair; o prego de prescripcíons técnicas recolle expresamente que *“O adxudicatario terá que presentar un cronograma das actuacións de promoción que se axuste á proposta de actuacións de comunicación, presentadas na oferta”.*

A empresa, no momento de presentación de ofertas, presentou dito cronograma e non consta que realizase ningunha solicitude ao concello para a súa modificación, non sendo admisible o alegado pola empresa ao pretender que *“el Ayuntamiento realizara ningún tipo de advertencia o requerimiento durante todo el año 2024, para que se ajustase en su ejecución literalmente al calendario del Plan de Medios”.*

Unha empresa contratista non ten a facultade de modificar unilateralmente os termos dun contrato administrativo. Esta prohibición fundaméntase na natureza especial destes contratos e nas prerrogativas que a lei outorga á Administración Pública para a salvagarda do interese xeral.

A lexislación de contratos do sector público regula de maneira moi estrita cando e como se pode modificar un contrato. O artigo 204 da Lei de Contratos do Sector Público establece que as modificacións deben estar previstas nos pregos de cláusulas administrativas particulares de forma *“clara, precisa e inequívoca”.*

É crucial destacar que a redacción da norma sempre atribúe a facultade de modificar un contrato ao órgano de contratación, é dicir, ao concello. En ningún precepto concédese esta potestade á empresa contratista. Calquera modificación, incluso as previstas, deben seguir o procedemento administrativo correspondente e estar debidamente xustificadas por razóns de interese público.

Dado que a empresa carece da potestade para modificar o contrato, calquera alteración dos seus termos ou condicións que realice pola súa conta, sen a aprobación expresa e formal do Concello, non se considera unha modificación contractual válida. Pola contra, cualifícase como un incumprimento das obrigacións contractuais.

Polo tanto, considero que procede desestimar íntegramente a alegación.

2. Sobre a desproporción da penalidade prevista

A penalidade imposta considérase proporcionada, os pregos establecen que podería alcanzar até o 10% do prezo de contrato – isto é, 1.500.000,00 € - e a penalidade calculouse tomando como referencia o importe anual do contrato – 500.000,00 € -.



Concello de Vigo

Ademáis, a cláusula 36 dos pregos establecen criterios e gradación dos incumprimentos:

- “a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.*
- b) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ao seu valor económico.*
- c) A reincidencia, por ter incorrido no termo dun ano en máis dun incumprimento contractual polo que se lle impuxese unha penalidade polo órgano de contratación.*
- d) Proceder voluntariamente, antes da imposición dunha penalidade polo órgano de contratación, ao cumprimento da obriga ou deber infrinxido e a reparación do dano causado”.*

É o segundo incumprimento contractual da empresa no mesmo contrato, xa que a Xunta de Goberno Local, en sesión de 31.01.2025, impuxo unha penalidade a RYANAIR DAC, polo que existe unha reiteración de incumprimentos contractuais.

Polo tanto, considero que procede desestimar íntegramente a alegación.

Respecto ao procedemento para a imposición de penalidades, está regulado na cláusula 38 dos pregos:

“I. Órgano competente

As penalidades por incumprimento contractual ou cumprimento defectuoso, calquera que sexa a súa gravidade, imporanse pola Xunta de Goberno local.

II. Procedemento

As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato, previa audiencia do contratista, por un prazo de quince días.

Este acordo será inmediatamente executivo.

Se o incumprimento puidera conlevar á resolución do contrato, a tramitación do correspondente expediente axustarase ao disposto no artigo 213 da LCSP.

III. Pagamento das penalidades

Realizarse mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban abonarse ao contratista. Se non fose posible, sobre o importe da garantía definitiva. No seu defecto, o contratista deberá aboalas ingresando o seu importe na Caixa do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación.

Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o seu importe, esixirase o pagamento pola vía de constrinximento administrativo”.

En sentido similar pronúnciase o artigo 192 e seguintes da LCSP 2017:

“Los pliegos o el documento descriptivo podrán prever penalidades para el caso de cumplimiento defectuoso de la prestación objeto del mismo o para el supuesto de incumplimiento de los compromisos o de las condiciones especiales de ejecución del contrato que se hubiesen establecido conforme al apartado 2 del artículo 76 y al apartado 1 del artículo 202. Estas penalidades deberán ser proporcionales a la gravedad del incumplimiento y las cuantías de cada una de ellas no podrán ser superio-

res al 10 por ciento del precio del contrato, IVA excluido, ni el total de las mismas superar el 50 por cien del precio del contrato.

Cuando el contratista, por causas imputables al mismo, hubiere incumplido parcialmente la ejecución de las prestaciones definidas en el contrato, la Administración podrá optar, atendidas las circunstancias del caso, por su resolución o por la imposición de las penalidades que, para tales supuestos, se determinen en el pliego de cláusulas administrativas particulares o en el documento descriptivo”.

Respecto as contías das penalidades, en caso de incumprimentos moi graves, a cláusula 37. 2 c) as cuantifica nun máximo do 10% do prezo do contrato sen IVE, aplicando as graduacións antes referidas e recollidas na cláusula 36 PCAP.

Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban abonarse ao contratista, ou sobre a garantía definitiva, conforme ao artigo 194.2 da LCSP.

Dado que o contrato atópase vixente, considérase que antes de incautar a garantía definitiva procedería a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban abonarse ao contratista.

Dado que pola concellería de área e delegada incouse o procedemento e deuse audiencia ao contratista, e posto que o contrato foi adxudicado pola Xunta de Goberno Local considérase que é o órgano competente, a proposta do responsable do contrato, para a imposición de penalidades por cumprimento defectuoso do contrato (artigo 38. II dos pregos de cláusulas administrativas).

Velar polo cumprimento dos contratos, e o bo uso dos recursos públicos, é un principio básico da xestión pública, e unha obriga do goberno municipal; as alegacións presentadas pola empresa Ryanair DAC non desvirtúan os feitos que orixinaron a incoación inicial do procedemento, polo que deben ser desestimadas na súa totalidade.”

Á vista dos informes referidos e como xefa do servizo de Turismo, e responsable do contrato segundo a cláusula 15 da memoria xustificativa do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 24.11.2022, proponse que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar íntegramente as alegacións presentadas con rexistro de entrada núm. R20250065642 de 13.06.2025 de RYANAIR DAC.

SEGUNDO.- Impor unha penalidade á empresa RYANAIR DAC (N0072244G) do 3,333 % do prezo do contrato, que ascende a 50.000,00 €, polo incumprimento da publicación de tres Newsletters e once publicacións en RRSS, de acordo co cronograma do plan de medios, o que supón o incumprimento do obxecto do contrato consistente no incremento da chegada de turistas a cidade co fin de alcanzar a sosteni-



Concello de Vigo

bilidade turística do destino, a través da xestión da desestacionalización da demanda e da diversificación da oferta ao longo do ano.

Estes incumprimentos están tipificados como moi graves na cláusula 35. 5 K dos PCAP.

TERCEIRO.- Proceder á reclamación da cantidade acordada mediante a dedución das cantidades que deban aboarse ao contratista, en concepto de pagamento total ou parcial, conforme ao artigo 194.2 da LCSP.

CUARTO.- Notificar este acordo a Ryanair DAC e aos servizos de intervención e tesourería ao efecto da dedución da cantidade pola penalidade imposta.

O acordo esgota a vía administrativa, de conformidade co establecido no artigo 114.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra ela cabe a presentación de recurso ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a contar desde a notificación, segundo dispoñen os artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa, sen prexuízo de poder interpoñer previamente recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, de conformidade co disposto nos artigos 123 e seguintes, cos efectos desestimatorios por silencio administrativo previstos no artigo 24 da citada Lei 39/2015.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(622).- ADDENDA AO CONVENIO COA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO “PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DE VIGO” NO MARCO DO PRTR, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU. EXPTE. 8891/104.

Visto o informe xurídico de data 17/07/2025 e o informe de fiscalización do 22/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 14/07/2025, asinado pola xefa de Turismo, o xefe da Área de Investimentos e conformado pola concelleira delegada de Turismo, a concelleira da Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude, o concelleiro a Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.

Primeiro.- Que o 7 de maio de 2024 asinou un convenio de colaboración cuxo obxecto é articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de sustentabilidade turística en destino (PSTD) do Concello de Vigo, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo

de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución.

A vixencia deste convenio esténdese ata o 31 de decembro de 2025.

Segundo.- De acordo coa Estratexia de sostibilidade Turística en Destino a Comunidade Autónoma poderá prever unha prórroga do prazo de execución dos plans de sustentabilidade turística en destino, máis aló do prazo máximo de 3 anos previstos inicialmente, sempre que estea motivado. Debido á inmediatez e urxencia da finalidade de este Plan, así como á dificultade de implantación por parte das entidades beneficiarias e dos adxudicatarios para cumprir con estes obxectivos en prazo, faise necesaria a ampliación do prazo de execución para que ningunha das medidas de execución das obras e proxectos de inversión incluídos nos distintos plans de sostibilidade que recolle o plan de recuperación e resiliencia cause un prexuízo significativo.

Este horizonte temporal inicial resulta limitado, tendo en conta, por un lado, o elevado volume de fondos a mobilizar e, por outro, a dimensión e complexidade dalgúns proxectos polo que a ampliación de prazo implica tempo para reformular consideracións respecto do principio DNSH e novos pasos para garantir o cumprimento dos fitos e obxectivos correspondentes.

En reunión da Comisión Bilateral entre a Secretaría de Estado de Turismo e a Comunidade Autónoma de Galicia de 13 de setembro de 2024 faise constar que en virtude dos acordos de Conferencia Sectorial de 29/12/2023 poderanse prorrogar as solicitudes das entidades interesadas os Plans de Sostibilidade Turística en Destino ata xuño do 2026. Asímesmo, a CCAA decidirá o prazo máximo de presentación de solicitudes por parte das súas entidades locais que no caso da Comunidade Autónoma de Galicia é un prazo máximo ata o mes de maio.

A entidade beneficiaria motivada polas dificultades existentes para executar e xustificar os investimentos subvencionados na referida data límite debido ás dificultades derivadas do sistema de información de xestión do cumprimento dos fitos e obxectivos definidos no Plan de recuperación, transformación e Resiliencia; dificultade de tramitación das autorizacións sectoriais preceptivas así como pola indefinición das esixencias do programa, requiren dun tempo adicional para a súa aclaración e adaptación, polo que se solicita unha concesión de prórroga para executar axeitadamente e que non supoña un risco para o cumprimento dos fitos 220 e 221, conforme aos prazos de execución establecidos no Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo de 21 de decembro de 2021, modificado polo Acordo de 29 de decembro de 2023.

Terceiro.- Que na reunión da Comisión de Seguemento celebrada o 20 de abril de 2025 aprobose unha reprogramación das actuacións debido ás modificacións solicitadas pola entidade en base á distinta problemática que afecta ás súas actuacións, así como as necesidades de reasignación dos remanentes existentes de contratos xa adxudicados e as incorporacións dos fondos nos executados en anualidades anteriores, dentro do marco xeral de execución previsto para a execución dos plans. Ao tratarse de fondos finalistas, permítese que os fondos que non foron executados se incorporen na anualidade seguinte, dentro do período máximo de execución previsto no convenio e sempre e cando se asegure o cumprimento do Fito en prazo. A modificación consiste en actualizar o cadro inicial de actuacións previstas na cláusula terceira sen que implique cambios no resto do contido da cláusula así como a súa inclusión no anexo I.



Concello de Vigo

Cuarta.- A Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa ao análise sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia dictase en aplicación da disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, en relación coa análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, baseado nunha ferramenta informática de data mining, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España.

Quinto.- Visto o anteriormente exposto e unha vez asinado o convenio, faise necesaria a modificación do convenio asinado no relativo ás etiquetas, reprogramación de actuacións, a actualización das DACI e a autorización de prórroga.

Por estes motivos, acórdase subscribir a addenda que se rexerá polo calendario de actuación de conformidade cos fitos e obxectivos e o orzamento desagregado, por anualidades, no que unicamente se transfire os presupostos da anualidade 2024 as anualidades 2025, 2026, sen afectar ao presuposto global .

PSTD VIGO					
Eixes programáticos	Actuacións		Anualidade 2025	Anualidade 2026	Total
Eixe 1. Transición verde e sustentable	1	Incremento da superficie arborada para a mitigación do efecto illa de calor na humanización do Paseo Granada	20.000,00 €	60.000,00 €	80.000,00 €
	2	Renovación beirarrúas e espazos peonís na humanización do Paseo Granada:	330.000,00 €	20.000,00 €	350.000,00 €
	3	Creación de illas de reciclaxe para a mellora da separación de residuos e o seu posterior reciclado e valorización fomentando a economía circular.	0,00€	15.000,00 €	15.000,00 €
	4	Mellora do alumeadado público do eixe turístico comercial	40.000,00 €	160.000,00€	200.000,00 €
	5	Outras asistencia técnicas execución obras	10.000,00 €	20.000,00 €	30.000,00 €
	Total Eixe 1		400.000,00 €	275.000,00 €	375.000,00

					€
Eixe 2. Mellora da eficiencia enerxética	6	Instalación de elementos mecánicos para a mellora da accesibilidade e a transitabilidade peonil do eixe turístico Estación marítima / Monte do Castro	669.000,00 €	135.000,00 €	804.000,00 €
	Total Eixe 2		669.000,00 €	135.000,00 €	804.000,00 €
Eixe 3. Transición dixital	7	Rede de sensores para a avaliación da mobilidade e o comportamento social do eixe turístico Estación marítima / Monte do Castro	0,00 €	35.000,00 €	35.000,00 €
	8	Actividades de formación para o impulso de dixitalización de establecementos gastronómicos do eixe turístico Estación marítima / Monte do Castro.	0,00 €	36.000,00 €	36.000,00 €
	9	Subministración, instalación e configuración dunha rede de marquesiñas dixitais interactivas e accesibles	0,00 €	45.000,00 €	45.000,00 €
	10	Instalación de cartelería específica para a sinalización do eixe turístico comercial	0,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €
	Total eixe 3		0,00 €	121.000,00 €	121.000,00 €
Eixe 4. Competitividade	11	Mellora do mobiliario urbano: asentos, papelerías, etc.do eixe turístico comercial	100.000,00 €	300.000,00 €	400.000,00 €
	Total eixe 4		100.000,00 €	300.000,00 €	400.000,00 €
TOTAL			1.169.000,00 €	831.000,00 €	2.000.000,00 €



Concello de Vigo

E dacordo coas clausulas recollidas no proxecto da addenda ao convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vigo para a execución do “Plan de Sustentabilidade Turística de Vigo” no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola unión europea-nextgenerationeu anexa ao expediente, o presente convenio estenderase ata o 30 de xuño de 2026.

En base a todo o exposto e ao procedemento para xestión do Plan de sustentabilidade turística de Vigo, á vista do contido no presente informe e previo informe xurídico e da Intervención Xeral , propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente a seguinte :

PROPOSTA

PRIMEIRO.- Aprobar a addenda ao “CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DE VIGO, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATION que consta no expediente 8891-104 (trámite 4), relativo ao expediente matriz 8158-104.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ADDENDA AO CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DO “PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DE VIGO” NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E da outra, D^a Yolanda Aguiar Castro, en nome e representación do Concello de Vigo, na súa calidade de Concelleira Delegada da Área de Política Social e Turismo, Mediante Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 19 e posterior de data 28 de xuño de 2023 estableceuse o número, denominación e competencias das áreas de goberno e concellerías delegadas nas que se estrutura a administración municipal e Decreto do Alcalde de delegación de competencias específicas do Alcalde área de Goberno de Política Social e Turismo de

data 30 de xuño de 2023, establece na Concelleira Delegada da Área de Turismo entre outras, a seguinte facultade: Dirección, impulso, coordinación e supervisión das líneas estratéxicas de actuación en materia de promoción Turística e posicionamento da cidade como destino turístico. Plan de sustentabilidade turística e ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto lle confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia. Interven en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o 7 de maio de 2024 asinou un convenio de colaboración cuxo obxecto é articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de sustentabilidade turística en destino (PSTD) do Concello de Vigo, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución.

A vixencia deste convenio esténdese ata o 31 de decembro de 2025.

Segundo.- De acordo coa Estratexia de sostibilidade Turística en Destino a Comunidade Autónoma poderá prever unha prórroga do prazo de execución dos plans de sustentabilidade turística en destino, máis aló do prazo máximo de 3 anos previstos inicialmente, sempre que estea motivado. Debido á inmediatez e urxencia da finalidade de este Plan, así como á dificultade de implantación por parte das entidades beneficiarias e dos adxudicatarios para cumprir con estes obxectivos en prazo, faise necesaria a ampliación do prazo de execución para que ningunha das medidas de execución das obras e proxectos de inversión incluídos nos distintos plans de sostibilidade que recolle o plan de recuperación e resiliencia cause un prexuízo significativo.

Este horizonte temporal inicial resulta limitado, tendo en conta, por un lado, o elevado volume de fondos a mobilizar e, por outro, a dimensión e complexidade dalgúns proxectos polo que a ampliación de prazo implica tempo para reformular consideracións respecto do principio DNSH e novos pasos para garantir o cumprimento dos fitos e obxectivos correspondentes.

En reunión da Comisión Bilateral entre a Secretaría de Estado de Turismo e a Comunidade Autónoma de Galicia de 13 de setembro de 2024 faise constar que en virtude dos acordos de Conferencia Sectorial de 29/12/2023 poderanse prorrogar as solicitudes das entidades interesadas os Plans de Sostibilidade Turística en Destino ata xuño do 2026. Asímesmo, a CCAA decidirá o prazo máximo de presentación de solicitudes por parte das súas entidades locais que no caso da Comunidade Autónoma de Galicia é un prazo máximo ata o mes de maio.

A entidade beneficiaria motivada polas dificultades existentes para executar e xustificar os investimentos subvencionados na referida data límite debido ás dificultades derivadas do sistema de información de xestión do cumprimento dos fitos e obxectivos definidos no Plan de recuperación, transformación e Resiliencia; dificultade de tramitación das autorizacións sectoriais preceptivas así como pola indefinición das esixencias do programa, requiren dun tempo adicional para a súa aclaración e adaptación, polo que se solicita unha concesión de prórroga para executar axeitadamente e que non supoña un risco para o cumprimento dos fitos 220 e 221, conforme aos prazos de execución establecidos no Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo de 21 de decembro de 2021, modificado polo Acordo de 29 de decembro de 2023.



Concello de Vigo

Terceiro.- Que na reunión da Comisión de Seguemento celebrada o 20 de abril de 2025 aprobouse unha reprogramación das actuacións debido ás modificacións solicitadas pola entidade en base á distinta problemática que afecta ás súas actuacións, así como as necesidades de reasignación dos remanentes existentes de contratos xa adxudicados e as incorporacións dos fondos nos executados en anualidades anteriores, dentro do marco xeral de execución previsto para a execución dos plans. Ao tratarse de fondos finalistas, permítese que os fondos que non foron executados se incorporen na anualidade seguinte, dentro do período máximo de execución previsto no convenio e sempre e cando se asegure o cumprimento do Fito en prazo. A modificación consiste en actualizar o cadro inicial de actuacións previstas na cláusula terceira sen que implique cambios no resto do contido da cláusula así como a súa inclusión no anexo I.

Cuarta.- A Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa ao análise sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia dictase en aplicación da disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, en relación coa análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, baseado nunha ferramenta informática de data mining, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España. A presente orde establece o contido mínimo que obrigatoriamente deberán ter as Declaracións de Ausencia de Conflito de Interese (DACI). Tras a entrada en vigor desta orde faise preciso adaptar as DACI establecidas no convenio inicial ao previsto na Orde.

Quinto.- Visto o anteriormente exposto e unha vez asinado o convenio, faise necesaria a modificación do convenio asinado no relativo ás etiquetas, reprogramación de actuacións, a actualización das DACI e a autorización de prórroga.

Por estes motivos, acórdase subscribir a presente addenda que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Modifícanse as cláusulas, segunda, terceira, décima, décimo sexta e os anexos I e II, de forma que quedan redactadas do seguinte xeito:

“Segunda. Natureza

1 A relación de cooperación entre as administracións territoriais participantes articúlase mediante convenios interadministrativos asinados entre tres Administracións Públicas que pertencen á categoría dos regulados nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Esta relación resulta á súa vez coherente cos artigos 143 e 144 da LRXSP. Tal e como reza o artigo 143, as relacións de cooperación voluntaria entre as Administracións Públicas formalízanse de maneira expresa por ambas as partes a través dos acordos nos seus órganos de cooperación ou en convenios.

Pola súa banda, o artigo 144 da devandita Lei indica que os convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben.

Ademais, de acordo co disposto no artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, desenvolverase con carácter voluntario, mediante os convenios administrativos que subscriban, como o presente. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, eliminar duplicidades administrativas e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2 Esta subvención estará sometida ao Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como a normativa interna aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en España —Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, a Orde HFP/1031/2021— e, en especial a Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cuxa aplicación será de obrigado cumprimento, LEI 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, en relación coa execución orzamentaria e contable, xestión das actuacións e proxectos vinculados ao do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

3 Adecuación a etiquetas climáticas

I.- O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ten que contribuír polo menos nun 31,7% á transición ecolóxica. Para calcular esa contribución, a Unión Europea definiu un sistema de etiquetaxe común para clasificar as actividades económicas medioambientalmente sostíbeis. Esta metodoloxía recóllese no Anexo VI do Regulamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

II.- De acordo co previsto na Decisión de Execución do Consello, as actividades recollidas no PSTD contribuirán ao cumprimento dos obxectivos relacionados co cambio climático cun coeficiente climático do 100 % e a aqueles cun coeficiente climático do 40 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

III.- A medida C14.I1, submedida 2, contribúe a reforzar a transición verde e sustentable. As seguintes actuacións deste convenio, contribuirán previsiblemente as seguintes etiquetas climáticas identificadas con unha contribución a obxectivos climáticos do 100%:

Incremento da superficie arborada para a mitigación do efecto illa de calor na humanización do Paseo Granada	037
Renovación beirarrúas e espazos peonís na humanización do Paseo Granada	075



Concello de Vigo

Instalación de elementos mecánicos para a mellora da accesibilidade e a transitabilidade peonil do eixe turístico Estación Marítima/ Monte do Castro	075
--	-----

037: Medidas de adaptación ao cambio climático e prevención e xestión de riscos relacionados co clima: outros, como, por exemplo tormentas e sequías (incluídas as accións de sensibilización, a protección civil, os sistemas e infraestruturas de xestión de catástrofes e os enfoques ecosistémicos).

075: Infraestrutura para bicicletas

As seguintes actuacións, tamén do eixe 1 e 2, están identificadas con etiquetaxe climática 40%:

Creación de illas de reciclaxe para a mellora da separación de residuos e o seu posterior reciclado e valorización fomentando a economía circular	042
Mellora do alumeadado público do eixe turístico comercial	026

042: Xestión de residuos domésticos: medidas de prevención, minimización, separación, reutilización e reciclado

026: Renovación da eficiencia enerxética ou medidas de eficiencia enerxética relativas a infraestruturas públicas, proxectos de demostración e medidas de apoio

Terceira. Custo das actuacións e gastos subvencionables.

O custo das actuacións previstas no presente convenio cífrase en 2.000.000 euros, que se financiará conforme a seguinte distribución:

PSTD VIGO					
Eixes programáticos	Actuacións		Anualidade 2025	Anualidade 2026	Total
	1	Incremento da superficie arborada para a mitigación do efecto illa de calor na humanización do Paseo Granada	20.000,00 €	60.000,00 €	80.000,00 €

Eixe 1. Transición verde e sustenta- ble	2	Renovación beirarrúas e espazos peonís na humanización do Paseo Granada:	330.000,00 €	20.000,00 €	350.000,00 €
	3	Creación de illas de reciclaxe para a mellora da separación de residuos e o seu posterior reciclado e valorización fomentando a economía circular.	0,00€	15.000,00 €	15.000,00 €
	4	Mellora do alumeadado público do eixe turístico comercial	40.000,00 €	160.000,00€	200.000,00 €
	5	Outras asistencia técnicas execución obras	10.000,00 €	20.000,00 €	30.000,00 €
	Total Eixe 1		400.000,00 €	275.000,00 €	375.000,00 €
Eixe 2. Mellora da eficiencia enerxética	6	Instalación de elementos mecánicos para a mellora da accesibilidade e a transitabilidade peonil do eixe turístico Estación marítima / Monte do Castro	669.000,00 €	135.000,00 €	804.000,00 €
	Total Eixe 2		669.000,00 €	135.000,00 €	804.000,00 €
Eixe 3. Transición dixital	7	Rede de sensores para a avaliación da mobilidade e o comportamento social do eixe turístico Estación marítima / Monte do Castro	0,00 €	35.000,00 €	35.000,00 €
	8	Actividades de formación para o impulso de dixitalización de establecementos gastronómicos do eixe turístico Estación marítima / Monte do Castro.	0,00 €	36.000,00 €	36.000,00 €
	9	Subministración, instalación e configuración dunha rede de marquesiñas dixitais interactivas e accesibles	0,00 €	45.000,00 €	45.000,00 €
	10	Instalación de cartelería específica para a sinaliza-	0,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €



Concello de Vigo

		ción do eixe turístico co- mercial			
		Total eixe 3	0,00 €	121.000,00 €	121.000,00 €
Eixe 4. Competitivida- de	11	Mellora do mobiliario ur- bano: asentos, papeleiras, etc.do eixe turístico co- mercial	100.000,00 €	300.000,00 €	400.000,00 €
		Total eixe 4	100.000,00 €	300.000,00 €	400.000,00 €
TOTAL			1.169.000,00 €	831.000,00 €	2.000.000,00 €

Para garantir a execución dos proxectos e evitar a posible perda de recursos comunitarios asignados á Axencia de Turismo de Galicia, esta anticipou ó Concello de Vigo o importe co-respondente ao financiamento deste convenio. Por unha banda anticipouse a anualidade corrente e por outra o anticipo reembolsable correspondente anualidade 2025.

As condicións do anticipo reembolsable son as descritas na cláusula sétima. O importe do anticipo transferiuse ó concello de acordo ao estipulado no Convenio asinado o 7 de maio de 2024.

A achega da Axencia de Turismo de Galicia efectuouse do seguinte xeito:

O anticipo da anualidade corrente con cargo á aplicación orzamentaria 04 A2 761A 7600 CP 2022 0001 «Reforzo do Turismo Sostible», por un importe de 1.090.000,00 € conforme ao establecido polo artigo 10 do Real Decreto-Lei 25/2020, do 3 de xullo.

O anticipo da anualidade 2025 con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.821.06, proxecto 2022 00001, por un importe de 910.000,00 € para anualidade 2025.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello queda exonerada da constitución de garantía.

A entidade local autoriza á comunidade autónoma a obter de forma directa, para os efectos do presente convenio, a acreditación de que a entidade local atópase ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa seguridade social.

Calquera cambio que se realice nas accións descritas, requirira a conformidade e aprobación da Axencia de Turismo de Galicia para a súa realización.

As actuacións contidas no PSTD do Concello de Vigo financiaranse con fondos da Unión Europea- Next Generation EU polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea, establecido no Regulamento (UE) 2020/241 DO Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

Entenderanse como gastos financiados todos aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade, destínanse a alcanzar o fío 221 mediante a realización de actividades e resulten estritamente necesarios e realícense dentro do prazo establecido no presente convenio. Así mesmo considéranse custos financiados:

- a As contratacións externas de enxeñaría, seguimento e obra civil.
- b Os contratos de compra de equipos, incluíndo equipamento tecnolóxico e equipos informáticos, relacionados coas actuacións financiados
- c A adquisición de licenzas de software de carácter especializado e destinado exclusivamente á actuación e que posibilite a utilización adecuada do equipamento adquirido.
- d As contratacións externas de consultoría, que leven a cabo dentro da actuación obxecto da subvención como parte da mesma. Os estudos de viabilidade e de enxeñaría de detalle serán subvencionados sempre que sexan necesarios para a realización da actuación. Poderán realizarse con anterioridade á data de elixibilidade, pero nese caso, o seu custo non sería elixible.
- e As contratacións externas para traballos de asesoramento legal, notaría, asesoramento técnico ou financeiro contabilidade ou auditoría, se están directamente ligados ao proxecto e son necesarios para a súa preparación ou desenvolvemento, a condición de que fosen contemplados no orzamento.

Segundo o artigo 31.8 de la *Lei 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones*, os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os abona efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionados os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Así mesmo, non se considerarán custos financiados:

- Autorizacións administrativas, licenzas, permisos, custo de avais e/ou fianzas e multas.
- Calquera gastos asociados a xestións, contratacións, consultas ou trámites administrativos, aínda sendo necesarios para a obtención de permisos ou licenzas.
- Seguros subscritos polo solicitante.
- A vixilancia e seguridade durante a execución da obra ata a data de posta en marcha.
- Calquera custos financeiros.
- Custos asociados a sancións penais, así como gastos de procedementos xudiciais.
- Licenzas destinadas a sistemas operativos e aplicacións ofimáticas.
- Calquera gasto de operación e mantemento das actuacións ou gastos propios da administración

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa.

Os gastos subvencionados comprenden, en todo caso, os efectuados en relación ao PSTD realizados pola entidade beneficiaria desde o 1 de xaneiro de 2023.



Concello de Vigo

Décima.- Prazo e forma de xustificación.

1 O Concello de Vigo finalizará a execución e presentará a documentación xustificativa ante a Axencia de Turismo de Galicia como data límite o 31 de maio de 2026 e presentará unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas e unha memoria económica, tendo en conta as singularidades establecidas no artigo 63 da Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, que conterá a seguinte documentación:

1.a Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

1.b Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. No caso de que a axuda outórguese conforme un orzamento, indicaranse as desviacións acaecidas.

1.c As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e, no seu caso, a documentación acreditativa do pago.

1.d Os tres presupostos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, deba solicitar o beneficiario.

1.e Certificado expedido polo Interventor, acreditativo da aplicación á súa finalidade dos fondos percibidos e o detalle dos pagos efectuados correspondentes ás actuacións subvencionadas obxecto da subvención.

1.f Certificado emitido polo Concello que acredite a realización da actividade e o cumprimento da finalidade, así como do informe emitido pola Intervención

1.g Documento acreditativo sobre as medidas de difusión adoptadas para xeral coñecemento do financiamento polo Estado no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia das actuacións obxecto da subvención.

1.h Documentos de declaracións responsables, atendendo ás disposicións normativas sobre o sistema de xestión e de información establecidas na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro.

2 Deberá conservar toda a documentación orixinal, xustificativa e de aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

3 Así mesmo, a entidade local deberá presentar calquera outros informes ou documentos xustificativos que de acordo coa normativa europea ou nacional resulten esixibles no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

4 A Axencia de Turismo de Galicia comprobará a documentación achegada e poderá solicitar a achega adicional doutros documentos ou datos aclaratorios que estime necesarios ou no seu caso, se fose preciso, do correspondente procedemento de reintegro dos importes non utilizados.

5 A fin de cumprir co previsto no Fito 220 recollido na Decisión de Execución do Consello, as Comisións de Seguimento aseguraranse de que todos os destinos beneficiarios logren como mínimo as seguintes porcentaxes de execución de cada Plan de Sustentabilidade Turística.

- Execución do 50 % no caso dos destinos adxudicados en 2021.
- Execución do 30 % no caso dos destinos adxudicados en 2022.
- Execución do 15 % no caso dos destinos adxudicados en 2023.

Por outra banda, en virtude do disposto no Fito 221, a finalización de todos os proxectos incluídos nos PSTD e adxudicados en consonancia cos obxectivos 217, 218 e 219, o 35 % de cuxos fondos se destinarán a financiar medidas que aborden a transición verde, a sustentabilidade e a eficiencia enerxética/ electromovibilidade nos destinos, de conformidade coa Guía técnica sobre a aplicación de principio de DNSH, mediante o uso dunha lista de exclusións e o requisito de cumprimento da lexislación ambiental pertinente da UE e nacional. Produci-

rase a devolución anticipada do anticipo reembolsable xunto cos intereses de demora, nos seguintes casos:

- Se se cancelase total ou parcialmente o proxecto por causas imputables aos beneficiarios ou aos seus contratistas/subcontratistas.
- Se se producise a resolución do presente convenio.
- Cando non se presentou da documentación xustificativa nos prazos indicados, ou esta non fose correcta.

Decima sexta.-Vixencia.

1.- O presente convenio estenderase ata o 30 de xuño de 2026

ANEXO I

Actuacións, o calendario de actuación de conformidade cos fitos e obxectivos e o orzamento desagregado, por anualidades.

PSTD VIGO					
Eixes progra- máticos	Actuacións		Anualidade 2025	Anualidade 2026	Total
Eixe 1. Transición verde e sustentable	1	Incremento da superficie arborada para a mitigación do efecto illa de calor na humanización do Paseo Granada	20.000,00 €	60.000,00 €	80.000,00 €
	2	Renovación beirarrúas e espazos peonís na humanización do Paseo Granada:	330.000,00 €	20.000,00 €	350.000,00 €
	3	Creación de illas de reciclaxe para a mellora da separación de residuos e o seu posterior reciclado e valorización fomentando a economía circular.	0,00€	15.000,00 €	15.000,00 €
	4	Mellora do alumeadado público do eixe turístico comercial	40.000,00 €	160.000,00€	200.000,00 €
	5	Outras asistencia técnicas execución obras	10.000,00 €	20.000,00 €	30.000,00 €
	Total Eixe 1		400.000,00 €	275.000,00 €	375.000,00 €
		Instalación de elementos mecánicos para a			



Concello de Vigo

Eixe 2. Mellora da eficiencia enerxética	6	mellora da accesibilidade e a transitabilidade peonil do eixe turístico Estación marítima / Monte do Castro	669.000,00 €	135.000,00 €	804.000,00 €
	Total Eixe 2		669.000,00 €	135.000,00 €	804.000,00 €
Eixe 3. Transición dixital	7	Rede de sensores para a avaliación da mobilidade e o comportamento social do eixe turístico Estación marítima / Monte do Castro	0,00 €	35.000,00 €	35.000,00 €
	8	Actividades de formación para o impulso de dixitalización de establecementos gastronómicos do eixe turístico Estación marítima / Monte do Castro.	0,00 €	36.000,00 €	36.000,00 €
	9	Subministración, instalación e configuración dunha rede de marquesiñas dixitais interactivas e accesibles	0,00 €	45.000,00 €	45.000,00 €
	10	Instalación de cartelería específica para a sinalización do eixe turístico comercial	0,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €
	Total eixe 3		0,00 €	121.000,00 €	121.000,00 €
Eixe 4. Competitividade	11	Mellora do mobiliario urbano: asentos, papeleiras, etc.do eixe turístico comercial	100.000,00 €	300.000,00 €	400.000,00 €
	Total eixe 4		100.000,00 €	300.000,00 €	400.000,00 €
TOTAL			1.169.000,00 €	831.000,00 €	2.000.000,00 €

ANEXO II

Modelos de declaración

D. Declaración responsable do cumprimento do principio de non causar dano significativo aos seis obxectivos ambientais no sentido do artigo 17 do regulamento (UE) 2020/852, do 18 de xuño (principio do no significant harm - dnsh)

Información sobre a actuación no plan de recuperación Identificación da actuación
Compoñente do PRTR ao que pertence a actividade

Compoñente 14. Modernización e competitividade do sector turístico

Medida (reforma ou investimento) do compoñente PRTR ao que pertence a actividade, indicando no seu caso, a submedida

Investimento 1: transformación do modelo turístico cara a sustentabilidade Submedida 2: plans de sustentabilidade turística

Etiquetaxe climática e ambiental asignado á medida (reforma ou investimento) ou, no seu caso, á submedida do PRTR (anexo VI, regulamento 2021/241)

As seguintes actuacións deste convenio, encadradas tanto no eixe 1 como 2, están identificadas con etiquetaxe climática 100%:

Incremento da superficie arborada para a mitigación do efecto illa de calor na humanización do Paseo Granada	037
Renovación beirarrúas y espazos peonís na humanización do Paseo Granada	075
Instalación de elementos mecánicos para a mellora da accesibilidade e a transitabilidade peonil do eixe turístico Estación Marítima/ Monte do Castro	075

As seguintes actuacións perseguen un recoñecemento da súa contribución a obxectivos climáticos do 40%:

Creación de illas de reciclaxe para a mellora da separación de residuos e o seu posterior reciclado e valorización fomentando a economía circular	042
Mellora do alumado público do eixe turístico comercial	026

Datos da persoa solicitante Nome/razón social Primeiro apelido

Segundo apelido Nif

E, na súa representación (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

Nome

Primeiro apelido Segundo apelido Nif

A persoa solicitante ou representante declara:

Que presentou solicitude á actuación arriba indicada para o proxecto denominado: E este cumpre o seguinte:

A As actividades que se desenvolven nel non ocasionan un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais, segundo o artigo 17 do regulamento (UE) 2020/852 relativo ao establecemento de un marco para facilitar os investimentos sustentables mediante a implantación de un sistema de clasificación (ou «taxonomía») das actividades económicas medioambientalmente sustentables:

A.1 Mitigación do cambio climático.

A.2 Adaptación ao cambio climático.

A.3 Uso sustentable e protección de os recursos hídricos e mariños.

A.4 Economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos.

A.5 Prevención e control da contaminación a atmosfera, a auga ou o chan.

A.6 Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas.

B As actividades adecúanse, no seu caso, ás características e condicións fixadas para a medida e submedida do compoñente e reflectidas no plan de recuperación, transformación e resiliencia, e para o caso de actuacións que impliquen rehabilitación, equipamentos, Infraestruturas, o establecido na cláusula sexta.

Destacando:

1 a redución do consumo de enerxía primaria non renovable.

2 A mellora da adaptación dos destinos turísticos e as empresas que as conforman ás estratexias de economía circular, a redución do consumo de recursos hídricos e a protección dos recursos naturais, en especial os mariños.

3 Diminuír a presión da actividade turística sobre o territorio sobre a base da sustentabilidade.

C As actividades que se desenvolven no proxecto cumprirán a normativa ambiental vixente que resulte de aplicación.

Entre outras:

- Directiva (UE) 2018/844 relativa á eficacia enerxética dos edificios
- Lei 21/2013 de avaliación de impacto ambiental

D As actividades que se desenvolven non están excluídas para o seu financiamento polo Plan conforme a Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia (2021/C 58/01) 2 , á proposta de Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España e ao seu correspondente anexo.

As actividades excluídas son:

D.1 Construción de refinerías de cru, centrais térmicas de carbón e proxectos que impliquen a extracción de petróleo ou gas natural, debido ao prexuízo ao obxectivo de mitigación do cambio climático.

D.2 Actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a súa utilización ulterior, excepto os proxectos relacionados coa xeración de electricidade e/ou calor utilizando gas natural, así como coa infraestrutura de transporte e distribución conexas, que cumpran as condicións establecidas no Anexo III da guía técnica da Comisión Europea.

D.3 Actividades e activos no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes. Cando se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro provocadas pola actividade subvencionada non van ser significativamente inferiores aos parámetros de referencia, deberá facilitarse unha explicación motivada respecto diso.

D.4 Compensación dos custos indirectos do RCDE.

D.5 Actividades relacionadas con entulleiras de residuos e incineradoras, esta exclusión non se aplica ás accións en plantas dedicadas exclusivamente ao tratamento de residuos perigosos non reciclables, nin nas plantas existentes, cando as ditas accións teñan por obxecto aumentar a eficiencia enerxética, capturar os gases de escape para o seu almacenamento ou utilización, ou recuperar materiais das cinzas de incineración, sempre que tales accións non impliquen un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou unha prolongación da súa vida útil; estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.

D.6 Actividades relacionadas con plantas de tratamento mecánico-biolóxico, esta exclusión non se aplica ás accións en plantas de tratamento mecánico-biolóxico existentes, cando as ditas accións teñan por obxecto aumentar a súa eficiencia enerxética ou o seu reacondicionamento para operacións de reciclaxe de residuos separados, como a compostaxe e a dixestión anaerobia de biorresíduos, sempre que tales accións non impliquen un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou unha prolongación da súa vida útil; estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.

D.7 Actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao medio ambiente.

E As actividades que se desenvolven non causan efectos directos sobre o medio ambiente, nin efectos indirectos primarios en todo o seu ciclo de vida, entendendo como tales aqueles que puidesen materializarse tras a súa finalización, unha vez realizada a actividade.

O incumprimento dalgún dos requisitos establecidos na presente declaración dará lugar á obrigação de devolver as cantidades percibidas e os xuros de demora correspondentes.

Sinatura da persoa solicitante ou representante Lugar e data

Segunda. Publicidade e rexistro da addenda. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.



Concello de Vigo

Asemade procederáse a inscrición da addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura da presente addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas nesta.

Terceira. Condicións

Esta addenda rexeráse polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

Lida polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado nesta addenda, asínana na data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia de Turismo de Galicia
O director

José Manuel Merelles Remy

Polo Concello de Vigo
A concelleira

Yolanda Aguiar Castro

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- Expediente de contratación do servizo do programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria “Camiña con nós pola igualdade”. Expte. 13657/224.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

19(623).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO PROGRAMA COEDUCATIVO DIRIXIDO A PROMOVER A CULTURA DA IGUALDADE E FOMENTAR A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DE EDUCACIÓN PRIMARIA “CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE”. EXPTE. 13657/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e informe de fiscalización de data 07/08/2026, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa de Igualdade e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O obxecto deste contrato consiste en xestionar e executar o “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade”.

O programa “CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE” é un programa coeducativo dirixido ao alumnado dos centros de educación infantil e primaria da cidade. Ofrece unha programación permanente en cada centro, desenvolvendo obradoiros temáticos desde a perspectiva de xénero, empregando una metodoloxía lúdica e específica para cada franxa de idade, co obxecto de poñer en acción una estratexia a medio e longo prazo dirixida a reflexionar e promover a igualdade entre sexos partindo desde unha etapa evolutiva na que se conforman as identidades de xénero.

Estes obradoiros están dirixidos ao alumnado de educación infantil e primaria, preferentemente os últimos cursos de cada ciclo. Lévanse a cabo en horario lectivo, nas aulas dos centros escolares, coa presenza do profesorado titor e adaptándose ás necesidades da súa comunidade educativa.

Os obradoiros terán unha duración estimada de 50 minutos para educación infantil e primeiro e segundo ciclo de educación primaria, e de 90 minutos para o último ciclo de primaria.

Calcúlase a prestación de 600 horas de prestación de talleres por curso escolar.

Os seu obxectivo xera pretende:

- . Fomentar a educación en igualdade de oportunidades entre as nenas e os nenos desde a comunidade educativa, para promover a coeducación e previr a violencia de xénero nas aulas, fomentando no alumnado unha visión máis crítica fronte as desigualdades de xénero aínda vixentes na sociedade actual.

En data do 1 de abril de 2025, a xefa do servizo de Igualdade asina o informe sobre a necesidade e idoneidade para a contratación do “Programa coeducativo dirixido a promover



Concello de Vigo

a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade”, conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio. En cumprimento do establecido nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en data 1 de abril de 2025 resólvese o inicio do expediente de contratación pola concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, no uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación: art. 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril; Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: Resolución de Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023, (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias (2023-2027) de data 28/06/24 (BOPPO núm. 134 de 10 de xullo de 2024), Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade de data 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024) e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025 de modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os (BOPPO núm. 115 do 18 de xuño de 2025).

No expediente consta a seguinte documentación:

- Informe sobre a necesidade e idoneidade e orde de inicio do procedemento aberto do contrato de servizos do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade” asinado o 1 de abril de 2025 pola xefa do Servizo de Igualdade, pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade. Firmado en data 2 de abril de 2025 polo Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda e pola secretaria de Goberno Local.
- Memoria económica asinada o 18 de xuño de 2025 pola xefa do Servizo de Igualdade; conformada na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e en data 19 de xuño de 2025 polo Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda.
- Certificados de retencións de crédito de data 20 de xuño de 2025 (operacións RC n.º 12025000082033 e RC_FUT nº 12025000082034).
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas asinada o 16 de xullo de 2025 sobre o cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso das licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia.

- Prego de prescricións técnicas particulares asinado o 16 de xullo de 2025 pola xefa do Servizo de Igualdade conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Memoria xustificativa asinada o 16 de xullo de 2025 pola xefa do Servizo de Igualdade, e conformada na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Informe favorable do Servizo de Contratación sobre o a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado o 17 de xullo 2025 pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 7 de agosto de 2025 pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos.

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración de nove meses, período que comprende un curso escolar: desde o 1 de outubro de 2025 ata o 30 de xuño de 2026. Por isto, calcúlase que o período contractual comprenderá un máximo de 600 horas para a impartición de talleres, resultando un prezo unitario máximo de 66 €/hora.

O período de execución desexable sería desde o día 1 de outubro de 2025 ata o 30 de xuño de 2026. Non se contemplan prórrogas.

Segundo se motiva na memoria económica, o importe do prezo do contrato é de 39.605,00 €. Actividade exenta de IVE conforme co artigo 20.9 da Lei 37/1992.

Orzamento base de licitación = 39.605,00 €

Total valor estimado = 39.605,00 €

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da aplicación orzamentaria “Plan municipal de Igualdade” 2311 2279906 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio 2026.

Exercicio 2025 (1/3 das horas máximas do contrato): 13.201,67 €

Exercicio 2026 (2/3 das horas máximas do contrato): 26.403,33 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.



Concello de Vigo

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, especificamente nos artigos relacionados co procedemento aberto que rexerán esta contratación.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 9/2017.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP) que, nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nas concelleiras e concelleiros delegados de Área. Resolución de Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023, (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias (2023-2027) de data 28/06/24 (BOPPO núm. 134 de 10 de xullo de 2024), Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade de data 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024) e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025 de modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os (BOPPO núm. 115 do 18 de xuño de 2025).

2.- O expediente refírese á totalidade obxecto do contrato e nel constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexeran o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

3.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente, a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

4.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 LCSP.

5.- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2025, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante.

6.- Na memoria económica xustifícase o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo. 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP) así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira); a elección do procedemento aberto e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

7.- De conformidade coa disposición adicional terceira apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

8.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Constan no expediente certificados de retención de crédito (operacións RC n.º 12025000082033 e RC_FUT nº 12025000082034) de data 20 de xuño de 2025. O informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

9.- A competencia para a resolución deste expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP).

Polo exposto, e previo informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, que adopte o seguinte

ACORDO:

1.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade”.

2.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado en data 07.08.2025 pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

3.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa do Servizo de Igualdade o 16 de xullo de 2025, e conformado na mesma data pola concelleira delegada de



Concello de Vigo

Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.

4.- Autorizar o gasto por importe total de 39.605,00 € para facer fronte á contratación da xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade”, que se imputará con cargo ao orzamento do Servizo de Igualdade distribuído do seguinte xeito: o importe de 13.201,67 €, con cargo á partida “*Plan municipal de Igualdade*” 2311 2279906 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade e o importe de 26.403,33 €, cargo á partida “*Plan municipal de Igualdade*” 2311 2279906 do orzamento futuro do Servizo de Igualdade, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento municipal do exercicio 2026.

5.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(624).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

PSD/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez